



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe de
Centieiras

R/Centieiras, s/n - Parloia
15500 Fene - A Coruña
Tel. 881 930 154
caip.ascentieiras@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/caipcentieiras>

galicia



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. Introducción
2. Memoria de ciclo de educación infantil
3. Memoria anual do 1º ciclo de educación primaria
4. Memoria anual do 2º ciclo de educación primaria
5. Memoria anual do 3º ciclo de educación primaria
6. Memoria anual de educación física
7. Memoria anual de lingua inglesa
8. Memoria anual de música
9. Memoria anual de relixión e moral católica
10. Memoria anual de pedagogía terapéutica
11. Memoria anual de audición e linguaxe
12. Memoria do departamento de orientación
13. Memoria anual do equipo de actividades complementarias e extraescolares
14. Memoria anual do equipo TICS
15. Memoria anual do equipo de dinamización da lingua galega
16. Memoria anual de plurilingüismo e Erasmus+
17. Memoria anual do equipo de biblioteca
18. Memoria anual Contratos Programa 2021-2022
19. Aprobación en claustro e consello escolar

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

1. Introducción

A memoria de final de curso que presentamos a continuación é o documento que reflicte o traballo realizado no noso centro durante o curso escolar 2021-2022, tendo como referencia a Programación Xeral Anual elaborada ao principio do mesmo.

Nesta liña e tendo en conta os obxectivos establecidos en dita PXA, facemos a seguintes reflexións en relación aos obxectivos establecidos nela:

Revisión das programacións didácticas

As programacións didácticas de cada nivel foron entregadas a Inspección educativa a principios do mes de outubro coas modificacións pertinentes relativas ao plan Covid-19.

Continuación co PFPP con cinco liñas:

- **Biblioteca escolar**
- **Convivencia escolar e clima da aula**
- **Plan Dixital de centro**
- **Internacionalización dos centros educativos**
- **Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial**

Das cinco liñas, resaltamos as seguintes actividades :

- Biblioteca e innovación. Proxectos tecnolóxicos
 - Biblioteca escolar
 - Robótica educativa
 - Proxectos documentais integrados
- CPINNOVA EDUinnova

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Ambientes de aprendizaxe
- Metodoloxías activas
- CPINNOVA EDUsaúde
 - Hábitos de vida saudable
 - Convivencia e dinámicas de cohesión
- Internacionalización do centro educativo
 - O proceso de adquisición da lingua estranxeira
 - Realidades europeas na aula
 - Actividades asociadas ás mobilidades: curso STEM (Turquía) e curso de inclusión educativa (Irlanda)
- A familia como motor de cambio
 - Canles de comunicación e participación
 - Construción conxunta de modelos educativos
- Elaboración de recursos educativos no marco do programa E-Dixgal
 - Recursos asociados ao proxecto E-Dixgal
 - Utilización de recursos asociados a metodoloxías activas
 - Creación de recursos e materiais didácticos
- Análise da competencia dixital do centro e elaboración do plan dixital
 - Marcos da competencia dixital
 - Ferramentas de diagnose e avaliación: SELFIE e Test CDD Análise DAFO
 - Plan de acción: deseño de obxectivos, actuacións e métodos de avaliación e difusión
- Plan de mellora

Revisión do Plan de Acción Titorial

O Plan de Acción Titorial (PAT) non foi revisado debido á carga de traballo derivada da aplicación do Plan Covid e a redacción do Plan Dixital.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Creación do Plan Dixital centro

Durante todo o curso e a través de formacións e reunións periódicas o equipo TICS do centro elaborou o plan Dixital que foi presentado e aprobado en Claustro e Consello escolar o 28 de xuño de 2022 e publicado na web do centro.

Revisión do Plan de Autoprotección

Este ano quedou pendente a revisión do Plan de Autoprotección xunto co Protección Civil Fene, quedando pendente para a primeira metade do mes de outubro de 2022.

Dinamización dos recreos e mellora dos patios de educación infantil e primaria

Seguindo a planificación dos contratos programa EDU-saúde e Convíve-T, realizáronse accións de dinamización dos patios e dos espazos comúns do interior do centro que sí se podían usar tendo en conta as restricións do Plan Covid: caixas de materiais por zonas e faladoiros para os cales se adquiriu material e mobiliario.

Utilización da radio escolar para dar a coñecer diversas actividades realizadas no centro

De maneira mensual colaboramos con Radio Fene para realizar programas duns 10min de duración onde contabamos a actualidade do centro e facíanse recomendacións musicais e lectoras.

Actualización da páxina web do centro

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

A web do centro foi actualizada con información administrativa, proxectos de centro e actividades salientables de cada curso escolar. A publicación de actividades por niveis regulouse e é unha moi boa ferramenta para facer un seguimento das actividades complementarias e escolares realizadas así como do PDI e as propostas de innovación pedagóxica.

Solicitar a participación da ANPA en conmemoracións realizadas ao longo do curso escolar

A ANPA do centro colaborou activamente na decoración do centro nas diferentes conmemoracións que se celebraron ao longo do curso e na organización de diferentes actividades como a chegada de Papá Noel, os Reis Magos e do Apalpador a Centieiras e as actividades de fin de curso así como a decoración do centro en cada unha das conmemoracións.

Dinamización da biblioteca do centro en relación aos obxectivos sinalados no PLAMBE

Desde o equipo de biblioteca e grazas á participación de todo o claustro leváronse a cabo todas as actividades planificadas a principio de curso seguindo as liñas prioritarias establecidas no PLAMBE.

Impulsar a idea de centro a través da organización dun Proxecto Documental Integrado

A través de todo o equipo docente o alumnado participou activamente nas actividades organizadas en torno ao PDI "Pingas científicas" relacionadas coa temática Q10 científica do proxecto.

Promoción de hábitos de vida saudable

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Durante este curso estivemos inmersos no Contrato Programa EDUsaúde relacionado coa actividade física e a promoción de estilos de vida saudables cos que se promocionaron a nivel de centro hábitos de vida saudables incluíndo as actividades de activación ao principio da mañá, actividades de relaxación ao volver do recreo, a milla diaria e as parvas saudables.

Mellorar a convivencia escolar no centro

Grazas ao Contrato Programa Convíve-T de maneira transversal se traballaron actividades de cohesión e xestión da convivencia nas aulas e no patio e a creación de espazos de entendemento e de resolución de problemas. Queda pendente a aplicación das medidas propostas a partir da moilidade Erasmus+ de dúas mestras a Limerick de xestión e resolución de problemas.

Mellorar a competencia dixital

Este foi o segundo ano no que se implantou E-Dixgal no centro cun resultado moi satisfactorio. Ademais impulsouse a formación contínua respecto ás aulas virtuais con formación para o profesorado e implementación na actividade diaria das aulas. Por último, a materia de libre configuración para 4ºEP "Iniciación a o tratamento da información", "Robótica" en 6ºEP e as actividades impulsadas dende a biblioteca co programa "biblioteca creativa" supuxeron a utilización de robots didácticos nas aulas dunha forma transversal e integradora.

No referente ao proxecto de plurilingüismo do centro, durante este curso escolar contamos cunha auxiliar de conversa a tempo completo (16h), o cal

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

influíu positivamente no desenvolvemento da competencia comunicativa en lingua inglesa e na adquisición de habilidades lingüísticas por parte do noso alumnado.

No que se refire á convivencia entre o equipo docente do centro, debemos indicar que o clima de traballo foi positivo, existindo unha boa colaboración de todo o profesorado nas actividades e proxectos levados a cabo ao longo do ano. Este elemento foi primordial para afrontar as modificacións e problemas no día a día derivados da situación de pandemia e de implementación do Plan Covid-19, o cal supuxo un aumento de horas lectivas para o profesorado, a organización didáctica e de espazos tendo en conta as medidas sanitarias e o incremento de traballo fóra das horas lectivas polos confinamentos domiciliarios e a necesidade de impartir docencia de maneira presencial e telemática ao mesmo tempo. O profesorado do centro exerceu a súa labor de maneira excepcional e por iso dende o equipo directivo necesitamos agradecer profundamente o traballo realizado durante este curso 2021/2022.

A relación coas familias do centro non puido ser tan directa e presencial coma outros anos pero si a sentimos cercana, xa que a súa implicación nas actividades propostas dende o centro e o contacto virtual nos dous primeiros trimestres e a apertura gradual das medidas sanitarias no terceiro trimestre (entrada de familias no centro, a non obriga de levar mascarilla no exterior e despois no interior...) serviron para non perder a colaboración tan necesaria para este centro, que integra no seu proxecto educativo a relación co entorno como un dos seus eixes principais.

Por último, gustaríanos destacar que, aínda que os recursos dos que dispón o centro foron ben aproveitados e a organización A2 das aulas axeitouse ás necesidades do colexio e do alumnado, seguimos carecendo de ascensor que facilite a integración de persoas con problemas de mobilidade. Aínda que o proxecto deste xa foi realizado por parte da Xefatura Territorial da Coruña e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

está á espera de implementación, á data de este documento non temos noticias de que se vaia colocar este ano. O servizo de ascensor é básico nun centro educativo en 2022. Ademáis, necesitamos un espazo interdisciplinar ou STEAM no que levara cabo proxectos e así transformar metodolóxicamente o centro, polo que de cara ó próximo curso solicitaremos a inclusión do centro no programa Polos Creativos. Así mesmo, o exterior do centro presenta moitos problemas de conservación e de espazos que non cumpren a normativa de seguridade tales como o firme do patio ou os columpios do centro. O patio cuberto está en malas condicións e escurece a biblioteca impedindo que esta teña luz natural.

Respecto das obras de mantemento do centro seguimos a arrastrar deficiencias moi importantes nas instalacións e de arranxo sinxelo solicitadas de maneira reiterada ao concello ao longo deste ano:

- Pintado das columnas do patio exterior do centro
- Pintado da segunda fase da cuberta do patio cuberto (aclerar o espazo)
- Arranxo da maia de peche do centro (oxidada, zonas que supoñen un perigo)
- Arranxo do pavimento do centro (gretas, desniveis, roturas de material...)
- Arranxo da instalación defectuosa da caída de augas fecais do baño de educación infantil (está conectado á baixante de augas pluviais do tellado)
- Recheo da pista de area (pendente do ano pasado)
- Reparación dos portais de entrada ao centro pola rúa Alta
- Colocación dun timbre no portal da rúa Alta
- Pintado das tres aulas de titoría e das tres aulas de especialidades que están pendentes
- Pintado dos pasillos da planta baixa, primeiro e segundo andar



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Arranxo das persianas rotas nas aulas de 5ºA, 5ºB e 6ºEP
- Arranxo do cristal roto da aula de 1ºEP
- Arranxo do lavabo das nenas do segundo andar
- Colocación de pulsadores nas cisternas de educación infantil (non son capaces de tirar da cadea existente)
- Colocación de enchufes nas aulas
- Colocación de interruptores da luz na aula de manualidades e na aula de informática

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

2. Memoria de ciclo de educación infantil

2.1. ALUMNADO E PROFESORADO.

2.1.1 Alumnado

Durante o curso 2021-2022 o 2º ciclo de Ed. Infantil estivo constituído por 18 alumnos/as de 4º de Ed. Infantil, 16 alumnos/as de 5º de Ed. Infantil e 12 alumnas/os de 6º de Ed. Infantil.

De todos eles/as, durante este curso escolar, recibiron apoio por parte da mestra de Audición e Linguaxe dous nenos de 5º de Ed. Infantil e dous nenos de 6º de Educación Infantil.

Con respecto á mestra especialista de PT atendeu a dous nenos de 5º de Ed. Infantil e dous nenos de 6º de Ed. Infantil.

2.1.2 Profesorado

Durante todo o curso o ciclo estivo constituído por catro mestras definitivas; tres delas responsables das titorías Teresa Carpente, Beatriz Gamallo e Josefina Herreros e unha de apoio Silvia Filgueira.

Asemade o equipo docente deste ciclo incluíu aos especialistas en inglés, educación musical, educación física e relixión católica. De igual forma, contouse coa estreita colaboración do Departamento de Orientación e das mestras de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica para a atención do alumnado.

Cabe destacar, que este curso por mor da implantación do Protocolo da situación covid, a mestra de Audición e Linguaxe non puido atender ao

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

alumnado de 6º de Ed. Infantil para desenvolver o Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) como ten feito os cursos pasados e tamén por non ter horario.

No que se refire á coordinación docente, sinalar que ao longo do curso leváronse a cabo reunións periódicas entre o profesorado do ciclo e do equipo docente así como entre os diferentes equipos de traballo.

Xa por último, no referente aos apoios, destacar que estes foron repartidos de maneira consensuada tendo en conta tanto o número de alumnado como as necesidades específicas de cada aula en cada momento.

2.2. OBXECTIVOS E CONTIDOS

Os obxectivos marcados na programación ao inicio de curso nos tres niveis educativos do ciclo, desenvolvéronse satisfactoriamente nos tres trimestres. Así mesmo, os contidos referidos ás tres áreas do coñecemento contempladas no currículo de Ed. Infantil incluíronse nas Unidades Didácticas ou Proxectos encamiñadas á consecución das competencias clave establecidas para este ciclo educativo.

As tres grandes áreas traballadas en Ed. Infantil foron:

A) Coñecemento de si mesmo e Autonomía Persoal. O obxectivo principal foi procurar que o alumnado coñecese global e segmentariamente o seu corpo ademais de traballar a coordinación e o control dinámico do mesmo. Todo o traballo realizado nesta área quedou especialmente reflectido a través das diferentes actividades feitas no abeiro dos proxectos desenvolto.

Neste punto é salientable a importancia da Educación Física e a psicomotricidade, non só como a materia máis directa de cara á saúde e ao benestar físico, senón que é nesta área onde mellor se aprende e observa a

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

aceptación de normas e regras de xogo, ademais do respecto e cooperación cos outros. Tanto os xogos populares como a educación musical, xunto cos contidos propios da materia, fomentan a participación.

B) Coñecemento do contorno. Profundizouse no progresivo coñecemento da contorna inmediata do alumnado tendo tamén en conta ámbitos máis afastados ligados aos seus intereses.

Este ano saímos ao Museo do Humor, á Casa da Cultura, praza do Concello en diferentes ocasións e unha ruta sinxela e didáctica con recollida de elementos do outono na nosa contorna. Parécenos moi importante que o noso alumnado coñeza o seu Concello e pensamos que en anos posteriores temos que seguir acercándolles diferentes lugares interesantes da nosa localidade.

Nesta mesma liña, durante todo o curso desenvolveuse nas aulas de Ed. Infantil unha actividade denominada: “Coidamos as plantas”. Nela un neno ou nena de cada clase traía a aula unha planta da casa con información sobre ela: nome, especie, coidados... Durante un trimestre esa planta permanecía na clase para coidala e realizar diversos traballos directamente relacionados con este ser vivo.

Con estas actividades conseguimos: acercar traballos que grande parte do noso alumnado descoñece ao vivir nun medio urbano; coñecer o ciclo das plantas; potenciar o esforzo, a espera e a paciencia; desenvolver valores asociados ao respecto, ao medio ambiente e ao traballo en equipo.

C) Linguaxes: comunicación e representación. Fomentáronse as distintas formas de comunicación e representación: verbal, matemática, xestual, musical, plástica e audiovisual. Tamén se iniciaron na linguaxe escrita, sempre respectando ritmos e tempos.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Consideramos a importancia de traballar a lectoescritura a través do construtivismo, partindo en 3 anos do seu nome e en cursos posteriores fomentando sempre a lectoescritura como algo natural e como expresión do que ven, do que investigan, dos proxectos que se levan a cabo... Deste xeito o alumnado ten unha maior motivación cara o aprendizaxe da lectoescritura.

Dentro deste ámbito da lectura é de salientar que cada nivel adicaba dúas horas quincenal ao uso e préstamos de libros da biblioteca do centro.

Asemade cada nena ou neno levou ao longo do curso a “Mochila viaxeira” preparada polo Equipo de Biblioteca con libros e material audiovisual axeitados á idade do alumnado correspondente. Participamos tamén diariamente na “Hora de ler” que no ciclo de Educación Infantil desenvolveuse de 11,30 a 12,00h.

Este curso, debido ao Protocolo Covid, tivemos que suspender os apadriñamentos e amadriñamentos lectores. Retomamos o programa “Contos de boca” que tiñamos cancelados por mor da Covid, que consiste en que a cada unha das clases de infantil, un familiar dos nenos/as ven a contarlles un conto..

Tamén contouse co programa “CÓNTOCHE DA MIÑA AVOA E DO MEU AVÓ?”, proposto polo EDLG, co visionado mensual de vídeos protagonizados por alumnado de todo o centro.

É preciso mencionar nesta área, a lingua inglesa, que de forma motivadora, a través de xogos e cancións, introducen aos nenos e nenas á comprensión e desenvolvemento desta lingua. Tamén hai que mencionar que este curso contamos con auxiliar de conversa nos cursos de 5º e 6º de educación infantil.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

No que se refire á lóxica-matemática, durante este curso escolar continuouse co desenvolvemento do método matemático ABN cuxa valoración é moi positiva, pois comprobouse que o alumnado estivo moi motivado á hora de traballar con material ABN e aprenderon moitos conceptos matemáticos de forma divertida.

Entre os materiais empregados para a motivación e estimulación das nenas e nenos contouse entre outros: coa máquina de sumar, a mesa de experiencias, a escritura en sal ou sémola, os monstros matemáticos, os bingos na aula...

Levou a cabo os Grupos Interactivos “Mates en familias” e “Un mar de palabras” que, como o seu nome indica, o taller consiste en que as familias participen e veñan á aula para realizar xogos matemáticos ou actividades de lectura-escritura cos nenos/as. Así divídese cada clase en grupos de 4 ou 5 alumnos/as, cada un dos cales conta cun familiar que dirixe e guía o xogo matemático ou de lecto-escritura durante un período de tempo aproximadamente de 15 minutos, baixo a coordinación e supervisión da mestra titora correspondente. Ao remate dese tempo, os grupos rotan de tal xeito que, ao finalizar a sesión todo o alumnado ten pasado polos diferentes xogos (no mes de xaneiro e febreiro canceláronse os grupos interactivos por mor da Covid).

2.3. AMBIENTES

No mes de Outubro do curso 2021/2022 inciouse na etapa de Educación Infantil o traballo por ambientes de aprendizaxe. Habilitáronse 3 aulas para tal fin, as cales, no tempo que non era de ambientes foron empregadas polos niveis correspondentes para desenvolver as actividades propias da titoría ou as especialidades. Coa creación e establecemento destes novos espazos educativos perseguimos promover e fortalecer a aprendizaxe competencial, é dicir, de todas aquelas competencias que o neno e nena emprega tanto a

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

nivel cognitivo como social co fin de favorecer o seu desenvolvemento integral.

Os ambientes creados foron:

- O AMBIENTE DE NATUREZA (ubicado na aula de 5º de EI). Ambientada con espazos e zonas de traballo dirixidas a traballar os contidos máis relacionados coa segunda área de coñecemento do currículo da etapa, a área de Coñecemento do contorno.

- O AMBIENTE DE VERBAS (situado na aula de 4º de EI). Nela os espazos e zonas de traballo están conformados por materiais e recursos máis dirixidos a traballar contidos máis propios da terceira área de coñecemento (coa área de linguaxes, máis concretamente cos relacionadas coa lectoescritura e expresión oral).

- O AMBIENTE DE ARTE (atopámolo na clase correspondente coa titoría de 6º de EI). Este ambiente integrou espazos e materiais dirixidos, principalmente a fomentar a creatividade e imaxinación do alumnado, a súa aproximación ao mundo cultural e artístico, a exploración e descubrimento de distintas obras plásticas, materiais, técnicas plásticas,..... contidos relacionados tamén co mundo musical e co mundo arquitectónico.

No momento da súa creación e deseño buscamos que pasasen a ser espazos non só de aprendizaxe, senón tamén de relación e comunicación onde a partir de diferentes propostas as nenas e nenos poidesen actuar, observar, experimentar, construír, inventar, imaxinar, compartir, relacionarse, emocionarse e interactuar cos demais. Zonas que ademais deran resposta aos intereses e necesidades do alumnado e respectasen os distintos ritmos de aprendizaxe. Os días destinados ao traballo por ambientes foron os martes, os mércores e os xoves. De 9:50 a 11:00 horas aproximadamente, os nenos e nenas de cada nivel foron ao ambiente que lle tocaba ese día.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Co fin de garantir as medidas sanitarias e de cumprir o portocolo covid as nenas e nenos movíanse polos ambientes por cursos e non de forma libre.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Seguir cambiando o mobiliario das aulas e adquirindo novos materiais.
- Formación para o profesorado que responda ás necesidades que este ten.
- Formación para as familias sobre esta nova metodoloxía de traballo que acabamos de implantar.
 - Implantar, de cara o vindeiro curso, a circulación nos ambientes por agrupamentos verticais.

2.4.1. Proxectos por niveis:

Ao longo deste curso levamos a cabo o PDI do centro “PINGAS DE CIENCIA” que se foi traballando paralelamente con outros proxectos que se nomean a continuación .

4º de Educación Infantil.

1º Trimestre

- Proxecto: “A LUZ”

2º Trimestre

- Proxecto: “VENTO OU AIRE?”

3º Trimestre

- Proxecto: “AUGA, ONDE ESTÁS?”

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

5º de Educación Infantil.

1º Trimestre

- Proxecto: “A LUZ”

2º Trimestre

- Proxecto: “VENTO OU AIRE?”

3º Trimestre

-Proxecto: “AUGA,ONDE ESTÁS?”

6º de Educación Infantil.

1º Trimestre

- Proxecto: “A LUZ”

2º Trimestre

- Proxecto: “VENTO OU AIRE?”

- Os dinosaurios

3º Trimestre

-Proxecto: “AUGA,ONDE ESTÁS?”

2.4.2 Conmemoracións



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Samaín: participación no concurso de debuxos e contos de medo, lectura de contos ás escuras con linterna nas aulas, desfile de disfraces nas aulas, exposición de cabazas, fotos arrepiantes no increíble photocall creado polo Anpa e degustación de parvas “terroríficas”.
- Día da Infancia (20 de novembro): Composición e posterior visualización dun vídeo realizado con marionetas. Para elo, o alumnado deseñou o fondo e marionetas que tiñan por protagonistas nenos e nenas.
- Magosto e día do peón: degustación de castañas de chocolate aportadas pola ANPA, creacións propias con materiais típicos de outono (noces, castañas, maíz...) marmelada de mazá e creación de persoaxes con mazorcas de maiz, rematando co baile do peón.
- Día internacional para a erradicación da violencia contra as mulleres (25 de novembro): propostas pola FANPA Ferrolterra, entre elas un flash mob e unhas tarxetas con mensaxes contra a violencia de xénero.
- Día da discapacidade (3 de decembro): traballaron as emocións, a empatía, elaboraron o seu nome de aula en Braille e visualizaron curtametraxes.
- Nadal: todo o alumnado de infantil grabou a canción Fábrica de Luz da Banda da Loba cun baile no croma para facer un vídeo conxunto a modo de felicitación de Nadal para as familias de parte de todo o cole.
- Día da non violencia e da Paz (30 de xaneiro): MEU DESEXO TEU DESEXO, instalación artística baseada na obra orixinal de Rivane Newenschwander.
- Día internacional da muller e a nena na ciencia: slime xunto con educación primaria.
- Entroido: Durante o luns, martes, mércores e xoves da semana previa ao entroido, para respetar a tradición, fixemos os mandados que a

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Bruxa Encarnación nos ía pedindo. Ademais, tendo como tema do PDI “Pingas de Ciencia”, ese venres disfrazámonos de aparello respiratorio e ademais a degustación de parvas de entroido.

- Día de Rosalía: lectura de poemas na praza do concello.
- Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo): Coreografía en Centieiras polo 8 m.
- Semana da Prensa: Entre todo o alumnado do cole, fixemos un xornal no que escribimos noticias sobre como a nosa comunidade educativa está a levar a situación covid, tema que marcou este ano académico.
- Celebración dos Maíos e Letras Galegas: creación dun precioso maio de temática “Barco” para desfilarmos ata a Praza do Concello de Fene e bailar a muiñeira Felisa vai en coche.

2.4.3. Visitas e saídas

- Visita á exposición “Os universos femeninos” de Carmen Prado na Casa da Cultura de Fene.
- Saída ao teatro: 37ª Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil no Pazo da Cultura de Narón coa posta en escena de Lydia Botana DE AQUÍ PARA ALÁ.
- Visita á biblioteca municipal de Fene conmemorando o Día do Libro.
- Recollida de elementos do outono na contorna.
- Saída á granxa Área Natural Muiño de Pedroso .
- Visita ao Arsenal de Ferrol: Bautismo de mar.
- Visita ao Museo de Historia Natural de Ferrol.

2.5. FORMACIÓN CONTINUA.

Ao longo deste curso as mestras de Ed. Infantil participaron en diferentes cursos de formación así como nas liñas de formación desenvolvidas no

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

centro, os cales influíron directamente na práctica educativa que se leva a cabo nas aulas.

2.6. ORGANIZACIÓN E VALORACIÓN XERAL.

Seguindo a organización deste curso, é importante subliñar que o alumnado de Ed. Infantil participou activamente nas conmemoracións e actividades globais realizadas polo centro.

Asemade ao longo do curso atendeuse por vía telemática e individualmente ás familias na hora estipulada para tal fin, todos os martes de 16:00h a 17:00h, resultando a comunicación fluída e continua. Ademais, realizáronse reunións de tutoría noutras datas e horarios para dar resposta ás necesidades daquelas familias que non podían asistir no horario fixado.

Realizouse tamén, unha reunión coas familias ao principio de curso e outra ao finalizar en xuño.

Estas reunións resultan de suma importancia para poder informar aos pais e ás nais, ou titores legais, sobre aspectos máis relevantes da organización da actividade académica (horarios, programación, novos espazos creados,..) e das normas Covid relacionados coa educación dos seus fillos/as.

De igual modo, a comunicación foi fluída e continua empregando Abalar Móbil.

2.10- PROPOSTAS DE CARA AO VINDEIRO CURSO

Destacar de cara o ano que ven a necesidade das seguintes propostas:



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Retomar o Programa de Estimulación da Linguaxe en 6º de Ed. Infantil e a poder ser ampliálo para o curso de 4º e 5º de Ed. Infantil.
- Contar con máis apoios tanto da especialista de pedagogía terapéutica como de audición e linguaxe tendo en conta as actas de avaliación.
- Manter a participación das familias nas actividades de centro.
- Dispoñer en cada aula de infantil de PDI.
- Continuar coa renovación dos ambientes da aula e actualización e adquisición de novo material didáctico, así como de mobiliario de mesas e sillas.
- Circulación libre de ambientes en agrupación vertical.
- Solicitar unha solución para o areiro (que se cubra ou se elimine) dado que é un foco de infección.
- Plan de mellora do patio escolar.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

3. Memoria anual do 1º ciclo de educación primaria

3.1. O equipo de ciclo

3.1.1. Membros

Durante o curso 2021-2022 o equipo do primeiro ciclo de Educación Primaria estivo composto polas seguintes persoas:

- Andrea Fernández López (Titora de 1º de Educación Primaria e coordinadora de ciclo).
- Alberto Pernas Pérez (titor de 2º).
- Sabela Paz Romero (Mestra de Educación Musical).
- Yolanda Varela Pose -substituta de Lorena López Ramudo- (Orientadora).

3.1.2. Funcionamento

Ao longo do curso desenvolvemos as reunións fixadas para tal fin, tendo por norma xeral a celebración dunha reunión por mes -nos dous primeiros trimestres a través de Webex, e no terceiro de carácter presencial no centro-, na que se trataron os seguintes puntos como:

- Lectura e aprobación da acta anterior.
- Avaliación das actividades realizadas.
- Información das propostas/acordos tomados nas reunións tanto da Comisión de Coordinación Pedagóxica coma do Departamento de Orientación (a representante do ciclo acudía a ditas reunións levando ás mesmas o acordado/tratado na reunión de ciclo).
- Alumnado do ciclo.
- Rogos e preguntas.

3.1.3. Actividades, saídas educativas e conmemoracións

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Ao longo do curso:
 - Mochila viaxeira.
 - Maletas viaxeiras.
 - Realización de préstamos mensuais da biblioteca do centro.
 - Contacontos.
 - Hora de ler: realizáronse lecturas de xeito individual e colectivo.
 - CÓNTOCHE SOBRE O MEU AVÓ/AVOA? Visionado mensual de vídeos protagonizados polo alumnado de todo o centro en colaboración cos seus avós e avoas.
 - Programa de radio: cada mes se encarga un grupo de elaborar o guión e a grabación dun programa de radio.
 - Actividades detro de EDUSAÚDE: activación e relaxación e milla diaria.
 - Actividades contextualizadas dentro do PDI: Pingas científicas.
- Primeiro trimestre:
 - Samaín (29 de outubro).
 - Mes da ciencia en galego nas bibliotecas (novembro).
 - Magosto e Día do Peón (5 de novembro).
 - Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro).
 - Día da Discapacidade (3 de decembro).
 - Xogos de mesa en familia (22 de decembro).
- Segundo trimestre:
 - Día da Paz e da Non Violencia (28 de xaneiro).
 - Entroido (25 de febreiro).
 - Semana da Radio (do 7 ao 11 de febreiro).
 - Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro).
 - Día da Muller (8 de marzo).
 - Semana da Prensa (do 7 ao 11 de marzo).
 - Día da Poesía (21 de marzo)

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Obradoiro de escritura creativa (6 de abril)
- Terceiro trimestre:
 - Día do Libro (22 de abril).
 - Xogando co atletismo (28 de abril).
 - Día das Letras Galegas e celebración dos maios (13 de maio).
 - Obradoiros de igualdade (29 de abril e 6 de maio).
 - Visita de Eva Mejuto (5 de maio).
 - Obradoiro medioambiental comedeiro de paxaros (10 de maio).
 - Día das Letras Galegas e celebración dos maios (13 de maio).
 - Visita ao Museo do Humor e á Biblioteca Municipal (18 de maio)
 - Contacontos con Paula Carballeira (23 de maio)
 - Excursión ao Muiño de Pedroso (31 de maio).

3.2. Memoria anual do 1º nivel de educación primaria

3.2.1. COORDINACIÓN DOCENTE

O Equipo docente estivo formado polos seguintes membros:

- Titora: Andrea Fernández López impartindo Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Valores Sociais e Cívicos.
- Mestres especialistas: Bibiana Grandal Mourente (Lingua estranxeira, inglés), Sandra Martínez Blanco -substituta de Abel González Varela- (Educación Física), Sabela Paz Romero (Música), Teresa M^a Anca Ardao (Relixión Católica), Iria González Grande (Arts & Crafts), Maria Macarena Espiñeira Filgueira (Pedagogía Terapéutica) e Emma Pérez Bregua -substituta de Gloria Gómez Edreira- (Audición e Linguaxe).

Ao longo do curso leváronse a cabo as reunións prescriptivas de coordinación docente, claustros, Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica...

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Revisouse a programación didáctica do nivel, os criterios de avaliación e os perfís de área e competencia.

Á hora de ler o grupo-clase permanece todos os días coa mestra titora.

3.2.2. ALUMNADO

O grupo está formado por 13 alumnos e alumnas: 6 nenos e 7 nenas.

Trátase dun grupo que aínda que pequeno é moi heteroxéneo.

A maioría amosa uns hábitos de traballo axeitados, aos restantes fáltales moita autonomía e dispérsanse con moita facilidade. A nivel social, cómpre seguir traballando a cohesión grupal así como a escoita activa e o respecto de quendas á hora de participar nas conversas.

O progreso do alumnado con relación ao grao de adquisición das competencias e logro dos contidos foi satisfactorio en moitos casos, porén non na totalidade do alumnado, aspecto que podería ter mellorado de contar con máis apoio de profesorado na aula.

As medidas de atención á diversidade que se levaron acabo son as que seguen:

Medidas ordinarias:

- Cóntase con apoio por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria unha hora a semana, ademais de apoio durante 3 medias horas do plan lector. Estas horas foron para axudar a determinados alumnos e alumnas con dificultades nas áreas instrumentais: linguas e matemáticas. De cara ao vindeiro curso este alumnado seguirá precisando este reforzo educativo.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado: empregando materiais manipulativos e medios informáticos e tecnolóxicos, así adecuando a estrutura organizativa da aula empregando equipos cooperativos ou empregando o traballo por estacións de aprendizaxe.

Medidas extraordinarias:

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica: a partir do primeiro trimestre, cando no centro recibimos ao profesorado ARCO, un alumno recibe apoio por parte da mestra en pedagogía terapéutica 4 sesións á semana. Unha vez este programa remata estas sesións redúcense a 2 sesións semanais. Este alumno seguirá precisando axuda no vindeiro curso escolar.

Cómpre facer referencia neste apartado a outros alumnos aos que se lle realizou no presente curso escolar unha avaliación psicopedagóxica e que tamén precisarán apoio por parte da mestra en pedagogía terapéutica de cara ao vindeiro curso escolar.

- Apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe: A finais deste curso 2021-2022 son 4 alumnos e alumnas os que reciben atención por parte da mestra especialista en audición e linguaxe, mais por cuestións de horario e dispoñibilidade non foi así ao longo do curso. Sería importante que o próximo curso se mantivera a atención a este alumnado co fin de paliar as dificultades presentadas.

Avaliación:

No primeiro mes do curso, realizouse unha avaliación inicial.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Ao longo do curso, esta foi continua e global, utilizando principalmente a observación sistemática na aula e o análise de desempeños nas tarefas propostas.

O resultados derivados da avaliación final foron os seguintes:

- 12 alumnos e alumnas aproban todas as materias.
- 1 alumno suspende as áreas de lingua castelá e literatura e lingua galega a literatura.

3.2.3. FAMILIAS

Levou a cabo unha reunión inicial no mes de setembro, nela informouse dos aspectos máis relevantes da organización da actividade académica (horarios, programación,...) e das normas Covid.

Ao longo do curso, atendeuse ás familias telefónica ou telemáticamente ao longo dos dous primeiros trimestres, e presencial no terceiro trimestre- nas horas estipuladas para tal fin, aínda que algunhas tiveron que ser atendidas noutros momentos por resultar insuficiente o tempo adicado para as titorías.

De igual modo, a comunicación foi fluída e continua empregando Abalar Móbil.

En relación á participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe, cómpre sinalar que se levou a cabo no 2º e no 3º trimestre a actividade de grupos interactivos -sempre que a situación epidemiolóxica o permitu-. Actividade moi positiva e motivadora para o alumnado.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Outras actividades que se realizaron en colaboración coas familias ao longo de todo o curso foron: contos de boca e experimentos con familias expertas dentro do noso proxecto documental integrado.

3.2.4. CONMEMORACIÓNS, SAÍDAS E VISITAS

As conmemoracións, saídas e visitas realizáronse a nivel de ciclo e polo tanto están especificadas no apartado correspondente.

3.2.5. PROPOSTAS

De cara ao vindeiro curso establécense as seguintes propostas:

- Aumentar o profesorado de apoio as horas que sexan posible.
- Continuar coas medidas de atención a diversidade aplicadas no presente curso escolar.
- Manter a participación das familias nas actividades de centro.
- Renovación do espazo físico da aula e actualización e adquisición de novo material didáctico.

3.3. MEMORIA ANUAL DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

3.3.1. COORDINACIÓN DOCENTE

O Equipo docente estivo formado polos seguintes membros:

- Titor: Alberto Pernas Pérez impartindo Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua galega, Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza.
- Mestres especialistas: Iria González Grande (Arts), Bibiana Grandal Mourente (lingua estranxeira-inglés), Abel González Varela (Educación Física-Sandra Martínez Blanco -substituta), Sabela Paz Romero (Música), Maria Macarena Espiñeira Filgueira (Pedagogía Terapéutica),

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Emma Pérez Bregua (substituta de Gloria Gómez Edreira-Audición e Linguaxe), Teresa M^a Anca Ardao (Relixión Católica) e Ana Barro(Valores)

Ao longo do curso leváronse a cabo as reunións prescriptivas de coordinación docente, claustros, Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica...

Revisouse a programación didáctica do nivel, os criterios de avaliación e os perfís de área e de competencia.

Na hora de ler o grupo-clase permanece todos os días co mestre titor.

3.3.2. ALUMNADO

O grupo está formado por 18 alumnos/as: 8 nenas e 10 nenos.

Cabe destacar que é un grupo moi heteroxéneo. A meirande parte do grupo-clase amosa uns hábitos de traballo axeitados crecendo en autonomía para a realización de tarefas e actividades ao longo do curso. Aínda con todo, percíbese que éste é un apartado no que nalgúns casos concretos deben seguir mellorando en maior medida.

En canto á actitude, cómpre sinalar que esta foi tamén mellorando ao longo do curso (respecto de quendas, escoita, normas de aula...) precisando en ocasións dun ambiente moi estruturado e normas claras e firmes, sobre todo no primeiro trimestre. Quedando outros contidos un pouco máis ó marxe. En xeral, no momento actual a cohesión grupal é boa e o grupo-clase realiza as actividades cooperativas dun xeito satisfactorio.

O progreso do alumnado con relación ao grao de adquisición das competencias e logro dos obxectivos foi o adecuado. Sendo moi importante

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

para tal aspecto o apoio da mestra de PT e AL. E podendo ser máis satisfactorio de contar con máis horas de apoio en aula.

En relación con isto leváronse a cabo medidas de atención a diversidade:

Medidas ordinarias:

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.
- Adecuación da organización e xestión da aula as características do alumnado así como proporcionando actividades de reforzo e ampliación por parte do mestre titor.
- Adecuación da programación.

Medidas extraordinarias:

- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica:

Ao longo do curso, cinco alumnos reciben apoio por parte da mestra especialista en pedagogía terapéutica. Por presentar dificultades de escritura, competencia lectora e autonomía na aprendizaxe e realización das tarefas.

Agás nun caso, o resto deles, seguirán precisando axuda no vindeiro curso escolar e sería necesario aumentar as horas que recibe atención este alumnado.

- Apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe:

Dous alumnos reciben apoio por parte da especialista en audición e linguaxe.

Un deles por presentar dificultades de articulación ó inicio de curso, e tamén na conciencia léxica, silábica e fonolóxica. Actualmente as dificultades de articulación están superadas ó igual que na conciencia léxica e silábica.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Observando aínda certos erros na transcripción ou decodificación dalgun fonema.

O outro alumno tamén presentaba ó incio do curso dificultades relacionadas coa conciencia léxica, silábica e fonolóxica . Observando certa melloría en tales aspectos. Pero aínda con todo, dándose múltiples erros a día de hoxe.

Por todo, é oportuno seguir co apoio da especialista de audición e linguaxe para o vindeiro ano académico.

Avaliación:

No primeiro mes do curso realizouse unha avaliación inicial.

Ao longo do curso, esta foi continua e global, utilizando principalmente a observación sistemática na aula e o análise de desempeños nas tarefas propostas.

Os resultados derivados da avaliación final foron os seguintes: todo o alumnado promociona ó seguinte nivel da educación primaria.

3.3.3. FAMILIAS

Levouse a cabo unha reunión inicial no mes de setembro, antes do comezo de curso- nela informouse dos aspectos máis relevantes da organización da actividade académica (horarios, programación...) e sobre todo das normas Covid neste curso escolar.

Ao longo do curso, atendeuse ás familias nas horas estipuladas para tal fin, algunhas familias tiveron que ser atendidas noutros momentos por resultar insuficiente o tempo adicado para as titorías.

De igual modo, a comunicación foi fluida e continua utilizando a aplicación Abalar Móbil ou correo electrónico.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

4. Memoria anual do 2º ciclo de educación primaria

4.1.-Introdución.

Este curso 2021/2022 estivo marcado polas medidas vixentes do plan Covid-19:

- Mantemento de grupos estables de traballo e convivencia dentro da aula.
- Recreos por niveis e zonas definidas para cada nivel/aula con caixas de material para xogar en cada unha delas.
- Uso da biblioteca establecido para cada aula tanto para empréstitos/devolucións coma para o seu desfrute nos recreos.

4.2.-O alumnado

Durante este curso 2021/22 o número de alumnado nas dúas aulas foi:

- 3º EP cun total de 14 alumnos e alumnas.
- 4ºEP cun total de 22 alumnos e alumnas.

4.3.-O profesorado.

Ademais das titoras Alba Fernández Ventoso titora de 3ºEP (substituta dende finais de setembro de M^a del Carmen Leira Moreno, de baixa por enfermidade) e Ana M^a Barro Casas, titora da aula de 4ºEP (substituída por Rebeca Lamas Bouza dende o 28 de abril por causar baixa por enfermidade), incidiron os seguintes mestres/as especialistas:

- Pedagogía Terapéutica: Macarena Espiñeira Filgueira.
- Lingua Inglesa: Iria González Grande.
- Educación Física: Sandra Martínez Blanco (substituta de Abel González Varela).

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Música: Sabela Paz Romero.
- Relixión Católica: Teresa M^a Anca Ardao.
- Arts&Crafts: Cristina Acevedo Varela.
- ARCO: Beatriz Lage Vilariño (4^oEP)
- ITI Robótica: Sandra Martínez Blanco (substituta de Abel González Varela) na aula de 4^oEP (hora de libre configuración).
- Audición e Linguaxe: Emma Pérez Bregua (substituta de Gloria Gómez Edreira).

4.4.-O espazo físico.

O espazo físico no que estaban situadas as aulas foi o mesmo que no curso anterior, no mes de setembro fíxose unha remodelación da colocación das mesas e cadeiras para adaptarse á normativa COVID: formáronse grupos estables de convivencia por nivel, e dentro de cada nivel, equipos de traballo estables que procuramos cambiar só 1 vez ao trimestre (agás casos excepcionais nos que houbo que facer cambios para un mellor rendemento e unha mellora da convivencia dentro da aula).

As dúas aulas están dotadas de dous tipos de encerados: o tradicional e o dixital, que foron empregados ámbolos dous nas diferentes áreas de contidos.

4.5.-O equipo de ciclo

4.5.1.-Membros

Durante o curso 2021-2022 o equipo do segundo ciclo de Educación Primaria estivo composto polas seguintes mestras:

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Ana María Barro Casas, titora da aula de 4º de EP que desenvolvía a coordinación do ciclo e representábalas nas reunións de Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Departamento de Orientación. Tamén desenvolveu a coordinación do programa ARCO. Dende o 28 de abril foi substituída por Rebeca Lamas Bouza por baixa por enfermidade.
- Mª del Carmen Leira Moreno, titora da aula de 3ºEP. Dende o 29-09-2021 foi substituída por Alba Fernández Ventoso, titora da aula de 3º de EP por baixa por enfermidade.
- Iria González Grande, mestra especialista en lingua inglesa, coordinadora do programa de plurilingüismo, coordinadora de dúas liñas de formación de profesorado, coordinadora Covid e directora do centro.
- Teresa Mª Anca Ardao, mestra especialista en Relixión Católica.
- Dona Beatriz Lage Vilariño, mestra de ARCO (durante o primeiro trimestre).

4.5.2.-Funcionamento.

Ao longo do curso desenvolvimos as reunións fixadas de coordinación docente, tendo por norma xeral a celebración dunha reunión por mes.

Para o desenvolvemento destas reunións a coordinadora enviaba por mail a todos os membros do equipo a acta da reunión anterior, para ser lida antes de cada reunión, o mesmo que unha orde do día fixada de antemán, sempre estaba aberta a calquera suxerencia ou tema a engadir. Informaba das propostas/acordos tomados nas reunión tanto da Comisión de Coordinación Pedagóxica coma do Departamento de Orientación (a representante do ciclo acudía a ditas reunión levando ás mesmas o acordado/tratado na reunión de ciclo).

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Estas reunións foron virtuais durante o primeiro e o segundo trimestre a través da plataforma Webex, xa no terceiro trimestre foron presenciais no centro.

Tamén fixemos deste xeito (virtuais no primeiro e segundo trimestre e presenciais no terceiro) as reunións informativas, claustros, consellos escolares, Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Equipos de Traballo, todas elas segundo o calendario establecido para tal fin.

A principios de curso revisouse a Programación Didáctica de cada nivel, os criterios de avaliación e a concreción dos mínimos esixibles, e, foron adaptados os estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación de cada nivel.

As dúas titoras, no mes de setembro puxeron a funcionar as aulas virtuais das súas titorías, e cada especialista o seu espazo dentro das mesmas.

Durante o período no que algún alumno/a estivo confinado, foi activado o plan de traballo para o ensino virtual, co que o alumnado podía seguir as ensinanzas a través desta canle.

4.6.-Participación nos contratos programa liña 1: ARCO

No mes de outubro o centro obtivo dentro dos contratos programa a liña 1: ARCO, no que entrou a aula de 4ºEP.

Deste programa beneficiáronse un total de seis alumnos de 4ºEP (4 con reforzo educativo e 2 cun programa de enriquecemento curricular), o alumnado de 3º EP non entraba dentro deste programa, polo que recibiu atención da mestra de PT do Centro.

Destacar que o resultado foi moi satisfactorio, e gustaríanos que continuase de cara ao curso que vén, e, a poder ser, que comezara xa a primeiros do

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

mes de outubro e durase máis tempo ao longo do curso, non só un trimestre, para que o alumnado poida aproveitar ao máximo ese reforzo en concreto.

4.7.-Actividades- Saídas educativas – Conmemoracións.

É preciso sinalar que debido a situación sanitaria, decidimos non facer aquelas actividades que supuxeran un risco para o alumnado, sobre todo no primeiro e segundo trimestre, polo que só participamos nas seguintes :

4.7.1.- Ao longo do curso:

- Empréstitos e devolucións de libros na biblioteca de xeito quincenal, no horario establecido para cada nivel.
- Mochilas viaxeiras: unha na aula de 3ºEP e dúas na aula de 4ºEP (polo número de alumnado).
- Maletas viaxeiras.
- CÓNTOCHE DO MEU AVÓ E DA MIÑA AVOA? Gravación do alumnado cos seus avós e assúas avoas contando cousas de cando eles e elas eran nenos, montaxe dun vídeo coas gravacións de cada mes e visionado do mesmo nas respectivas aulas.
- Programa de radio: redacción na aula e gravación nos estudos de Radio Fene do programa de radio “As crónicas de Centieiras”: o alumnado de 3º EP no mes de abril e o alumnado de 4ºEP no mes de novembro.
- Actividades de activación e relaxación, as primeiras unha vez chegados á aula pola mañá, e as segundas despis do recreo e da milla.
- Milla diaria.

4.7.2.-Primeiro trimestre:



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- 29 de outubro: Halloween e Samaín.
- Mes da ciencia en galego: ao longo do mes de novembro.
- 5 novembro: magosto e día do peón.
- 25 novembro: día contra a violencia de xénero.
- 3 decembro: día da discapacidade.
- 22 de decembro: xogos de mesa en familia.

4.7.3.-Segundo trimestre:

- 28 xaneiro: día da paz e a non violencia.
- 25 febreiro: Entroido.
- do 7 ao 11 febreiro: semana da radio.
- 23 febreiro: día de Rosalía.
- 8 marzo: día da muller.
- do 7 ao 11 de marzo: semana da prensa.
- 21 marzo: día da poesía.
- 6 abril: obradoiro de escritura creativa.

4.7.4.-Terceiro trimestre:

- 22 de abril: día do libro.
- 25 de abril: “Xogamos co atletismo” no pavillón de “O Ramo” (actividade promovida polo concello de Fene).
- 29 abril e 6 maio: obradoiros de igualdade.
- 10 de maio: obradoiro medioambiental comedeiro de paxaros.
- 19 de maio: visita ao museo do humor e á biblioteca municipal.
- 26 de maio: visita ao centro de María Canosa autora do libro “As pombas de Bastián”.
- 31 de maio: saída de todo o centro ao “Muíño de Pedroso” en horario de mañá e tarde.

4.8.-MEMORIA ANUAL DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

4.8.1.-Coordinación docente

O Equipo docente estivo formado polos seguintes membros:

- Titora: María del Carmen Leira Moreno, sendo substituída debido a unha baixa por enfermidade dende o 29 de setembro ata final do período lectivo por Alba Fernández Ventoso.
- Mestres especialistas: Iria González Grande (Lingua Estranxeira, Inglés), Abel González Varela, substituído por Sandra Martínez Blanco (Educación Física), Sabela Paz Romero (Música), Macarena Espiñeira Filgueira (Pedagogía Terapéutica), Gloria Gómez Edreira, substituída por Emma Pérez Bregua (Audición e Linguaxe), Cristina Acevedo Varela (Arts & Crafts) e Macy Gann (auxiliar de conversa).
- Tamén incidiron facendo apoio dentro da aula Sabela Paz Romero e Sandra Martínez Blanco (unha sesión cada unha delas).

4.8.2.- Alumnado

O nivel tivo un total de 14 alumnos/as.

Nos primeiros quince días do mes de setembro de curso realizouse e rexistrouse a avaliación inicial dos mesmos que aparece reflectida no seu historial do Xade.

A avaliación do proceso de aprendizaxe foi continua e global, utilizando as técnicas procedementos indicados na programación didáctica e sendo estes os que seguen:

- Observación sistemática directa (avaliación cualitativa), que contabilizaba 10% da nota. Na asignatura de Valores sociais e cívicos contabilizará o 20%.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Revisión de tarefas (avaliación cualitativa): traballos, cadernos, actividades... contabilizando un 30% da nota. Na asignatura de Valores sociais e cívicos contabilizará o 70% da nota.
- Realización ocasional de controis, e presentación oral de traballos (avaliación cuantitativa), contabilizando un 40% e un 20% da nota, respectivamente. Na asignatura de Valores sociais e cívicos, os intercambios orais contabilizarán o 10% da nota, sen contabilizar probas escritas.

O grupo acadou maioritariamente os obxectivos, as aprendizaxes e as competencias establecidas para o terceiro curso de primaria en todas as áreas, a excepción dunha alumna que promociona con tres áreas suspensas ao cuarto curso.

Establecéronse as medidas e apoios pertinentes tan pronto se detectaron as dificultades para os casos de alumnado con necesidades educativas especiais e dificultades de aprendizaxe, e fóronse adecuando, cambiando, ou manténdose ao longo do curso escolar en función das necesidades de dito alumando. Ditas medidas detalláranse nos puntos 4.8.2.1 e 4.8.2.1.

Incluídas nas actividades grupais de reforzo e ampliación que se levaron a cabo para afianzar contidos, mellorar as competencias e adquirir capacidades nun contexto significativo, destácanse:

- Actividades sobre o PDI do centro, que este curso versou sobre o tema da ciencia, para o que fixemos sementeira de lombardas e plantación de fresas.
- preparación e redacción do programa de radio “As crónicas de Centieiras”.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Investigación e posterior elaboración e encadernación dunha enciclopedia de animais individual de cada alumno empregando as TIC da aula.
- Investigación e posterior elaboración e presentación dun traballo da ciencia nas distintas etapas da historia.
- Elaboración e encadernación dun comic individual de cada alumno/a de temática libre.
- Preparación do proxecto de mostra do festival de fin de curso, un sistema de autorrego de plantas mediante perlas de xel de polímero super absorbente.

4.8.2.1.- Medidas ordinarias:

- Adecuación de tempo, xestión e organización de espazos da aula en función das necesidades do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica e dos instrumentos e procedementos de avaliación.
- Metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con disponibilidad horaria.
- Enriquecemento curricular a alumno con informe psicopedagóxico por altas capacidades no terceiro trimestre por parte da mestra titora.

Durante o primeiro e segundo trimestre, os momentos nos que se requeriu o confinamento debido á Covid-19 dalgún alumno ou alumna, realizouse a continuidade e o seguemento da aprendizaxe empregando distintos medios, tanto a aula virtual do centro, como o envío de tarefas por parte da titora ás familias para a súa posterior revisión, sendo a comunicación fluida e constante por teléfono e pola aplicación ABALAR.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

A evolución do alumnado en relación ao grao de adquisición das competencias e logro dos obxectivos foi satisfactorio, obtendo como resultado na avaliación final:

- 13 alumnos e alumnas superan todas as áreas e promocionan.
- 1 alumna suspende tres asignaturas e promociona, segundo a *Orde 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación.*

4.8.2.2.- Medidas extraordinarias.

Da totalidade do alumnado ao longo do curso escolar:

- Cinco alumnos/as recibiron apoio de mestras especialistas:
 - Da mestra especialista de Pedagogía Terapéutica tres alumnos/as durante os tres trimestres, dous deles con informe psicopedagóxico por dificultades de aprendizaxe.
 - Da mestra especialista de Audición e Linguaxe: tres alumnos/as. Un durante todo o curso, outra alumna superou favorablemente a maioría das dificultades no primeiro trimestre, polo que non tivo que continuar cos apoios, e un terceiro que se lle comezaron a dar os apoios no segundo trimestre e continuou ata final de curso.

Unha das alumnas recibiu apoio de ambas mestras.

Todo alumnado que recibiu apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, e da mestra de Audición e Linguaxe, melloraron favorablemente tanto a nivel académico como a nivel emocional, a excepción dun dos alumnos de AL que non conseguiu avanzar nas dificultades de pronunciación do fonema R, mais revisaranse os traballos e apoios de AL de cara ao curso que ven.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Solicitáronse 3 avaliacións psicopedagóxicas ao Departamento de Orientación ao longo do curso cos seguintes informes:
 - Un caso de alumno con altas capacidades.
 - Un caso de alumno con dificultades na lectoescritura.
 - Un caso de alumna dificultades nas áreas instrumentais, comprensión lectora, expresión escrita, cálculo e resolución de problemas.

4.8.3.- Familias

Debido á baixa por enfermidade da titora, non se realizou a titoría grupal das familias, mais na incorporación da titora substituta leváronse a cabo as titorías telefónicas e telemáticas para informar do seguinte:

- Horarios, áreas e mestres por especialidades, programación de aula, rutinas, procedemento para xustificación de faltas, actualización de datos...
- Explicación do protocolo Covid-19:
 - horas de entrada e de saída, así como dos lugares e formas para facelo.
 - accesos de subida e de baixada para non interferir uns cos outros.
 - uso dos baños.
 - desenvolvemento dos recreos e das merendas.
 - organización e distribución da aula en grupos estables de traballo e de convivencia.
 - cambio de aula nas especialidades de música, lingua inglesa, arts&crafts, relixión católica e educación física.
 - ventilación da aula.
 - desinfección das mesas e do material.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

→ uso do xel hidroalcohólico nos momentos en que non se podían lavar as mans...

Durante o primeiro e o segundo trimestre atendeuse ás familias de forma telefónica e telemática de forma continua, salvo excepcións nas que se requería a presencialidade como a firma de consentementos de avaliacións psicopedagóxicas, ou cuestións puntuais. No terceiro trimestre estas titorías pasaron a ser de xeito presencial e habitual no centro. A comunicación considerouse en todo momento fluída e apreciouse receptividade por parte das familias.

4.8.4.- Actividades interactivas coas familias.

4.8.4.1.- Xogos de mesa:

- Mércores, 22 de decembro de 2021: visita de catro familiares (unha por equipo de distribución de alumnos/as) para a realización de xogos de mesa que aportaron elas mesmas.

4.8.4.2.- Contos de boca:

- Venres, 12 de novembro de 2021: visita dunha nai do grupo, Leticia, participando como contacontos sobre o conto “O Coconauta”.
- Venres, 1 abril de 2022: visita dunha nai do grupo, Marta, participando como divulgadora narrándonos a biografía da primeira muller aviadora da historia, Amelia Earhart.

4.8.4.3.- Experimentos e STEAM coas familias enmarcados no PDI:

- Venres, 8 de outubro de 2021: O pai dun alumno, Diego, Visítanos para mostrarnos un instrumento electrónico e explicarnos a relación entre o son, a música e a ciencia.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Venres, 10 de decembro de 2021: visita dunha nai do grupo, Mari Carmen, para facer un conxunto de experimentos por equipos na aula.
- Venres, 11 de febreiro de 2021: a nai dun alumno, Laura, visítanos e tráenos un xogo de maquetas arquitectónicas coas que construímos e facemos proxectos de edificios funcionais e resistentes.

4.8.5.- Propostas

- Continuar co traballo, colaboración e coordinación entre os cursos do ciclo, así como co resto dos cursos do centro, tanto nas actividades enmarcadas no PDI como nos pequenos proxectos a nivel de aula, xa que dita interacción enriquece moito as aprendizaxes e relacións sociais do alumnado.
- Manter a fluidez e boa inclusión da comunidade educativa (familias, entidades municipais, etc) no centro e continuar a realizar actividades con eles/as.
- Manter os reforzos educativos, aopios de profesorado e medidas ordinarias para o alumnado con dificultades, así como as medidas extraordinarias aplicadas neste terceiro curso de educación primaria, valorando a súa adecuación ás necesidades do alumnado no cuarto curso.
- Incidir no traballo da autoestima e a intelixencia emocional do alumnado, tanto de forma transversal en tódas as áreas como con talleres e dinámicas deseñadas para tal fin.

4.9.- MEMORIA ANUAL DO 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

4.9.1.-Coordinación docente



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

O Equipo docente estivo formado polos seguintes membros:

- Titora: Ana M^a Barro Casas ata o 28 de abril que causou baixa por enfermidade e foi substituída por Dona Rebeca Lamas Bouza.
- Mestres especialistas: Iria González Grande (Lingua Estranxeira, Inglés), Abel González Varela substituído por Sandra Martínez Blanco (Educación Física e ITI á Robótica), Sabela Paz Romero (Música), Macarena Espiñeira Filgueira (Pedagogía Terapéutica), Teresa M^a Anca Ardao (Relixión Católica), Gloria Gómez Edreira substituída por Emma Pérez Bregua (Audición e Linguaxe), Cristina Acevedo Varela (Arts & Crafts) e Beatriz Lage Vilariño (ARCO no primeiro trimestre).
- Tamén incidiron facendo apoio dentro da aula Alba Fernández Ventoso e Isabel Torrente Seco (unha sesión cada unha delas).

4.9.2.- Alumnado

O nivel tivo un total de 22 alumnos/as.

Nos primeiros quince días do mes de setembro de curso realizouse e rexistrouse a avaliación inicial dos mesmos que aparece reflectida no seu historial do Xade.

A avaliación do proceso de aprendizaxe foi continua e global, utilizando as técnicas que seguen, e das que foron informadas as familias na primeira reunión do curso:

- Observación sistemática directa (avaliación cualitativa), que contabilizaba 10% da nota.
- Revisión de tarefas (avaliación cualitativa): traballos, cadernos, actividades... contabilizando un 30% da nota.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Realización ocasional de controis, probas escritas e orais (avaliación cuantitativa), contabilizando un 40% e un 20% da nota, respectivamente.

En xeral amosaron uns hábitos de traballo axeitados, así como unha grande motivación pola aprendizaxe. Afianzaron a súa autonomía e a súa capacidade para traballar en grupo, así como a actitude en referencia ao respecto de quendas á hora de participar nas conversas, escoita dos demais...

Programáronse actividades de ampliación e reforzo.

Botouse man, ademais, de recursos de uso autónomo tales como:

- actividades sobre o PDI do centro, este curso versou sobre o tema da ciencia para o que fixemos sementeira de raios e plantación de fresas: por parellas cada dous días controlaban a necesidade de auga das plantas e regaban de ser preciso.
- preparación e redacción do programa de radio "As crónicas de Centieiras".
- traballo individual semana da prensa: redacción dunha noticia real ou ficticia sobre un tema relacionado coa ciencia.
- traballos de investigación sobre animais vertebrados, animais invertebrados e minerais usando TICs e material de biblioteca do centro.
- preparación do proxecto de mostra do festival de fin de curso, un sistema de autorrego de plantas con garrafas de auga e cordóns ou tiras de tea de algodón, explicación deste sistema de rego e entrega de sementes de xirasol coa explicación para o seu coidado.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

4.9.2.1.- Medidas ordinarias:

- Adecuación da organización e xestión da aula segundo as características do alumnado proporcionando actividades de reforzo e de ampliación por parte da mestra titora a todo aquel que o precisaba.
- Adecuación da programación.
- En xeral, o progreso do alumnado con relación ao grao de adquisición das competencias e logro dos obxectivos foi satisfactorio, obtendo como resultado na avaliación final:
 - 22 alumnos e alumnas superan todas as áreas e promocionan.
- Do grupo, 2 alumnos diagnosticados de altas capacidades recibiron en dúas sesións semanais un programa de enriquecemento curricular:
 - no primeiro trimestre impartido pola mestra de ARCO.
 - no segundo trimestre por parte da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
 - no terceiro trimestre este programa foi desenvolvido pola titora, que incidía facendo reforzo educativo na aula.
- No mes de febreiro 1 alumno estivo confinado sete días por ter contacto estreito con positivos en Covid-19. Con este alumno desenvolveuse a docencia telemática a través da aula virtual: subida cada día das actividades das diferentes áreas mantendo unha relación feedback a través do espazo Abalar e videoconferencias na plataforma Webex para explicar contidos e aclarar dúbidas

4.9.2.2.- Medidas extraordinarias.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Establecéronse as medidas e apoios pertinentes tan pronto se detectaron as dificultades para os casos de alumnado con necesidades educativas especiais e dificultades de aprendizaxe, e fóronse adecuando, cambiando, ou manténdose ao longo do curso escolar en función das necesidades de dito alumando.

Da totalidade do alumnado:

- catro alumnos/as recibiron reforzo:
 - Da mestra de ARCO durante dúas sesións no primeiro trimestre.
 - No segundo trimestre das mestras con liberación horaria que incidan facendo reforzo na aula.
 - No terceiro trimestre da titora.
- As dúas mestras con liberación horaria que realizaban reforzo na aula durante durante dúas sesións semanais reforzaron:
 - No primeiro trimestre a 3 alumnos/as.
 - No segundo trimestre aos 4 alumnos/as do programa ARCO.
 - No terceiro trimestre aos 2 alumnos con altas caacidades.
- No terceiro trimestre, dous alumnos recibiron reforzo fóra da aula da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica despois de seren avaliados pola orientadora do centro e amosar problemas de comprensión.
- A partir do segundo trimestre 1 alumna recibiu reforzo fóra da aula da mestra especialista de Audición e Linguaxe durante media sesión á semana.

Todo alumnado que precisou e recibiu reforzo educativo tanto por parte da mestra de Arco como da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, da titora e das mestras con liberación horaria (en total



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

sete alumnos/as) melloraron favorablemente tanto a nivel académico como a nivel emocional..

- Solicitáronse 4 valoracións ao Departamento de Orientación ao longo do curso:
 - 1 deu como resultado alumno dotado de altas capacidades.
 - 2 deron resultado alumnos con problemas de comprensión lectora.
 - 1 deu como resultado problemas de estruturación da grafía e do texto.

4.9.3.- Familias

A reunión colectiva de comezo de curso levouse a cabo o martes 21 de setembro de 2021 por videoconferencia dende o enlace da aula virtual para acceder á plataforma Webex: nela informouse dos aspectos máis relevantes da organización da actividade académica:

- Horarios, áreas e mestres por especialidades, programación de aula, rutinas, procedemento para xustificación de faltas, actualización de datos...
- Explicación do protocolo Covid-19:
 - horas de entrada e de saída, así como dos lugares e formas para facelo.
 - accesos de subida e de baixada para non interferir uns cos outros.
 - uso dos baños.
 - desenvolvemento dos recreos e das merendas.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- organización e distribución da aula en grupos estables de traballo e de convivencia.
- cambio de aula nas especialidades de música, lingua inglesa, arts&crafts, relixión católica e educación física.
- ventilación da aula.
- desinfección das mesas e do material.
- uso do xel hidroalcohólico nos momentos en que non se podían lavar as mans...

Durante o primeiro e o segundo trimestre atendeuse ás familias, na hora estipulada para tal fin, ben por vía telemática (enlace na aula virtual para poder acceder de xeito directo á sala persoal de Webex da titora) ou ben por chamada telefónica, resultando unha comunicación fluída e continua. Algunhas familias tiveron que ser atendidas de xeito presencial (excepcionalmente) nalgunha hora de garda de clase ou nas gardas das tardes para poder conciliar a vida laboral e a familiar.

No terceiro trimestre estas titorías pasaron a ser de xeito presencial no centro debido aos cambios do protocolo Covid.

4.9.4.- Actividades interactivas coas familias.

4.9.4.1.- Xogos de mesa:

- 22 de decembro de 2021 visita de 5 familiares (un por equipo de distribución de alumnos/as) cada un deles cun xogo de mesa co que foron rotando polos distintos equipos.

4.9.4.2.- Contos de boca:

- 5 de novembro de 2021: visita de Paula De Santiago co conto “El lobo en calzoncillos” utilizando diapositivas elaboradas por

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

todos os membros da familia e usando a luz por detrás das mesmas para explicar como incide na diapositiva para que esta se poida ver.

- 10 de decembro de 2021: visita de Juana Rodríguez coa “Lenda dos fogos fatuos”: vídeos con anacos de películas nos que aparecen e libros nos que se fala deles.

4.9.4.3.- Experimentos e STEAM coas familias enmarcados no PDI:

- 12 de novembro de 2021: visita de Lorenzo Canosa para facer un experimento con CO₂.
- 25 de marzo de 2022: visita de Isabel Cortizas para facer un taller de primeiros auxilios.
- 22 abril de 2022: visita de Mariana Saavedra para facer un taller de “Fluído no newtoniano”.

4.9.5.- Propostas

- Continuar co profesorado de apoio as horas que sexan posibles.
- Continuar coas medidas de atención á diversidade considerando o tratado nas diferentes sesións de avaliación e a valoración do Departamento de Orientación.
- Manter os reforzos educativos, aopios de profesorado e medidas ordinarias para o alumnado con dificultades, así como as medidas extraordinarias aplicadas neste cuarto curso de educación primaria, valorando a súa adecuación ás necesidades do alumnado no quinto curso.
- Incidir no traballo da autoestima, intelixencia emocional e cohesión do alumnado, tanto de forma transversal en tódas as áreas como con talleres e dinámicas diseñadas para tal fin.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Continuar co programa de enriquecemento curricular os 2 alumnos de altas capacidades.
- Na medida do posible ter unha hora de garda conxunta as titoras dos dous niveis para concretar e elaborar actividades conxuntas para o ciclo.
- Sería convinte e necesario establecer reunións periódicas co profesorado especialista de PT/AL para establecer criterios e pautas comúns de actuación co alumnado de NEAE.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

5. Memoria anual do 3º ciclo de educación primaria

Neste curso 2021/22 o equipo do terceiro ciclo estivo formado por: Bibiana Grandal Mourente (titora de 5ºA EP), Cristina Acevedo Varela (titora de 5ºB EP), Isabel Torrente Seco (titora de 6º EP), Sandra Martínez Blanco (especialista en E.F. mestra substituta de Abel González Varela) e Macarena Espiñeira Filgueira (especialista en pedagogía terapéutica).

Durante o curso escolar o equipo reuniuse con regularidade para tratar a participación nas diferentes actividades propostas polos equipos de traballo, a realización de saídas e visitas escolares, así como a participación en diversos proxectos.

No primeiro trimestre participamos no programa ARCO (Apoio e Reforzo das Competencias e Orientación). A experiencia con este programa foi satisfactoria e os resultados académicos do alumnado participante melloraron na maioría dos casos e sobre todo mellorou o grado de confianza do alumnado nas súas posibilidades de éxito académico.

O alumnado do noso ciclo participou en todas as conmemoracións realizadas no centro. No primeiro trimestre podemos destacar o traballo de coreográfico feito polo Día Internacional contra a Violencia de Xénero, os contos de medo con motivo do Samaín ou o vídeo realizado para o festival virtual do Nadal. No segundo trimestre cando xa nos animamos a saír do centro, pois as medidas covid xa o permitían, destacan o recitado de poemas nas diversas prazas do concello polo Día de Rosalía, o desfile da festa do Entroido. E xa no terceiro trimestre desfrutamos dunha volta a celebración dos maíos con elaboración conxunta, desfile e bailes na praza do concello. Así tamén volveron as charlas, obradoiros e encontros ao centro que neste curso dedicado á ciencia incluíron visitas de familiares que tiñan moito que aportar sobre o tema.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

5.1. Actividades

Este curso, partindo dende a biblioteca do centro, comezamos un Proxecto Documental Integrado “ Pingas científicas” onde participamos todo o centro.

Tamén realizamos actividades de activación ao comezo da xornada lectiva e de relaxación. Outra das actividades destacadas é a participación na “Milla diaria”, na que o alumnado unha vez á semana percorreu a distancia dunha milla no patio, como promoción do exercicio físico no centro.

Ademais, debemos mencionar a participación dos nenos e nenas voluntarios da biblioteca escolar que se comprometeron a levar a cabo actuacións de organización e xestión da biblioteca e durante todo o curso participaron en pequenos grupos coma contacontos, visitando as aulas de infantil e primeiro ciclo de primaria todos os mércores como contacontos.

Como en cursos anteriores, mostramos a nosa disposición e interese en participar nos obradoiros que o concello ofertou para este curso. Participamos así no programa Cine e saúde, anteriormente chamado Cinensino (xunto co 4º curso de EP). As proxeccións para este curso foron tres, unha por trimestre, sendo estas: “Dora y la ciudad perdida”, “El mejor verano de mi vida” e “Mi amigo Pony”. No cole levamos anos participando nesta actividade promovida polo Concello de Fene, un programa que emprega os medios audiovisuais como soporte e con fins didáctico-preventivos ensinando aos alumnos e alumnas actitudes e comportamentos máis saudables. Participamos nos Obradoiros de Prevención e saúde (Tics), tres sesións no primeiro trimestre nas que se abordou a saúde física, mental e social. E tamén dende o concello participamos no mes de abril na xornada de Atletismo divertido co CEIP Plurilingüe de O Ramo e o centro concertado da Jorge Juan.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Por outra banda, o 4 de marzo tivemos unha charla coa escritora Andrea Maceiras, na que falamos do seu libro “A folla azul” e do seu traballo, así como respondeu ás diferentes preguntas do alumnado.

Tamén, realizamos a excursión de fin de curso ao Muiño de Pedroso co resto do alumnado do centro combinando actividades de sendeirismo, xogos e talleres de artesanía, mantendo os grupos clase na organización das actividades en todo momento.

Por outra banda, cabe destacar outra serie de actividades realizadas ao longo do curso:

- Mochilas viaxeiras.
- Maletas viaxeiras.
- Realización de préstamos semanais da biblioteca do centro.
- Hora de ler.
- Os grupos de voluntariado da biblioteca conta contos aos máis pequenos e pequenas todos os mércores na hora de ler.
- Cóntoche do meu avó e da miña avoa? Visionado mensual de vídeos protagonizados polo alumnado de todo centro.
- Programa de radio.
- Palabra favorita.

5.2. Actividades de formación

Os membros do ciclo formamos parte de diferentes grupos de traballo PFPP que se levaron a cabo este curso no colexio e que tiveron diversas liñas de actuación. Ademais o profesorado implicado no ciclo realizou a formación ofertada de Edixgal no primeiro trimestre.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

5.3. Memoria anual do 5º nivel de educación primaria

O grupo de 5º de Educación primaria estivo composto por 30 alumnos e alumnas, divididos en dúas titorías. 5ºA con 14 alumnos e alumnas e 5ºB con 16 alumnos e alumnas.

5.3.1 Aula 5ºA

- Titora: Bibiana Grandal Mourente, impartindo Lingua Castelá, Lingua Galega, Lingua Inglesa (tamén en infantil, 1º, 2º e 5ºB de Educación Primaria) e Valores.
- Mestres especialistas: Abel González Varela (Educación Física) substituído por Sandra Martínez Blanco, Sabela Paz Romero (Música), Iria González Grande (Arts & Crafts), Teresa Anca Ardao (Relixión Católica), Macarena Espiñeira Filgueira (Pedagogía Terapéutica), Beatriz Lage Vilariño (ARCO) e Emma Pérez Bregua que substitúe a Gloria Gómez Edreira como especialista en Audición e Linguaxe.

O grupo de 5º A de Educación primaria estivo composto por 14 alumnos e alumnas, sendo unha boa cifra que nos permitiu organizar agrupamentos grupais.

Os primeiros días organizamos a clase nunha especie de U, gardando a distancia de seguridade, tendo en conta a situación derivada da COVID 19. Estiveron sentados como quixeron e puiden observar o seu comportamento e roles desempeñados na aula. Organiceí aos estudantes en 3 grupos de 4 ou 5 membros, tendo en conta as indicacións da titora do curso pasado e aos resultados do sociograma, polo que non puxen xuntos a tres deles no mesmo

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

grupo. Para a formación dos mesmos seguíñ a metodoloxía cooperativa, colocando estudantes capaces de dar axuda, estudantes que a necesitan e estudantes intermedios en cada grupo. Durante en curso foron rotando por diferentes grupos ata en 4 ocasións.

Os resultados globais son bos. A maioría dos resultados están entre notables e sobresalientes. Hai dous estudantes que suspenden dúas. Unha persoa, que ten ACS, suspende ciencias sociais e ciencias naturais; e outra suspende lingua galega e lingua castelá.

As familias colaboran, escoitan e aceptan as recomendacións faladas nas titorías, manteño unha estreita comunicación a través de Abalar coa maioría deles.

En xeral o grupo ten bo nivel, destaca o participativos que son. A mairía fan os traballos e tarefas enviados para casa. Nas linguas observei un número significativo de faltas de ortografía.

A adaptación ao programa Edixgal foi boa por parte do alumnado, pero observei que non se orientan ben á hora de volver a buscar a información explicada na clase e iso lles dificulta á hora de facer os exercicios ou estudar. Como mestra, a experiencia para min foi bastante demandante xa que non teño moitos coñecementos informáticos e era habitual que houbera problemas de acceso, que non cargasen os ordenadores ou que se bloquearan, polo que a duración das sesións se viu reducida en moitas ocasións.

As características do grupo fixeron necesario aplicar diferentes medidas de atención á diversidade. Con relación á diferenza de ritmos, leváronse a cabo actividades de reforzo e ampliación.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

No primeiro trimestre contamos co programa ARCO no que participaron catro estudantes da clase, dedicando tres sesións semanais, dentro da aula.. Os resultados do programa foron satisfactorios para o alumnado participante, sendo positivo que volvese a levarse a cabo no curso seguinte. Ademais, contaban cunha sesión de apoio na clase de matemáticas pola titora de titora de 3º. Unha vez rematado o programa ARCO, no segundo e terceiro trimestre os apoios foron asumidos pola especialista de PT. Facendo apoio dentro da aula do estudante con ACS e sacando a dous alumnos da aula nunha hora de leer para traballar temas relacionados coa escritura.

5.3.2 Aula 5º B

- Titora: M^a Cristina Acevedo Varela, impartindo Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Arts&Craft (en 3º, 4º e 6º de Educación Primaria).
- Mestres especialistas: Bibiana Grandal Mourente (Lingua Estranxeira, Inglés), Abel González Varela (Educación Física) substituído por Sandra Martínez Blanco, Sabela Paz Romero (Música), Iria González Grande (Arts & Crafts) Ana Barro Casas (Valores), Teresa Anca Ardao (Relixión Católica) Macarena Espiñeira Filgueira (Pedagogía Terapéutica), Beatriz Lage Vilariño (ARCO) e Emma Pérez Bregua que substitue a Gloria Gómez Edreira como especialista en Audición e Linguaxe.

Ao longo do curso leváronse a cabo as reunións prescriptivas de coordinación docente, claustros, Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica...

O grupo de 5º B de Educación primaria estivo composto por 16 alumnos e alumnas, un número ideal de estudantes que da lugar a diversos agrupamentos. Comezamos o curso con catro grupos de catro escollidos por

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

eles. A distribución resultou positiva pois xa que comezábamos con grandes cambios facía que estiveran contentos. Durante o curso estes grupos foron cambiando os seus integrantes para favorecer a convivencia e aprender a traballar, integrarse e adaptarse en calquera grupo. É un grupo uniforme salvo por un alumno que está por debaixo do nivel dos seus compañeiros e compañeiras.

Os resultados globais foron bos, todos apoban as materias agás un alumno que suspende catro e que comezou o curso moi por debaixo do nivel dos seus compañeiros e que este curso foi avanzando cos apoios do programa ARCO e a especialista de PT durante todo o curso.

O clima de traballo é bo pero chama a atención que costa moito centrar a atención de todos e que realicen unha escoita activa ao mesmo tempo.

O comportamento é o adecuado para a súa idade, os maiores problemas na clase e que respeten os tempos de traballo. Entre eles e elas lévanse bastante ben, os problemas cando surxen é por comentarios que fan entre eles.

As familias colaboran, escoitan e aceptan as recomendacións faladas nas titorias, houbo familias coas as que tiveron que chamar ou mandar mensaxes por Abalar para facer un seguimento do alumno.

En xeral o grupo ten bo nivel, destaca o participativos que son e o interese que demostran nas ciencias. Nas linguas observei un gran número de faltas incluso no uso das maiúsculas, cofusións entre g e j, c e z...

A adaptación ao programa Edixgal foi boísima por parte do alumnado ao que lles motiva moito o uso dos ordenadores tanto na realización das actividades como no uso de búsqueda de información. Como mestra a experiencia para min tamén é moi positiva e se ben no primeiro trimestre

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

non alcanzamos a totalidade dos contidos previstos, arrancar a traballar cun método novo e cun grupo de nenos donde non todos tiñan acceso e coñecementos de informática é algo para valorar moi positivamente.

As características do grupo fixeron necesario aplicar diferentes medidas de atención á diversidade. Con relación á diferenza de ritmos, leváronse a cabo actividades de reforzo e ampliación.

No primeiro trimestre contamos co programa ARCO no que participaron tres estudantes da clase, dedicando tres sesións semanais, tanto dentro da aula e media sesión fóra da aula, tempo de hora de ler, co alumno que máis o necesitaba. Os resultados do programa foron satisfactorios para o alumnado participante, sendo positivo que volvese a levarse a cabo no curso seguinte. Ademais, contamos cunha sesión de apoio da titora de 4º a última hora dos mércores no primeiro e segundo trimestre. Unha vez rematado o programa ARCO, no segundo e terceiro trimestre os apoios foron asumidos pola especialista de PT. Un alumno foi valorado ao final do segundo trimestre dun alto grado de dislexia e recibiu unha sesión fóra da aula coa especialista de AL.

5.3.3 Actividades 5º

Neste curso, programáronse actividades individuais e grupais, dentro dunha metodoloxía global, para favorecer a participación do alumnado e a construción de aprendizaxes significativas. En todo momento seguíronse as indicacións e pautas dadas polo protocolo Covid.

O alumnado participou en diversas actividades conmemorativas do Centro: Magosto, Festival de Nadal, Día da Paz, Entroido, Día da muller, Semana da Prensa, Festa dos Maios, Día das Letras Galegas...

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

No primeiro trimestre un grupo de alumnas e alumnos de maneira voluntaria participaron no certame “Coreografáate” organizado pola AS-PG en colaboración coa Deputación da Coruña e conseguiron o 2º premio na categoría centros de ensino.

Relacionadas coa temática do PDI “ Pingas Científicas” o alumnado de 5º participou na G-NIGHT o 24 de setembro, unha xornada científica para escolares organizada este ano en Galicia e nós participamos no Campus Universitario de Ferrol. Neste primeiro trimestre embarcámonos no Programa D´tec Novos Materiais coa Axencia Galega de Innovación e o CIS Tecnoloxía e Deseño. Neste programa e mediante actividades e experiencias prácticas traballamos e aprendimos sobre novos materiais e rematamos co proxecto de gravar nun vídeo a elaboración do Slime perfecto, acadando moi bos resultados. O éxito desta actividade fixo que o Día da Nena na Ciencia as alumnas de quinto divididas en grupos acudiran ao resto das aulas para ensinarlles aos compañeiros e compañeiras como elaborar un Slime e facer de mestras por un día.

Continuando a participación no programa D´tec solicitamos a participación nos Novos obradoiros D´tec e no mes de xuño xunto co alumnado de 6º visitamos as instalacións do CIS tecnoloxía e Deseño para participar nos obradoiros “ Materiais innovadores” e “ Somos exploradoras/es... espaciais”.

No mes da Ciencia tivemos a visita do pai dunha alumna e o seu compañeiro de traballo que nos achegaron os avances científicos no campo da medicina. Visionamos a película Flubber y el profesor chiflado e tivemos unha xornada cos paneis de robótica elaborados sobre os inventos.

Tamén, participamos nos diversos proxectos a nivel de centro, como a “Milla diaria”, as actividades de activación e relaxación do programa Edusaúde, os obradoiros do programa Iguale-T, da que temos que destacar polo seu

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

interese para o noso alumnado o obradoiro “Con mucho gusto!” sobre sexualidade e as actividades do programa Convive-T.

Ademais, este curso, no que o centro está incluído no PLAMBE, o alumnado participou no programa de Voluntariado de Bibliotecas Escolares.

Por outra banda, tivemos un encontro coa escritora Andrea Maceiras con Manuel Rivas para falar sobre a lectura realizada polos nenos e nenas do seu libro “A folla azul”. No mes de xuño visitamos a exposición “ Volta á orixe” de Xaquín Marín no Museo do Humor.

5.3.4 Avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado foi continua e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas e fixándonos no desenvolvemento das competencias clave e a consecución dos obxectivos propostos, utilizando, entre outras, as técnicas que seguen:

- Observación sistemática directa e indirecta.
- Intercambios orais co alumnado.
- Análise das producións do alumnado.
- Realización de probas escritas e orais.

No que respecta á avaliación ordinaria do alumnado, os resultados obtidos son os que se relacionan a continuación:

Na aula de 5ºA:

- Doce alumnos e alumnas aproban todas as áreas.
- Dous alumnos suspenden dúas áreas, aínda que promocionan.

Na aula de 5ºB:

- Quince alumnos e alumnas aproban todas as áreas.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Un alumno suspende catro áreas, aínda que promociona obrigatoriamente.

A comunicación coas familias do alumnado foi constante, favorecedora sempre da aprendizaxe, comezando xa na reunión xeral conxunta de todas as familias no mes de setembro. Grazas á boa implicación dos pais e nais da aula, houbo reunións grupais e entrevistas individuais, de tutoría, para comentar distintos aspectos do proceso evolutivo das nenas e nenos. Debido a actual situación coa pandemia, utilizáronse diversas canles de comunicación co alumnado e familias: a aplicación abalarMóbil, a páxina web do centro e xa en canto a situación da pandemia mellorou volveuse as tutorías presenciais.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcentieiras/>, o entorno virtual de aprendizaxe propio de E-Dixgal, a aula virtual do centro e a plataforma para videoconferencias Webex.

Como é habitual mandouse información por escrito do rendemento global do alumnado unha vez por trimestre, ao remate do mesmo.

5.4 Memoria anual do 6º nivel de educación primaria

- Titora: Isabel Torrente Seco (desde marzo de 2022)
- Mestras especialistas: María Cristina Acevedo Varela (Arts), Teresa María Anca Ardao (Relixión Católica), María Macarena Espiñeira Filgueiras (Pedagogía Terapéutica), Iria González Grande (Lingua Estranxeira, Inglés), Sandra Martínez Blanco (Educación Física e Robótica), Sabela Paz Romero (Música).

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

O grupo de 6º de educación primaria foi heteroxéneo e estivo formado por 19 alumnas e alumnos que formaron parte do proxecto Edixgal. Deste xeito, cada un/unha dispoñía dun ordenador portátil para uso educativo, tanto na escola coma na casa.

Trátase dun grupo con moitas diferenzas en canto a ritmos, capacidades e estilos de aprendizaxe, así coma de intereses e motivacións. En xeral, amosaron interese polas tarefas escolares e participaron nas actividades propostas. Non obstante, observouse falta de hábito de estudo individual por parte do alumnado, polo tanto, traballouse neste eido durante a terceira avaliación.

En liñas xerais, o clima de traballo foi bo, non habendo conflitos importantes nin conductas contrarias á convivencia significativas.

Con relación á diferenza de ritmos, programáronse actividades de reforzo e ampliación. Utilizáronse recursos de uso autónomo, tales como actividades interactivas, aplicacións dixitais, xogos didácticos e outros materiais para a mellora da atención e o fomento da motivación. Tamén se empregaron materiais impresos para axudar á adquisición e a práctica de determinados contidos.

En canto á metodoloxía empregada, programáronse actividades individuais e grupais, dentro dunha metodoloxía global, para favorecer a participación do alumnado, e buscando o éxito na construción de aprendizaxes significativas, dada a diversidade que sempre existe nos grupos que reflicten deste xeito a realidade.

O alumnado distribuíuse en pequenos grupos co obxectivo de favorecer a aprendizaxe social, o traballo colaborativo e a creación de vínculos.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

As características do grupo fixeron necesario aplicar diferentes medidas de atención á diversidade. En canto ao alumnado con NEAE, atopamos os seguintes casos:

Un alumno/a con adaptación curricular nas áreas de ciencias da natureza, ciencias sociais, lingua castelá, lingua galega e matemáticas que recibiu unha sesión semanal de apoio dentro da aula por parte da mestra especialista de PT e unha sesión de apoio dentro da aula impartida pola mestra especialista en música. A alumna ten un baixo rendemento académico, falta de estudo e traballo individual. Ademais, sofre falta de integración e aceptación por parte do resto do grupo.

Un alumno/a con dislexia que recibiu dúas sesións de apoio fóra aula por parte da mestra especialista en PT. A pesar disto, non se observa moito avance neste alumno/a, que segue a presentar moitas dificultades, un ritmo de traballo lento e un rendemento académico baixo.

Un alumno/a con dislexia que mellorou xa na segunda avaliación as dificultades que presentaba grazas á axuda das mestras de PT e AL, á terapia visual que realizou fóra do centro e ao traballo e esforzo individual que realiza na casa coa axuda da súa familia. Durante a terceira avaliación realizouse un seguimento diario na aula sobre o seu avance e unha avaliación psicopedagóxica por parte da Orientadora do centro. Tanto a observación e seguimento diarios, como a avaliación específica realizada pola xefa do DO confirman que o alumno amosa unha melloría notable.

Un alumno/a con dislexia que recibiu dúas sesións de apoio fóra aula por parte da mestra especialista en PT e que supera satisfactoriamente os obxectivos do curso.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado foi continua e global, tendo en conta o seu progreso no conxunto das áreas e atendendo ao

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

desenvolvemento das competencias clave e a consecución dos obxectivos propostos. Os procedementos e instrumentos de avaliación baseáronse na observación sistemática, escalas de observación, listas de cotexo, análise das producións do alumnado, probas específicas obxectivas, avaliación de contidos traballados con probas de resposta tanto tipo test como de respostas abertas.

A comunicación coas familias do alumnado seguiu a ser constante e favorecedora da aprendizaxe. Levouse a cabo mediante reunións individuais, de titoría, para comentar distintos aspectos académicos e outros propios do proceso evolutivo das rapazas e rapaces. Tamén se mantivo unha comunicación habitual a través da plataforma Abalar. Favoreceuse a comunicación co alumnado fóra do horario lectivo mediante as aplicacións de mensaxería da plataforma Edixgal e da aula virtual do centro, posto que as empregaban cando tiñan dúbidas.

O alumnado de sexto participou en todos os proxectos realizados no centro, así como nas actividades conmemorativas e celebracións levadas a cabo: Día contra a violencia de xénero, Magosto, Día da Paz, Entroido, Maíos e Letras Galegas.

Tamén realizaron aquelas saídas didácticas que o profesorado considerou oportunas.

Este curso, no que a biblioteca segue a estar incluída no PLAMBE, o alumnado de sexto participou no programa de Voluntariado de Bibliotecas Escolares, sendo unha experiencia enriquecedora e motivadora para elas e eles.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

6. Memoria anual de educación física

Mestre: Abel González Varela (Sandra Martínez Blanco, mestra substituta dende o mes de outubro ata o remate do curso escolar)

A nivel xeral, o comezo do presente curso académico 2020/2021 estivo marcado pola continuidade da situación pandémica da Covid19 e que xa nos tocou vivir ao remate do curso anterior.

Este ano, seguiuuse o protocolo xeral de actuación vixente en cada momento para atender do millor xeito posible a todos os/as integrantes da comunidade educativa, e nel facíase referencia ao que atíñe á área de Educación Física (desinfección de mans e materiais tralo seu uso, ventilación do ximnasio, espazos propios para cada alumno, distancia de seguridade, actividades ao aire libre preferiblemete,...)

Empregouse o tapabocas aínda sendo o desenvolvemento das clases no exterior, metres este foi obrigatorio; cando un alumno/a precisaba baixalo para respirar, para soarse os mocos ou para beber, sabían que tiñan que dispersarse e buscar un oco libre sen xente ao seu arredor. Cando o uso do tapabocas deixou de ser obrigatorio, o alumnado escolleu a opción que considerou máis axeita ao seu criterio.

Priorizouse, sempre que foi posible, o uso do espazo ao aire libre para a práctica das clases deportivas. Se puxeramos unha porcentaxe de uso sería

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ao redor dun 80% do total das clases. Cabe destacar que os días de choiva e frío eran bastantes “sufridos” polo constante aire e vento que entraba no pavillón ao carecer este de peche perimetra, incluso a primeiras horas de mañá e coa xeadada a pista tiña zonas impracticables (risco de caídas) Cando as clases se desenvolvían no ximnasio sempre eran coas dúas fiestras abertas de par en par e cando se podía, a maiores a porta.

Comezouse o curso priorizando o traballo individual fronte ao cooperativo e colectivo, sendo ademáis axeitado este plantexamento xa que coincide con actividades de posta en acción e condición física, para desenvolver con éxito os seguintes contidos. Se ben é certo que a medida que iam transcurrido no curso, o traballo individual foi quedando máis cara un segundo plano, este feito foi debido ao progreso da pandemia e ao senso da responsabilidade que me foi demostrando ao longo do curso o alumnado, podendo traballar xa xogos e deportes de cooperación e de cooperación-oposición.

Nas tarefas e actividades grupais tentouse respetar sempre que fose posible, os grupos estables de aula que tiñan establecidos, o que facilitou o control tanto nas actividades motrices das sesións como no control do aseo.

Respecto ao material empregado, sinalar que todo o material empregado por un alumno ou un grupo se desinfectou para ser despois empregado polo seguinte. Foi bastante costoso polo tempo que se perdía na desinfección do mesmo para poder ser empregado polo seguinte grupo, de ser o caso.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Recalcar que durante todo o curso, o alumnado desinfectaba mans antes (xel hidroalcolico) e despois de cada sesión (lavado de mans con auga e xabón no aseo)

Ao rematar as clases, ían ao aseo ao lavado de mans e a cambiar camiseta; no aseo seguíronse as normas covid en todo momento, respetando espazo e aforo e establecendo quendas para poder acceder; as quendas cando a situación foi máis complexa, fixéronse por parellas dos grupos estables da aula, para minimizar así ao máximo os riscos de contaxios.

Ao tratarse dun centro de liña 1, a mestra especialista de educación física foi a única encargada de impartir docencia en dita área en toda a etapa de primaria, ao igual que a docencia da psicomotricidade na etapa de educación infantil.

A área de educación física, un ano máis, tivo como finalidade principal a competencia motora do alumnado, entendéndose como o conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples e variadas interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais, e que permitiu que o alumnado superase os diferentes problemas motores propostos, tanto nas sesións de educación física como nas súas vidas cotiás. Sempre plantexados de xeito coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, empregando estratexias inclusivas e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora, fundamentalmente.

O alumnado foi quen de ter experiencias motoras para explorar o seu potencial motor á vez que desenvolveu todas as súas capacidades motoras. Isto implicou mobilizar toda unha serie de habelencias motoras, actitudes e valorse en relación ao corpo, en múltiples situacións de ensino-aprendizaxe, nas que a experiencia individual e colectiva permitiu adaptar a conduta motora a diferentes espazos.

As competencias adquiridas permitíron comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habelencias motoras básicas con complexidade crecente a medida que se progresou en cada nivel. As propias tarefas axudaron ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto ás capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para acadar metas, a aceptación das regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

As sesións de Educación Física xiraron ao redor do xogo, o máis importante recurso como situación de aprendizaxe e ferramenta didáctica ao tratarse dun elemento cun altísimo carácter motivador e lúdico. Do mesmo

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

xeito votáronse mans doutros estilos de ensinanza, como foi o descubrimento guiado ou resolución de problemas. O estilo do mando directo (totalmente directivista) empregouse só nos casos onde a situación motora e pola organización da clase así o requería. Aínda así, como se falou anteriormente e debido á situación pandémica, fíxose máis uso do traballo individual e directivista do que se tería que levar a cabo dentro da nosa área se non estiveramos a vivir esta situación.

A sesión de Educación Física tentouse levar a cabo seguindo as 5 partes que nos aconsella Sánchez Bañuelos, aínda que a maiores, introducimos a do aseo persoal, traballando deste xeito a importancia do coidado e respecto polo noso corpo (Bloque V de Actividade física e Saúde). Como ben é sabido, é practicamente imposible poder realizar todas as fases no tempo que dura unha sesión (50 min.), e máis aínda se temos en conta a situación da Covid. Por tal motivo este plantexamento de sesión quedou reducido a tres – catro fases: animación, parte principal, volta á calma e aseo. Este aseo sempre foi enfocado cara o lavado e desinfección de mans con auga e xabón. Só cando o tempo se nos botaba enriba recurríamos ao xel hidroalcolico. Propúxose o cambio de camiseta a todo o alumnado de E.P, para iniciarse así no coidado e aseo do propio corpo, sendo voluntario nos primeiros cursos e facendo un control máis exhaustivo no 3º ciclo, dado as características corporais destas idades.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Cabe destacar o curtas que foron as sesións anteriores ao recreo, sobre todo cando se incorporou o tempo de merenda tamén nesta sesión (saíndo principalmente afectado 5ºB cos dúas sesións antes do recreo) Do mesmo xeito pasaba coas clases de última hora xa que a serea para marchar para a casa comezaba a soar ás 13:50h. Todo isto supoñía que tiveramos que recoller con antelación, acúrtándose o tempo total de sesión.

Como ben citei anteriormente e debido á situación pandémica, o espazo empregado maioritariamente para a realización das sesións foi o pavillón. Este feito fixo que en moitos momentos, principalmente nos meses de outono e inverno, tiveramos que soportar bastante friaxe por mor de que non está pechado perimetralmente o cal pode propiciar a aparición de crises asmáticas, resfriados ou incluso neumonías, especialmente no alumnado ao estar suando. Do mesmo xeito, se chove con forza e con vento, ademais da friaxe citada anteriormente, dependendo de onde sopra o mesmo, unha parte importante da pista queda inutilizada por mor da auga ou da humidade da mesma. Este feito fai que moitas zonas sexan perigosas pois o alumnado tende a esvarar con moita facilidade xerando un importante risco de lesións. A maiores, este feito ocasiona que todo o material empregado para lanzar (balóns, pelotas...) acaban saíndo polas zonas perimetrais o que provoca que se empape e manche, e ao ir a buscalos os rapaces/as, estes móllanse provocando unha perda importante de tempo, ademais da humidade que collen no corpo. Se temos en conta todo o citado anteriormente (con especial

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

fincapé na climatoloxía) fai que o ximnasio sexa un espazo moi apropiado para o seu uso nos meses fríos (en situación non pandémica). Esta dependencia dista moito de ter unhas condicións axeitadas para a práctica de actividades físico-deportivas. A existencia de dúas columnas no medio do espazo, dimensións non moi grandes, unha altura insuficiente, illamento térmico moi deficiente e humidades xeneran unha dificultade cara a boa práctica deportiva (na etapa de Educación Primaria e na Psicomotricidade).

Outros espazos cos que conta o centro son: amplos espazos verdes e abertos e un campo de fútbol de terra.

Todo este compendio de situacións limita enormemente a posibilidade de ofrecer ao alumnado un abano amplo de actividades físico-deportivas que lles aporte un maior desenvolvemento das súas habelencias motoras e da súa cultura deportiva.

En relación aos recursos materiais, cabe destacar que existe un listado non moi variado. Queda pendente renovar ano a ano aqueles que foron deteriorándose ao longo do curso e ir adquirindo outros para substituílos, ao tempo que é convinte mercar outros materiais diferentes pero novidosos. A área de educación física fai preciso o uso e posta en práctica de múltiples e variados materiais deportivos, pois deste xeito conseguimos un amplo abano de experiencias e posibilidades motoras. Mercáronse diversos materiais, entre eles: frisbees de foam de diversas cores, o xogo do Dobble XL (para

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

psicomotricidade e primeiros cursos de E.P, para traballar percepción visual, velocidade de reacción, axilidade, habilidades motrices,...), un compresor para o ximnasio, gomas elásticas, 2 pelotas para o paredón, 3 balóns blandos para uso no ximnasio, unha slakeline para poñer no exterior para a iniciación ao equilibrio, aneis baldos e postes para encestar, paracaídas de diversas cores e para traballar en parellas, un xogo de culler e ovos para xogos populares, e por último e máis importante, fíxose a compra e instalación dun rocódromo para o exterior (xa que así pódese facer uso del tanto nas propias sesións de E.F ou psicomotricidade, como no patio de recreo mediante o establecemento de quendas por cursos e días)

Este ano o colexio acolleuse ao contrato programa EDUinnova, concretamente na modalidade de EDUsaúde, convertindo o nosos centro nun centro dinamizador de hábitos de vida saudable, co fin de aumentar o cómputo global de horas adicadas á practica de actividade física e tamén a mellora dos hábitos alimenticios.

As diferentes actividades que contribuíron a todo iso foron as seguintes:

- Implantamos ao comezo da xornada unha sesión de “ACTIVACIÓN”. Só 5 – 10 minutos pretendendo que o alumnado se activara provocando unha maior enerxía para o desenvolvemento da xornada escolar. Para o desenvolvemento desta actividade, creouse no blogue



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

de E.F “O Furancho da E.F”, dentro da páxina web do colexio, un recurso moi práctico, cómodo e visual, que foi un “Symbaloo”. Neste, organizaronse por ciclos un amplo abano de enlaces a diversas propostas lúdicas e gamificadas para traballar: ritmo, condición física, habilidades motrices, coordinación ... as cales resultaron moi atractivas para o alumnado xa que buscouse en todo o momento temáticas que resultasen do seu interese e agrado.

- Tamén se incorporou unha sesión de “RELAXACIÓN” (5 – 10 min.), xusto á volta do recreo e antes do inicio da lectura. O obxectivo principal era calmar o estado de alteración do alumnado á volta do tempo de lecer xenerando unha nova motivación para promover de novo a concentración no resto da xornada escolar. Aquí empregouse igualmente o “Symbaloo” con diferentes propostas por ciclos de E.P e para E.I, entre elas: música relaxante para ler, sons da natureza, mini sesións de ioga, mindfulness, etc.
- Instaurouse a chamada “MILLA DIARIA” en toda a etapa de infantil e primaria (con adaptación segundo as idades). Un percorrido delimitado (milla terrestre: 1.600m) onde o alumnado tiña que percorrer un recorrido ata completar unha milla terrestre. En función do grupo que lle tocase tiñan que dar un maior ou menor número de voltas ata completar dita distancia. A idea era tratar de facer o recorrido sempre



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

trotando, pero de non ser capaz, completalo andando pero a poder ser a paso lixeiro.

- Tamén se levou a cabo unha gamificación de “RETOS SAUDABLES”, denominados “Misións”, que o alumnado tiña que superar para poder alcanzar un premio ou recompensa. Estes retos estiveron relacionados co aumento de actividade física e coa alimentación saudable (prato Harvard, pirámide alimenticia, menú saudable,...) Foron publicados no blogue de E.F, tras a introdución dun vídeo de presentación, no cal se pedía axuda ao alumnado para poder vencer aos “Static”, uns malvados personaxes que querían transformarnos en estáticos e sedentarios. Todo o alumnado de E.P se implicou nas misións e conseguiron recompensas como: materiais para as caixas do recreo, sesións libres de E.F, xogo ou deporte a escoller para unha das sesións,...
- Durante todo o curso, todo o centro levou a cabo as “PARVAS SAUDABLES”, propostas de alimentación saudable para mellorar a alimentación no colexio e crear e fomentar un hábito saudable no alumnado para que podan estrapolalo a súa vida cotiá.

Na etapa de Educación Infantil decidimos que en vez de realizar a sesión de ACTIVACIÓN a primeira hora da mañán, iamos instaurar un PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN TEMPERÁ. Para elo seguimos ao médico Glenn Doman e en concreto o seu “Programa de Excelencia Física”.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Todos os días o alumnado de cada curso (ao redor de 10 min.) e por quendas establecidas, realizan diferentes actividades encamiñadas a potenciar non só a motricidade, a coordinación global... senón tamen outros aspectos como o equilibrio, a forza, a seguridade, a autoconfianza, etc. Todo isto fai, segundo este autor, que o alumnado a maiores millore no seu rendemento académico, entre outros aspectos. As tarefas a desenvolver se resumen en tres apartados:

- a) Competencia en mobilidade: carreira, gateo e arrastre.
- b) Competencia manual: braqueo
- c) Programa activo de equilibrio

Cabe destacar a gran acollida que tivo dentro do profesorado, pero dun xeito especial entre o alumnado, todas as tarefas mencionadas anteriormente e enmarcadas dentro do noso PDI. A idea é que sexa continuísta no vindeiro curso escolar.

Dende a nosa área tentouse de dar impluso ao uso das TIC , por iso os recursos de activación, relaxación, misións saudables (retos), recursos como “Genially” de contidos de E.F, información de escolas deportivas, ... se compartiron no blogue da área “**O Furancho da EF**”. Preténdese con isto, mantelo vivo con información variada para alumnado e familias, respecto a asuntos de deporte, educación física e saúde.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

O alumnado participou en diferentes actividades deportivas, entre elas: “Atletismo Divertido” (Xogade) realizando probas de atletismo: carreiras, relevos, saltos, lanzamentos, ...e ao que acudiron outros centros da contorna; participación na “Milla Deportiva”, organizada polo concello de Fene; “O día do Peón” no que se realizaron diferentes propostas lúdicas con xogos por niveis para a práctica co peón; “Coreografíate” concurso de coreografía con música galega, no cal acadamos o segundo premio de Galicia; “Flashmobe” polo 25N, proposta do concello de Fene; Coreografía dunha muiñeira na praza do concello pola conmemoración das Letras Galegas; Clases de iniciación ao tenis impartidas por monitores do clube de tenis local “Justo al revés” ...

Ao longo do curso escolar foise desenvolvendo a programación establecida para os distintos niveis, pero adaptándoa á situación concreta do contexto. Todas as unidades didácticas previstas na programación, todos os blogues de contidos sinalados no currículo de educación primaria, foron traballados en maior ou menor grao ao longo do curso.

Así pois, a área de educación física tentou contribuír ao desenvolvemento dos obxectivos e fins da educación infantil e primaria, así como a desenvolver as sete competencias clave. É importante lembrar que a área de educación física permite traballar de xeito intra e interdisciplinar en

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

moitísimas unidades didácticas durante o ano académico, de aí que se traballaran nalgún momento a maioría dos estándares previstos.

En xeral, todos os grupos foron moi positivos a nivel de comportamento e actitude cara a práctica de actividade física. Aínda así sempre hai alumnado que, igual que todos os cursos independentemente do colexio que sexa, sería desexable que, nalgúns casos, alcanzaran unha actitude máis respectuosa, tolerante e xenerosa na práctica das actividades físicas. Pese a todo, os resultados académicos foron todos satisfactorios xa que o alumnado acadou os obxectivos propostos.

Este curso levouse a cabo unha o proxecto de dinamización dos recreos. Esta dinamización dos tempos de lecer está como un dos obxectivos xerais plantexados non só desde a educación física, senón desde o propio centro educativo. O plantexamento para desenvolver esta dinamización foi: o uso de caixas con diversos materiais en cada unha das zonas establecidas no patio de recreo. Os materiais das caixas foron seleccionados en función dos recursos que ofrecía cada zona e algúns deles foron renovados a metade do curso para manter a motivación do alumnado.

Na **EDUCACIÓN INFANTIL** as actividades propostas trataron un ano máis de enriquecer as súas respostas motoras desenvolvendo, fundamentalmente, aptitudes perceptivas e coordinativas mediante xogos sensoriais e motores. Traballouse a coordinación dinámica xeral e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

habilidades motoras perceptivas (percepción espacial e temporal) e básicas (correr, saltar, rodar... ao longo de todo o curso) con tarefas que permitiran dominar os distintos tipos de desprazamento e tamén de equilibrio estático e dinámico. Realizáronse xogos onde se fixo referencia á noción de espazo: pequeno, grande, dentro, fóra, arriba, abaixo; e tempo: lento, rápido... A forma de levar a cabo as sesións, partiu de actividades libres e espontáneas, para dar paso posteriormente a actividades suxeridas: xogos, circuítos, estacións. Debido á dificultade de atención durante moito tempo por parte dos nenos/as destas idades, sobre todo do alumnado de 3 anos, procurouse que os xogos fosen diversos e variados, pois perden a motivación se a tarefa é excesivamente longa. Mediante os xogos e as actividades de organización e colaboración en grupos, pretendeuse facilitar a socialización, creando un clima agradable e distendido que facilitase ao alumnado a participación.

Durante o curso o alumnado desenvolveu progresiva e favorablemente a súa Psicomotricidade.

No 1º e 2º nivel de EDUCACIÓN PRIMARIA o traballo fundamentouse no desenvolvemento e afianzamento das habilidades perceptivas e na iniciación das habilidades básicas, tratando contidos como o esquema corporal, a lateralidade, a orientación espazo – temporal, o desenvolvemento sensorial, ... todo a través do xogo e actividades lúdicas. Tamén se traballaron os xogos populares e tradicionais e a iniciación a deportes alternativos.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

En xeral, o alumnado deste ciclo non presentou ningún problema salientable no aspecto motor global; si houbo en 1º de E.P un alumno no que se observa unha certa inmadurez na súa motricidade global e debilidade no ton muscular, co que se propón e acosenlla aumentar a actividade física fóra do horario lectivo.

Os contidos da programación déronse, practicamente na súa totalidade, cun alto grao de consecución dos obxectivos que facían referencia ao desenvolvemento das capacidades perceptivo – motoras (percepción espazo – temporal, coordinación...) e a aprendizaxe de habelencias e destrezas motoras.

En xeral, tratouse de favorecer a consolidación do esquema corporal, mellorando no alumnado o control do corpo en movemento, desenvolvendo habelencias de desprazamento, salto e xiro, equilibrios e iniciándose no lanzamento e recepción de móbiles. Traballáronse tamén conceptos relacionados coa saúde e a alimentación saudable.

No 3º e 4º nivel de EDUCACIÓN PRIMARIA traballáronse as habelencias básicas, así como as capacidades perceptivas de orientación espazo – temporal, comezando cun traballo da Iniciación Deportiva, os xogos populares e deportes alternativos. A pesar das diferenzas individuais en canto ás súas capacidades motoras, non houbo ningún alumno/a que tivera dificultades importantes que lle impedira seguir o ritmo normal da clase. O

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

grao de consecución dos obxectivos foi moi amplo, acadando todos os alumnos e alumnas que remataban ciclo, os obxectivos mínimos. As actividades programadas tiveron fundamentalmente, co xogo, un compoñente lúdico, o que propiciou un elevado grao de motivación que resultou fundamental para a consecución das capacidades motoras. Nos dous niveis traballouse igualmente a hixiene persoal.

No 5º e 6º nivel de EDUCACIÓN PRIMARIA atópanse na etapa de iniciación deportiva ou fase de desenvolvemento das habelencias específicas, destacando os aspectos perceptivos, decisorios e de participación por enriba dos tácticos. Os contidos traballados irían dende os deportes individuais (p. ex. o atletismo), pasando polos deportes de adversario (p.ex. tenis), actividades artístico-expresivas (p.ex. acrosport, danzas e bailes, expresión corporal,...) ata os deportes de equipo adaptados e deportes alternativos (p.ex. baloncesto, ultimate, colpbol, tripela...). Pouco disto pódose traballar da millor maneira posible por mor do comentado anteriormente respecto ao pavillón. Igualmente traballáronse outros aspectos relativos á condición física (velocidade, resistencia, forza e flexibilidade) dun xeito gamificado a través do “Among Us”, o equilibrio, coordinación dinámica xeral, etc. así como xogos populares e tradicionais.

Nos alumnos e alumnas de 3º Ciclo observáronse certas diferenzas individuais en canto ás súas capacidades e calidades motoras, sobre todo en

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

aspectos deportivos e en habelencias motoras. Destaca aquel alumnado que xa ten experiencias deportivas previas respecto do que non as ten (xente que xeralmente practica un deporte).

Atopámonos alumnos e alumnas cunha gran competencia motora e outro grupo que amosaba máis dificultades, fundamentalmente en destrezas básicas aplicadas aos diferentes deportes. Sen embargo, non houbo ningún alumno/a que tivera verdadeiras dificultades que lle impedira seguir un ritmo normal da clase. Todos os alumnos e alumnas conseguiron superar os obxectivos mínimos do ciclo. O aspecto lúdico das actividades (o xogo novamente como elemento motivador) foi fundamental para a consecución deses obxectivos, onde todos e todas participaron en función das súas posibilidades. Procurouse que primaran aspectos cooperativos e participativos sobre os puramente competitivos do xogo.

No vindeiro curso **2022/2023** algunhas das propostas de millora a considerar, poderían ser as seguintes:

- **Instalacións deportivas:** seguir demandando milloras (tanto a curto como a medio prazo) ás distintas administracións. Colocación doutro par de canastras pero neste caso de minibasket, xa que o máis pequenos teñen imposible poder facer uso das que están instaladas, redes para as porterías da pista de terra, mellora do parque da zona verde,... Dispoñer dun ximnasio que reúna unhas mellores condicións

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

(cousa complicada por falta de espazos axeitados) e un pavillón perimetralmente pechado, é algo que precisamos para sacarlle o máximo proveito á área de Educación Física.

- **Arranxo de espazos exteriores:** correcta cementación dos arredores do colexio (patios) polo deterioro existente do actual, quedando os cantos de pedra ao aire, o cal supón un grave perigo para os nenos/as se caen ao chan durante o recreo (especialmente os nenos/as de educación infantil), dotar de chan de corcho onde vai instalado o rocódromo, ...
- **Recursos materiais:** renovar algúns específicos da área debido o seu estado de deterioro e adquirir outros variados e motivantes.
- Continuar co proxecto de **dinamización dos recreos**, levando a cabo milloras no patio e poñendo en marcha iniciativas lúdicas.
- Continuar coa **preparación da zona de Estimulación Temperá** en EI (acolchar a parede e o chan debaixo da escaleira de braquiación)
- **Dinamizar o chan dos corredores** do primeiro andar, na zona de EI e 1º ciclo de educación primaria.
- Intentar **ser partícipes** de diversas actividades deportivas e lúdicas propostas desde diferentes ámbitos: concello, consellaría...

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

7. Memoria anual de lingua inglesa

Neste curso 2021- 2022 a materia de lingua inglesa foi impartida polas mestras:

- Iria González Grande (directora do Centro e especialista en inglés): 3º EP, 4º EP, 6ºEP
- Bibiana Grandal Mourente (especialista de inglés e titora de 5ºA EP): 4ºEI, 5ºEI, 6ºEI, 1ºEP, 2ºEP, 5ºA e 5ºB de EP

1. Etapa de educación infantil

Neste curso escolar a etapa de adaptación para cos especialistas seguiu presentando dificultades debido á situación derivada pola pandemia de COVID 19. Nesta ocasión cabe destacar a dificultade de adaptarse a unha mestra nova no centro debido aos problemas de comunicación propiciados polo uso da mascarilla. Aínda que se tratou do segundo curso académico seguindo o protocolo de actuación non deixou de supoñer un reto importante.

Ao alumnado de E.I., sobre todo dos niveis de 4º e 5º custoulles adaptarse ao centro de novo, ou por primeira vez ao ser o seu primeiro curso na escola, e adquirir as rutinas diarias, o que dificultou a organización das clases durante sobre todo o 1º trimestre. Moitas veces houbo que atender outras necesidades diferentes á introdución da lingua estranxeira. As medidas impostas polo protocolo Covid tamén fixeron que se reducise o tempo das sesión neste ciclo. Os niveis de 5º e 6º tiñan clase despois do recreo, tendo que seguir as consecuentes rutinas de sacar as botas e lavado/hixienización de mans dun en un e o nivel de 4º tiña clase antes do recreo o que supoñía a rutina do aperitivo de media mañá con lavado/hixienización de mans dun en un e a posta de botas.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

A maioría dos obxectivos e contidos programados para o ciclo foron traballados e adquiridos.

Principalmente houbo un uso maioritario da canción e de xogos orais (tipo TPR) como medio para adquirir vocabulario, tanto das rutinas como dos centros de interese. Tamén se empregaron materiais propios das aulas, así como flashcards, contos ou recursos TIC como a pantalla interactiva da sala común de E.I.

Puntualmente fíxose algunha ficha no 6º nivel para afianzar e observar a adquisición de contidos.

Globalmente pódese dicir que todo o alumnado participou activamente das actividades propostas e sentiuse motivado e predisposto cara a aprendizaxe do inglés.

As maiores dificultades para acadar esta participación e motivación atopáronse na aula de 4º nivel, debido a casuística da aula e a, como xa se mencionou anteriormente, as dificultades de adaptación dunha parte do alumnado.

2. Etapa de educación primaria

Durante este curso escolar o proceso de ensino-aprendizaxe do inglés como primeira lingua estranxeira viuse condicionado pola pandemia de Covid-19, tanto por ter que cumprir cun estrito protocolo como por ter que atender as necesidades educativas do alumnado arrastradas dende o curso 2019/2020 que en moitos casos todavía non se superaron.

Durante o primeiro e o segundo trimestre houbo continuamente alumnado confinado, xa fose por ser un caso positivo en Covid-19 ou por ser contacto estreito, o que dificultou un desenvolvemento normal dos períodos

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

lectivos. Aínda que se facía un seguimento do alumnado confinado a través da AV, non é substituíble da aprendizaxe presencial, polo que en diferentes momentos nos diferentes niveis, e principalmente nos máis baixos, volvíamos sobre o traballado para poder seguir facendo andamiaxe e continuar co proceso de ensino- aprendizaxe. Temos que sumarlle a esta situación o acurtamento das terceiras e últimas sesións debido a que a hora de merenda está vixiada polo profesorado que imparte clase nesta sesión, coa previa e posterior desinfección e a saída escalonada de cada nivel a partir das 13:50.

Ademais o protocolo COVID dificultou o desenvolvemento de actividades de carácter oral e máis lúdico que deben impregnar o proceso de ensino- aprendizaxe da lingua estranxeira.

Intentáronse suplir as carencias na medida do posible. Ademais dende outubro ata maio contamos co apoio dunha auxiliar de conversa. As súas sesións estiveron centradas tanto na comprensión coma na expresión oral.

Ao longo dos diversos niveis de Educación Primaria procurouse escoitar variadas e significativas mensaxes cunha actitude positiva; comprender o que falaban os demais; captar o sentido global de textos orais emitidos en diversos soportes e medios; participar en situacións de comunicación por medio do movemento, xesto e palabra; aprender as normas de intercambios orais e escritos pouco a pouco; e a xogar con novos sons, ritmos e entoacións que conduzan a coñecer e aprender o idioma. Atendéronse, sobre todo, á diversidade nas habilidades e expectativas de cada escolar e a busca do desenvolvemento da súa valía para saír adiante na súa vida académica e persoal.

Impulsáronse sempre actitudes positivas cara ao idioma e á cultura inglesa, recollendo e desenvolvendo o interese que ao alumnado lle puidese ir xurdindo; así como a súa creatividade, conforme ían introducíndose neste

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

proceso de ensino-aprendizaxe do idioma ao longo dos diversos niveis da etapa educativa de primaria.

Neste proceso de adquisición continua, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, por medio dos coñecementos que vai adquirindo, vai sendo capaz de aplicar o que sabe en diversas situacións, interrelacionando o novo contido co aprendido anteriormente.

En relación as medidas de atención para a diversidade do alumnado intentouse establecer unha adaptación dos contidos e metodoloxía para que todo o grupo puidera acadar a maior parte dos obxectivos e contidos planificados. A maiores houbo unha ACS cun importante grado de adaptación.

Ademais da avaliación inicial, realizouse unha avaliación sumativa e formativa ao longo do curso, utilizando diferentes ferramentas e instrumentos de avaliación, tal e como se recolle na programación deste curso escolar.

Reflectir tamén que se intentou ter a maior coordinación co profesorado-titor de cada nivel á hora de poder formar un equipo educativo o máis cohesionado posible. A relación coas familias foi principalmente a través da recollida de información dos titores ou a través de Abalar en algún caso concreto para resolver dúbidas ou informar dalgún feito puntual.

En toda a educación primaria procurouse seguir unha rutina de aula, asumir como normal a comunicación na lingua estranxeira dentro da mesma e que o alumnado se sentise motivado e interesado polo desenvolvemento de cada sesión de clase.

A continuación describimos con maior detalle o acontecido en cada un dos diferentes niveis:

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

1º de E.P

Grupo formado por 13 alumnos/as. Priorizouse o traballo oral de rutinas a través de cancións, xogos e moito apoio visual e xestual. Ademais traballamos fundamentalmente as estruturas sintáctico-discursivas e o vocabulario de forma oral, auditiva e xestual. A introdución da comprensión e a expresión escrita foi introducida desde o 1º trimestres de forma paulatina e guiada para pouco a pouco ser máis autónomos no recoñecemento de vocabulario e copiado do mesmo. Apoiámonos no material funxible do alumnado, o libro *Kids Can!* de Macmillan para o traballo destas destrezas, no que tamén nos baseamos para traballar diferentes centros de interese. Estes centros de interese víronse complementados polas propostas feitas en colaboración co auxiliar de conversa así como polas datas e conmemoracións propias desta área como Christmas, Halloween, Easter ou St. Patrick's Day.

Destacar que as dúas sesións semanais con este grupo eran a primeira hora da mañá, polo que a duración das sesións foi un pouco máis reducida xa que seguindo a orde de acceso ao centro eramos o último curso en acceder ao mesmo.

Nos momentos en que algún alumno ou alumna estivo confinado ou cando o estivo a totalidade da aula, propuxéronse tarefas simples para realizar a través da aula virtual, como a visualización de vídeos ou a realización dalgunha tarefa de discriminación auditiva.

En xeral traballáronse todos os contidos propostos na programación de aula, sendo abordado todo o léxico de alta frecuencia recollido na mesma, pero será necesario reforzar as estruturas traballadas nos vindeiros cursos.

2º de E.P

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Grupo formado por 18 alumnos/as. Priorizouse o traballo oral de rutinas a través de cancións e moito apoio visual e xestual, sobre todo a principio de curso. Ademais traballamos fundamentalmente as estruturas sintáctico-discursivas e o vocabulario de forma oral, auditiva e xestual, abordando a comprensión e a expresión escrita de forma flexible e guiada para ir pouco a pouco sendo máis autónomos na lectura e no recoñecemento de vocabulario, así como o copiado do mesmo e a produción autónoma con modelaxe de cara a finais do segundo trimestre e todo o terceiro trimestre. Apoiámonos no material funxible do alumnado, o libro *Kids can 2!* de Macmillan, para o traballo destas destrezas, no que tamén nos baseamos para traballar diferentes centros de interese. Estes centros de interese víronse complementados coas datas e conmemoracións propias desta área como Christmas, Halloween, Easter ou St. Patrick's Day.

Unha das dúas sesións semanais con este grupo eran despois do recreo, véndose moitas veces afectada a capacidade de atención do alumnado debido á fatiga acumulada. En cambio, a última sesión semanal tiña lugar a primeira hora dos venres e, aínda que se trataba do último día da semana, o rendimento era moi superior ao da sesión anterior mostrándose moito máis receptivos/as.

Nos momentos en que algún alumno ou alumna estivo confinado propuxéronse tarefas simples, a través da aula virtual, para realizar un seguimento e que eses alumnos e alumnas non perderan o ritmo do traballado na aula.

Cabe dicir que debido aos variados e diferentes ritmos de aprendizaxe da aula e á celebración de certas conmemoracións nos días nos que tocaba clase, o proceso de ensino aprendizaxe tivo un ritmo un pouco máis lento do

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

esperado, quedando algúns contidos sen traballar, priorizando o afianzamento dos que foron alcanzados.

3º de E.P

Grupo formado por 14 alumnos/as. Priorizouse o traballo oral de rutinas a través de cancións e moito apoio visual e xestual, sobre todo a principio de curso. Ademais traballamos fundamentalmente as estruturas sintáctico-discursivas e o vocabulario de forma oral e auditiva, introducindo a comprensión e a expresión escrita de forma guiada para ir pouco a pouco sendo máis autónomos na lectura e no recoñecemento de vocabulario, así como o copiado do mesmo e a produción autónoma con modelaxe de cara a finais do segundo trimestre e todo o terceiro trimestre. Apoiámonos no material funxible do alumnado, o libro *Kids Can! 3* de Macmillan, para o traballo destas destrezas, no que tamén nos baseamos para traballar diferentes centros de interese. Estes centros de interese víronse complementados coas datas e conmemoracións propias desta área como Christmas, Halloween, Easter ou St. Patrick's Day.

Foi tamén a partir do segundo trimestre que empezamos a realizar ao final de cada unidade unha tarefa na que integrabamos a utilización das 4 destrezas seguindo o centro de interese da unidade didáctica e as estruturas sintáctico-discursivas traballadas.

Nos momentos en que algún alumno ou alumna estivo confinado propuxéronse tarefas simples, a través da aula virtual, para realizar un seguimento e que eses alumnos e alumnas non perderan o ritmo do traballado na aula.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Cabe dicir que debido aos variados e diferentes ritmos de aprendizaxe da aula, o proceso de ensino aprendizaxe tivo un ritmo lento, quedando algúns contidos sen traballar, priorizando o afianzamento dos que foron alcanzados.

4º de E.P

Grupo formado por 22 alumnas/alumnos. Comezamos o curso repasando rutinas básicas de forma oral e a través de cancións. No grupo aula hai diferentes niveis de competencia, son un grupo en xeral traballador e implicado que conseguiu adquirir os obxectivos propostos.

A disposición do alumnado deu pe a poder facer actividades orais en parellas, xa que se atopaban en equipos de catro ou cinco persoas, cambiando esta disposición unha vez ao trimestre. Os contidos do curso introducíronse sempre inicialmente de forma oral, utilizando tanto audios como a interacción coa mestra, para despois pasar a traballar as destrezas de comprensión e expresión escrita. No primeiro trimestre priorizouse a expresión e comprensión oral debido as dificultades nas outras destrezas. Pouco a pouco foron adquirindo o ritmo e rutina da aula, mostrando interese e curiosidade polos centros de interese propostos a partires do libro *Heroes 4* de Macmillan. Ademais tamén utilizamos o *Grammar Practise* como apoio e reforzo da parte gramatical da área. Estes centros de interese víronse complementados polas propostas feitas en colaboración coa auxiliar de conversa así como polas datas e conmemoracións propias desta área como Christmas, Halloween, Easter ou St. Patrick's Day. Ademais empregáronse outros recursos para reforzar contidos dunha forma máis lúdica como bingos, xogos de vocabulario tanto orais como no encerado dixital, contos, utilización de recursos dixitais como Plickers, etc.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Como parte específica dos diferentes proxectos levados a acabo a nivel de centro, a activación foi unha actividade que aproveitamos en dúas sesións semanais para recordar e traballar vocabulario relacionado con partes do corpo e accións de movemento, sendo ademais unha actividade de moito desfrute para o alumnado. Como parte do 2º ciclo participaron nunha actividade do grupo de Biblioteca Creativa baseada no deseño e impresión 3D de figuras utilizando o programa online *Tinkercad* e a impresora 3D localizada na biblioteca.

Nos momentos en que algún alumno ou alumna estivo confinado propuxéronse tarefas simples, a través da Aula Virtual, para realizar un seguimento e que eses alumnos e alumnas non perderan o ritmo do traballado na aula. Cabe destacar que este alumnado aínda non se manexa de forma autónoma, pois aínda está en proceso de adquisición da competencia dixital, polo que requiriu da colaboración das familias para poder facer este seguimento. En todos os casos, a recepción foi boa, traballando e mandando as tarefas requiridas.

5º de E.P

5ºA: Grupo formado por 14 alumnas/alumnos. Comezamos o curso repasando estruturas básicas de forma oral. Trátase dun grupo heteroxéneo no tocante aos ritmos de aprendizaxe. A disposición da aula permitiu abordar contidos de forma cooperativa, tanto no referente á expresión oral como á escrita, realizando “Themed posters”, por exemplo.

Traballamos con diferentes recursos, coma o proporcionado por Netex-Smart, dentro do Entorno Virtual de Aprendizaxe E-dixgal e diferentes materiais creados pola mestra, como fichas complementarias ou infografías, coa intención de equilibrar os contidos dixitais e en formato papel.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Os luns, a sesión a primeira hora contaba coa colaboración da auxiliar de conversa, que, entre outras propostas, nos axudou a abordar conmemoracións propias da área como Christmas, Halloween, Easter, St. Patrick's Day ou April Fools' Day.

Dúas sesións de inglés coincidían antes do recreo, polo que tendo en conta a situación derivada da COVID-19, ao tomar a parva en clase, a duración da sesión quedaba reducida a 35 min de clase.

Isto fixo que algúns contidos da área fosen abordados con semanas de diferenza ao programado inicialmente e que quedasen sen abordar estruturas relativas á combinación de tempos verbais. O resto do currículo foi superado por todo o alumnado, incluído o que conta cunha Adaptación Curricular Significativa.

O método empregado co alumnado confinado foi a través da Aula Virtual, existindo unha comunicación habitual e sendo en xeral bastante receptivos coas actividades suxeridas.

Cabe destacar a boa resposta do alumnado, realizando a grande maioría as tarefas propostas para casa e entregando os traballos dentro do prazo e seguindo as indicacións ofrecidas en relación a contido e forma.

5ºB: Grupo formado por 16 alumnas/alumnos. Comezamos o curso repasando rutinas básicas de forma oral. Trátase dun grupo moi heteroxéneo no tocante aos ritmos de aprendizaxe. A disposición da aula permitiu abordar contidos de forma cooperativa, tanto no referente á expresión oral como á escrita, realizando "Themed posters", por exemplo.

Atopámonos ante un grupo tamén heteroxéneo no referente á actitude de cara á materia. Unha grande cantidade do alumnado non realiza as actividades propostas para a casa e, en bastantes casos, os traballos non

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

foron entregados dentro do prazo acordado ou seguindo as indicacións establecidas en referencia ao contido ou á forma. Destaco as dificultades dun alumno que pasou a 5º coa área de inglés suspensa e con moitas dificultades nas destrezas de produción, tanto oral como escrita, quen non foi quen de superar a asignatura este curso xa que, entre outros, nunca entregou os traballos e fixo os exercicios propostos para casa nunha única ocasión.

A disposición da aula permitiu abordar contidos de forma cooperativa, tanto no referente á expresión oral como á escrita, realizando actividades grupais propostas pola auxiliar de conversa os xoves. Tamén contamos coa súa colaboración en conmemoracións propias da área como Christmas, Halloween, Easter, St. Patrick's Day ou April Fools' Day.

Unha sesións de inglés coincidía antes do recreo, polo que tendo en conta a situación derivada da COVID-19, ao tomar a parva en clase, a duración da sesión quedaba reducida a 35 min de clase.

Isto, xunto coa falta de traballo e estudo na casa, fixo que tivésemos que insistir bastante nos contidos das dúas primeiras unidades e modificar a temporalización do programado inicialmente. Quedaron sen abordar estruturas relativas á combinación de tempos verbais e considero que sería conveniente un repaso profundo das estruturas abordadas ao inicio do curso que vén.

O método empregado co alumnado confinado foi a través da Aula Virtual, pero houbo casos nos que non se mostraron receptivos coas actividades suxeridas.

Cabe destacar a necesidade por parte do alumnado de implicarse máis coa asignatura, realizando as tarefas propostas para casa e entregando os traballos dentro do prazo e seguindo as indicacións ofrecidas en relación a contido e forma. Aínda así, gustaríame sinalar que hai un pequeno grupo de

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

alumnos e alumnas que entregan as tarefas e traballos seguindo o acordado e se implican coa materia.

6º de E.P.

Grupo formado por 20 persoas e a partir de xaneiro de 2022 por 19. Grupo numeroso e heteroxéneo con moitos e variados ritmos de aprendizaxe. A disposición da aula axudou a traballar os contidos referidos á expresión oral e o traballo cooperativo/grupal.

Para traballar os diferentes contidos ao longo do curso empregáronse diferentes recursos nos que apoiarnos: o libro electrónico Netex-Smart, complementado e editado con diferentes contidos creados pola mestra, fichas complementarias e recursos interactivos como Liveworksheets, Plickers ou Baamboozle, entre outros. Durante parte do primeiro trimestre e unhas semanas do segundo a parte cultural traballouse a través das propostas feitas en colaboración co auxiliar de conversa. Ademais tamén se traballaron as datas e conmemoracións propias desta área como Christmas, Halloween, Easter ou St. Patrick's Day.

Unha sesión de inglés desta área foi a última hora da mañá, quedando reducida a 35 min de clase debido á saída escalonada, ademais de ter que deixar recollidos os ordenadores portátiles no carro de carga.

Isto, xunto coas dificultades mencionadas anteriormente, fixo que algúns contidos da área quedasen sen traballar, destacando principalmente as estruturas sintáctico-discursivas relativas a expresión de presente e pasado perfecto. O resto do currículo foi impartido e superado por unha ampla maioría da aula.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

O método de seguimento para co alumnado confinado, neste caso foi a plataforma Edixgal, sendo en xeral todo o alumando receptivo as tarefas propostas e tendo comunicación habitual coa mestra especialista.

Destacar que nesta aula hai un grupo de alumnado que promociona á ESO con dificultades na área de lingua estranxeira, sendo conveniente telos en conta de cara a un posible reforzo dentro da aula por parte da propia especialista no centro de destino

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

8. Memoria anual de música

No presente curso as clases de educación musical leváronse a cabo na aula de música do centro, dotada con diversos recursos: materiais: material auditivo, instrumentos de percusión de altura indeterminada e de altura determinada, cadea de música, ordenador portátil e proxector.

Ao longo dos tres trimestres foise desenvolvendo a programación realizada a principio de curso para os diversos niveis, de xeito que a área de música foi contribuíndo ao desenvolvemento dos obxectivos e fins das dúas etapas educativas, tanto de Educación Infantil como de Primaria, así como a desenvolver as 7 competencias clave, aínda que en maior medida as seguintes: CAA, CCEC, CD e CCL.

Na educación infantil realizamos actividades coa finalidade de acadar o obxectivo principal da educación musical nesta etapa: “Achegar e despertar o interese pola música”. E para conseguilo, púxose especial atención na audición de sons e no movemento, mediante cancións adaptadas á idade e aos intereses dos nenos e nenas. O traballo rítmico realizouse a través de moitas actividades de percusión corporal, bailes, pequena percusión e xogos progresivos con diferentes materiais. O xogo foi o recurso fundamental.

Ao longo dos primeiros cursos de Educación Primaria (1º e 2º) déuselle forma a todo o que aprenderon na etapa anterior, comezouse coa lectura e escritura musical, coa diferenciación entre son, ruído e silencio e co traballo práctico das diferentes calidades do son.

A canción foi un recurso traballado de forma atípica, posto que que este ano coas limitacións da Covid e ao non cumprir a distancia protocolaria dos 3 metros, non puidemos cantar. Pero si traballamos con este recurso con e sen movemento e acompañada con pequena percusión e percusión corporal.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Fixemos moitos exercicios rítmicos, de discriminación auditiva e de movemento. Realizando moitas actividades grupais coma danzas con ou sen coreografías.

Ademais, a educación musical, completouse con diversos xogos entorno ao mundo sonoro, cun bo respecto aos tempos de silencio para o estudio dos sons e escoita de audicións, respectando as normas e as intervencións das demais persoas. Así mesmo traballouse a creación de partituras non convencionais con elementos básicos da linguaxe musical e a improvisación.

Este ano en especial, e a través do traballo do Proxecto Documental Integrado “Pingas científicas” falamos de que cando a ciencia acompaña á música hai evolución da mesma. Que a música foi considerada unha ciencia desde Pitágoras, que inicia a investigación del fundamento matemático das relacións entre os sons. E de que o número é o fundamento da música así coma de todos os fenómenos físicos.

Sendo todas estas actividades imprescindibles para a consecución dos obxectivos e competencias clave propostas para cada curso.

O terceiro e cuarto curso destacan pola novidade no proceso evolutivo-musical do alumnado, e este ano realizamos moitas melodías e acompañamento instrumental con Boomwhackers e con instrumentos de láminas a través da lectura musical. Todo isto a través da lectura de notas e de cores.

Fixemos moitas actividades de acompañamento de cancións con percusión corporal e con pequena percusión. E utilizouse a linguaxe musical para a interpretación de obras, traballáronse as normas de comportamento en audicións musicais e a identificación de voces e instrumentos así coma as calidades de son.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

En relación con PDI traballouse a música facendo referencia a ciencia: o son e as súas calidades, as figuras musicais, a relación entre as notas, intervalos, instrumentos musicais...

Representaron a música en partituras non convencional e traballouse a linguaxe musical a través da súa representación gráfica e do movemento.

Afondouse nas familias instrumentais, clasificación de instrumentos e agrupacións instrumentais.

Nos últimos cursos de Educación Primaria (5º e 6º) as actividades realizadas tiveron maior dificultade: combinamos a lectura e escritura musical e a expresión instrumental centrouse na interpretación e acompañamento de cancións; no acompañamento con percusión corporal e con pequena percusión e con boomwhackers e con instrumentos de placas. O traballo da formación vocal e a interpretación de obras coa fruta viuse reducido polo protocolo Covid. E este ano retomamos as actividades de movemento e de baile. Identificando o uso do corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

O respecto das opinión dos compañeiros e compañeiras foi fundamental, así como o coñecemento e respecto das normas de comportamento en audicións.

Planificaron traballos, amosaron responsabilidade e interese por mellorar os seus produtos finais, procurando, seleccionando e expoñendo información de xeito autónomo achegando as evidencias do traballo realizado.

En canto a discriminación auditiva distinguiron voces, identificaron variacións e contrastes na música e as partes dunha peza musical sinxela. Así mesmo, expresaron as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Os resultados foron satisfactorios, xa que todos os alumnos e alumnas participaron nas actividades propostas exercendo o papel que lle correspondeu en cada momento e foron acadados os estándares plantexados para os diferentes niveis educativos.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

9. Memoria anual de relixión e moral catolica

Durante o curso escolar 2021 - 2022 o número de alumnos / as por nivel foi o seguinte:

Etapa	Curso	Alumnado total	Alumnado relixión
Infantil	4º	18	6
Infantil	5º	16	4
Infantil	6º	12	1
Primaria	1º	13	6
Primaria	2º	18	3
Primaria	3º	14	0
Primaria	4º	22	2
Primaria	5 A	14	3
Primaria	5º B	16	6
Primaria	6º	20	2

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Este curso estivo marcado pola problemática da pandemia, organizouse o espazo e as dinámicas adaptándoas ás normas de prevención, o cal limitou moito e non permitiu facer dinámicas que implicaran a interacción en pequenos grupos. Aínda con todo, a valoración da adaptación do alumnado a esta situación foi moi boa.

OBXECTIVOS

- Promover unha aprendizaxe integral, interdisciplinar e significativa dos contidos curriculares.
- Desenvolver a creatividade.
- Ofrecer actividades de conexión do aprendizaxe coa integración na sociedade.
- Estimular a reflexión, o pensamento crítico, as competencias, as cualidades e as capacidades.
- Impulsar unha educación humanista, inclusiva, cooperativa, dixital e audiovisual.

Educación Infantil

O ambiente e a participación do alumnado nas clases foi moi boa. O grupo de 6º foi reducido (só 1 alumno); pero foi moi participativo e as dinámicas resultaron con facilidade. . O grupo de 4º foi o máis nutrido de infantil, o grupo resultou moi implicado nas actividades.

O ambiente foi moi bo e o alumnado estaba ben integrado, as relacións estaban marcadas pola cordialidade e a colaboración. A curiosidade e o interese por aprender e colaborar marcou o clima das sesións. Potenciouse que medraran en seguridade e autoestima, dando canle á iniciativa dun xeito orientado.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Os obxectivos foron acadados por todo o alumnado con soltura.

A metodoloxía foi marcada pola narración de historias (especialmente de Xesús), tanto orais como audiovisuais, a elaboración e coloreado de debuxos, o xogo...

Educación primaria

1º Curso E.P. :

Houbo seis alumnos/as e participaron activamente nas dinámicas acadando sen dificultade todos os obxectivos.

2º Curso E.P. :

Neste curso houbo tres alumnos /as que entre outras actividades remataron os libros do curso anterior, alcanzando con facilidade todos os obxectivos da programación.

3º Curso E.P. :

En este grupo non houbo alumnos/as de relixión.

4º Curso E.P. :

Este curso foron 2 alumnos e alumnas. O grupo participou activamente, mostrou interese e gañas por aprender. O desenvolvemento do currículo fíxose con normalidade. A metodoloxía foi activa con diálogo sobre os temas, fichas, algún produto con elaboración individual, visionado de vídeos... Utilizouse o libro de texto físico xunto con outros recursos. O alumnado acadou ben os obxectivos.

5ºB Curso E.P. :

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Este curso foron 6 alumnos e alumnas. O grupo mostrouse moi activo e manifestou interese e gañas por aprender. O desenvolvemento do currículo fíxose con normalidade. A metodoloxía foi activa con diálogo sobre os temas, fichas, algún produto con elaboración por parellas ou individual, visionado de vídeos... O alumnado acadou ben os obxectivos. Neste curso utilizaronse os ordenadores face do uso do Programa Edixgal.

5º A Curso E.P. :

En este curso foron 3 os alumnos e alumnas. A implicación e participación no proceso de aprendizaxe foi bo. Neste curso utilizáronse os ordenadores do alumando para o desenvolvemento da aprendizaxe no lugar do libro en papel. Houbo actividades de visionado de vídeos, de investigación e elaboración de produtos, de debate e diálogo sobre os temas, potenciando a participación e a relación cos coñecementos previos. O alumnado acadou ben os obxectivos.

6º Curso E.P. :

Este curso foron 2 alumnos. A implicación e participación no proceso de aprendizaxe foi moi boa, participaron activamente e mostraron interese polo que estabamos a facer. Neste curso utilizouse o libro de texto en papel e tamen os ordenadores face do uso do Programa Edixgal. Houbo actividades de visionado de vídeos, de investigación e elaboración de produtos, de debate e diálogo sobre os temas, potenciando a participación e a relación cos coñecementos previos para reforzar os correctos e corrixir coñecementos erróneos. Pensando en que era o último curso de primaria, intentouse facer un compendio dos contidos de primaria e cunha clara orientación cara a vida, intentando que visen os contidos algo útil nas súas vidas. O alumnado acadou os obxectivos en diversos grados, superando todos os mínimos.

AVALIACIÓN

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

A avaliación foi continúa, integral, global e formativa ao longo do proceso ensinanza e aprendizaxe. O curso desenvolveuse con normalidade.

Os elementos a ter en conta foron o traballo escrito e as exposicións do alumnado, a participación e implicación no proceso de aprendizaxe tanto por observación directa como pola calidade das súas aportacións.

Todo o alumnado acadou os obxectivos sen dificultade.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022


10. Memoria anual de pedagogía terapéutica

1. Características do alumnado

1.1. Número de alumnas e alumnos NEAE

O número de alumnos de neae atendido foi de 20.

1.2. Necesidades específicas de apoio educativo

- 
- 1 alumno 5º EI
 - 1 alumno 6º EI
 - 1 alumno 1º EP
 - 2 alumnos 2º EP
 - 3 alumnos 3º EP
 - 4 alumnos 4º EP
 - 3 alumnos 5º A EP, 1 con ACs
 - 1 alumno 5º B EP
 - 4 alumnos 6º EP, 1 con ACs

1.3. Tipo de apoio

- 5º Educación Infantil: Apoio individual e grupal na aula de referencia.
- 6º Educación Infantil: Apoio individual e grupal na aula de referencia.
- 1º Educación Primaria: Apoio individual e grupal na aula de referencia.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- 2º Educación Primaria: Apoio individual e grupal na aula de referencia.
- 3º Educación Primaria: Apoio individual e grupal na aula de referencia, e na específica de PT.
- 4º Educación Primaria: Apoio individual na aula específica de PT.
- 5º A Educación Primaria: Apoio individual e grupal na aula de referencia e ás veces apoio individual na aula específica de PT.
- 5ºB Educación Primaria: Apoio individual e grupal na aula de referencia.
- 6º Educación Primaria: Apoio individual e grupal na aula de específica de PT e ás veces na aula de referencia.

2. Plan de actuación

2.1. **Obxectivos**

Con respecto ao centro:

- Detección precoz de alumnado con posibles dificultades e / ou retraso na aprendizaxe.
- Priorizar a intervención nos contornos menos restritivos posibles. Debemos asistir dun xeito personalizado e específico, favorecendo sempre, na medida do posible, a integración en grupos ordinarios.
- Preparación de instrumentos para a avaliación, intervención e seguimento dos estudantes con n.e.a.e.
- Asesorar a profesores/as e titores/as en materia de material, agrupacións, accións preventivas co grupo-clase, atención aos alumnos con n.e.a.e, adaptacións de instrumentos de avaliación,

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

adaptacións de acceso ó currículo, adaptacións curriculares, etc.

- Establecer, en colaboración co profesorado, a metodoloxía (aplicar métodos especializados que requiren técnicas e estratexias específicas) e a avaliación que se debe seguir cos estudantes, realizando reunións de avaliación continua.
- Responder ás necesidades do alumnado, realizando programas de reforzo e acceso a programación xeral da aula e preparando e desenvolvendo os programas específicos que sexan necesarios.
- Establecer unha boa coordinación co EOE, para satisfacer as necesidades do centro.
- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que atenden ao alumnado con n.e.a.e.
- Dinamizar a integración do alumnado con n.e.a.e. no centro e nas diversas actividades que nel se propoñen.

Respecto aos alumnos/as:

- Organizar os tempos de atención ao alumnado segundo as necesidades específicas de apoio educativo que presenten.
- Garantir a integración social e escolar.
- Fomentar o desenvolvemento socioafectivo do alumnado.
- Promover actitudes participativas e motivadoras.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades previas e básicas para a aprendizaxe en todas as áreas.
- Acadar os obxectivos didácticos xerais propostos para cada alumno, desenvolvendo as adquisicións básicas nas que se basea a aprendizaxe.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Desenvolver a adquisición de técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectura, escritura, cálculo, razoamento e funcións executivas (planificación, organización, anticipación, memoria, ...).
- Desenvolver unha aprendizaxe funcional básica que lles permita vivir nunha situación o máis normalizada e autónoma posible.
- Aumentar gradualmente o nivel de autonomía dos estudantes.
- Traballar eses requisitos básicos para a aprendizaxe (atención, memoria, percepción, razoamento lóxico-matemático ...). Así como as súas habilidades e hábitos sociais.


Respecto ás familias:

- Asesorar aos pais/nais do alumnado con n.e.a.e. proporcionando as pautas precisas.
- Manter reunións e coordinación para traballar nunha mesma liña e extrapolar os aprendizaxes da escola á casa e a sociedade en xeral.
- Promover actitudes participativas nas actividades propostas e deseñadas para os seus fillos/as.
- Proporcionarlles ás familias recursos e información para obter axuda e asesoramento sobre como potenciar na casa as habilidades que o centro pretende desenvolver nos seus fillos e fillas, como coñecerse, adquirir autonomía persoal, coñecer e participar no ambiente físico e social e desenvolver comunicación e linguaxe.

2.2. Contidos

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Área conceptual: funcións executivas, perceptivas, comunicativas.
- Habilidades socio-afectivas (comunicación, relacións sociais, habilidades de xogo e control emocional).
- Área motora.
- Os contidos curriculares propios das áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.



2.3. Temporalización

A temporalización dos programas de intervención individualizados durou todo o curso, debido ás características e necesidades do alumnado.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Durante o curso déronse dúas altas ó final do curso 21-22, un alumno de 6º de EP e outro de 5ºA de EP.

As sesións, na súa maioría, foron de 50 minutos, mais houbo outras de 25 minutos debido o grande número de alumnado que require atención.

2.4. Metodoloxía

A metodoloxía empregada baseouse nos seguintes principios:

- **Principio de integración:** as áreas de desenvolvemento infantil (afectiva, social, lingüística, física, motora, cognoscitiva), están estreitamente relacionadas e por iso trabállanse de forma conxunta e indirecta.
- **Principio de secuencia:** o desenvolvemento ocorre nunha secuencia relativamente ordeada de maneira que os coñecementos constrúense a partir de outros previamente asimilados, acomodados e equilibrados.
- **Principio de individualidade:** o desenvolvemento difire dun suxeito a outro e o mesmo acontece na evolución dunha área ou outra.
- **Principio de períodos óptimos:** existen períodos óptimos para certos tipos de desenvolvemento que deben ser aproveitados, se non, teñen consecuencias na evolución do neno e a nena.
- **Principio de interacción madurez-ambiente:** o desenvolvemento e a construción do coñecemento son resultado da interacción entre a madurez biolóxica e o ambiente social, cultural, material e natural que rodea á persoa e que por tanto a condiciona.
- **Principio de influencia social e cultural:** o desenvolvemento e a construción de coñecementos son influenciados polos entornos social e cultural.
- **Principio de actividade lúdica:** A actividade lúdica é o medio a partir do cal os nenos e nenas desenvolven representacións simbólicas e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

establecen diversas maneiras de interacción cos ambientes físico, social, cultural e natural.

- **Principio de acción e experimentación:** As nenas e os nenos constrúen as súas perspectivas do mundo mediante experiencias físicas, mentais, lingüísticas, sociais e emocionais.
- **Principio de construción de ambientes educativos:** Os ambientes seguros e interesantes, favorecen o desenvolvemento humano en tódalas áreas, a satisfacción de necesidades e a construción de coñecementos.

A metodoloxía empregada tentou ser activa, participativa, lúdica e motivadora, favorecedora da aprendizaxe significativa e axustándose en todo momento as necesidades do alumnado. Intentando crear un clima de confianza, graduando os niveis de dificultade e utilizando reforzos positivos. A linguaxe apréndese en contextos comunicativos, por iso, é imprescindible ao inicio de cada sesión, crear unha situación de comunicación e establecer un diálogo para desenvolver na súa totalidade a progresión lingüística.

As tarefas tratan de ser abertas e motivadoras, conectadas co medio, é dicir, contextualizadas de forma adecuada, que favorezan o pensamento creativo, que axuden a estruturar e organizar as aprendizaxes e que atendan á diversidade.

2.5. Estratexias de intervención

Para conseguir que o alumnado supere as súas necesidades e se desenvolva íntegramente, tratáronse de realizar as seguintes estratexias de intervención:

- **Reestruturar** todos os contextos nos que se desenvolven os alumnos, de maneira que conteñan unha diversidade de estímulos capaces de atraer a súa atención, adaptando estes ás demandas cognitivas da tarefa e aos niveis de competencia curricular que o alumnado presenta.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- **Desvanecer** a intervención, difuminando de maneira progresiva as axudas, co fin de que éstas sexan cada vez menos específicas e a conduta comunicativa do alumnado estea cada vez máis influenciada por estímulos naturais, contextuais e internos.
- **Ensino non directivo**, se non facilitador da aprendizaxe, axudando a resolver as tarefas.
- **Aprendizaxe cooperativa**: tarefas nas que a interdependencia das persoas do grupo sexa efectiva, necesitando da cooperación de todo o grupo para lograr os obxectivos.
- **Clima de confianza, diálogo** e tranquilidade.

3. Avaliación e valoración

A avaliación do alumnado realizouse conxuntamente cos profesores titores e demais especialistas que traballan co neno/a. É importante a coordinación e o intercambio de información para identificar os logros que se vaian conseguindo, as dificultades ou necesidades que vaian xurdindo e os cambios que sexan precisos acometer. Esta coordinación posibilitará a asunción dunhas liñas de traballo común e a consecución de mellores resultados na súa aplicación.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

11. Memoria anual de audición e linguaxe

Durante o presente curso 2021-2022, o centro contou cunha especialista de Audición e Linguaxe (AL) que asistía soamente dous días á semana (xoves e venres), ao estar compartida con outro centro educativo.

1. Características do alumnado

Durante o presente curso a mestra de AL atendeu de forma directa a un total de 24 alumnos, que presentaban problemas na linguaxe oral (múltiples dislalias, retrasos de fala e de linguaxe), na linguaxe escrita (alteracións na lecto-escritura) e/ou alteracións nos catro niveis da linguaxe oral derivadas das súas necesidades específicas de apoio educativo (neae).

A relación do alumnado atendido foi o seguinte:

- 7 alumnos/as de 5º de Educación Infantil.
- 4 alumnos/as de 6º de Educación Infantil.
- 4 alumnos/as de 1º de Educación Primaria.
- 2 alumnos/as de 2º de Educación Primaria.
- 4 alumnos/as de 3º de Educación Primaria.
- 1 alumno/a de 4º de Educación Primaria.
- 1 alumno/a de 5º de Educación Primaria.
- 2 alumnos/as de 6º de Educación Primaria.

Todo este alumnado foi atendido en algunha das avaliacións deste curso. No primeiro trimestre deuselle o alta temporal por optimizar o recurso de AL a 5 nenos de 5º de EI, 1 nena de 1º de E.P e 1 nena de 3º E.P. No segundo trimestre deuselle o alta temporal por optimizar o recurso de AL a 1 neno de 3º de E.P., 2 nenos de 6º de E.P. e añadiuse o apoio a un de 5º de E.P.

Quedando así no terceiro trimestre a atención individualizada de:

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- 2 alumnos/as de 5º de Educación Infantil.
- 4 alumnos/as de 6º de Educación Infantil.
- 4 alumnos/as de 1º de Educación Primaria.
- 2 alumnos/as de 2º de Educación Primaria.
- 2 alumnos/as de 3º de Educación Primaria.
- 1 alumno/a de 4º de Educación Primaria.
- 1 alumno/a de 5º de Educación Primaria.

En canto á modalidade de apoio seguida durante o curso nas intervencións directas, foi fóra da aula ordinaria.

2. Plan de actuación

2.1. Actividades

Con relación ao Centro:

- Favorecemento e priorización do proceso de integración escolar de todo o alumnado, especialmente do que presentaba neae.
- Detección precoz das alteracións, para intervir o antes posible.
- Colaboración tanto na avaliación, intervención e seguimento do alumnado con neae como na elaboración de documentos que acompañaban á súa resposta educativa.
- Organización das medidas oportunas de atención á diversidade (organización, horarios, grupos...).
- Resposta axeitada ás necesidades específicas do alumnado.
- Asesoramento e colaboración co profesorado en todo o relativo ao desenvolvemento escolar do alumnado con neae (materiais, agrupacións, accións preventivas, metodoloxía, avaliación...).
- Coordinación entre todos os profesionais internos (titores, profesorado especialista...) e externos (EOE, logopedas privados...).

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Participación en todas as actividades de carácter xeral organizadas a nivel de centro.

Con relación ao alumnado:

- Promoción da integración social e escolar de todo o alumnado, especialmente do que presentaba necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomento do desenvolvemento social e persoal de todos os alumnos e alumnas.
- Promoción de actitudes participativas.
- Desenvolvemento axeitado da linguaxe oral en todas as súas dimensións (fonolóxica, morfosintáctica, semántica e pragmática) así como dos elementos prelingüísticos necesarios.
- Fomento de situacións comunicativas e a participación do alumnado nelas, de xeito natural e satisfactorio.
- Atención individualizada do alumnado que presenta neae.
- Favorecemento dunha aprendizaxe significativa.
- Emprego de metodoloxía lúdica e motivadora, establecendo un clima de confianza mutua e usando reforzos positivos.
- Presentación gradual de actividades e xogos, aumentando progresivamente en complexidade.

En relación coas familias:

- Reunións e entrevistas oportunas coas familias.
- Información e asesoramento sobre as necesidades dos seus fillos, ofrecéndolles as orientacións oportunas para favorecer e estimular a súa linguaxe oral.
- Colaboración das familias para a xeneralización dos logros e aprendizaxes adquiridas.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Promoción da participación das familias tanto nas actividades dos seus fillos como na vida diaria do centro.

2.2. Temporalización

A temporalización organizouse en función das necesidades e características de cada alumno e alumna, tendo en conta os criterios de priorización establecidos:

- Priorización da atención aos alumnos con necesidades específicas permanentes e os alumnos con AC.
- Conveniencia de que os alumnos que comparten sesións de apoio pertencen ao mesmo nivel educativo.
- Evitar que os apoios fóra de aula ordinaria coincidan coas áreas de educación física, música, plástica ou relixión.
- Importancia dos horarios das aulas de referencia para, na medida do posible, facer coincidir os apoios coas áreas instrumentais nas que presentan maiores dificultades.

O alumnado recibiu unha ou dúas sesión de AL de 25 min. a semana, en función das necesidades presentadas e, ao longo do curso, fóronse realizando as modificacións oportunas en función das necesidades que ían xurdindo (ampliación de número e tempo das sesións, cambio na modalidade de apoio...).

2.3. Metodoloxía:

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento da programación favoreceu a participación activa e cooperativa por parte de todos os implicados.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

En canto ao traballo específico da audición e a linguaxe tivéronse en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partiuse dos coñecementos previos do alumno/a e da súa zona de desenvolvemento próximo, coa finalidade de ofrecer actividades que polo seu interese se relacionasen coas súas experiencias anteriores, contribuíndo así á aprendizaxe significativa.
- Aprendizaxe funcional: "aprender a aprender", base de novas aprendizaxes e aplicación á realidade.
- Facilitáronse as interaccións alumno- alumno e alumno- profesor.
- A principal actividade, pola súa significatividade tanto para o ensino coma para a aprendizaxe, foi o xogo.
- Propuxéronse secuencias de aprendizaxe dende unha perspectiva globalizadora.
- Os espazos estiveron organizados dun xeito funcional, tendo en contas as necesidades dos alumnos e procurando crear zonas diferenciadas pola súa actividade.
- A organización do tempo foi flexible para adecuarse aos diferentes ritmos e adaptarse ás moitas e variadas necesidades.
- Fomentouse sempre a cooperación familia-escola.

A intervención educativa adquiriu un marcado carácter preventivo e compensador, evitando dificultades de aprendizaxe de xeito temperán e compensando aqueles trastornos de desenvolvemento xa presentes para que non se intensifiquen.

- Creación dun clima lúdico onde o neno/a se sentise útil e seguro.
- Favoreceuse a súa autoestima e motivación.

2.4. Recursos empregados:

Os recursos materiais empregados foron os seguintes:



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Material para os prerequisites básicos da linguaxe oral: puzzles, memorys, construcións, xogos variados (Lince, Dobble, Uno, Palabrea...), búsqueda de semellanzas/diferenzas, labirintos, Pictoaxenda...
- Material para as habilidades auditivas: fotoloto sonoro, fotoloto sonoro fonolóxico, memoria visual e auditiva, mundo sonoro, percepción auditiva da linguaxe, ritmo e linguaxe, cadernos de discriminación de pares de fonemas...
- Material para a fonética – fonoloxía: dominós de fonemas, Cicerón, Cono-Fonos, Fonodil, Falando ben, xogos con fonemas, Logokit, lotos fonéticos...
- Material para a semántica: barallas por centros de interese, colección de fotos, tarxetas de vocabulario, Colección TEO, dicionarios de imaxes, lotos de accións, opostos, Primeiros adxectivos, vocabulario básico en imaxes, pictogramas, Eu podo falar...
- Material para a morfosintaxe: Cómicos para falar, Ensíneme a falar, Tren de palabras, Formación de frases, Logokit...
- Material para as habilidades pragmáticas e razoamento verbal: Comprensión, contos, Pictocontos, absurdos verbais, cadros de dobre entrada, parellas lóxicas, Manual da teoría da mente, Na mente, Fototempo, Logokit, libros temáticos, Inferencias, Trivial de habilidades sociais, materiais para os xogos de mesa e o xogo simbólico, dramatizacións, Role-playing...
- Material para a lectoescritura: Método Diverlexia, Aprendendo a ler, Comprensión lectora, Habilidades de segmentación en lectoescritura, lecturas comprensivas, lecturas competenciais, Substitución de letras na escritura...
- Axudas técnicas e software: empregamos a tablet para realizar moitas das actividades propostas de forma interactiva a través de plataformas como sembrando estrelas, soy visual.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

● Avaliación e valoración:

A avaliación realizada durante o presente curso baseouse en tres procesos claves:

- **Avaliación inicial:** para determinar as necesidades específicas de apoio educativo e os coñecementos previos dos alumnos, a través de reunións, informes previos, rexistros e probas específicas.
- **Avaliación continua:** a través dun seguimento diario, reflexando os aspectos traballados, as estratexias empregadas e os resultados obtidos. Dita avaliación permitiu realizar as modificacións oportunas, tanto no horario como nas programacións e materiais, en función das novas necesidades detectadas.
- **Avaliación final:** para determinar o grado de consecución dos obxectivos e avaliar a nosa práctica docente.

Ditas avaliacións se realizaron conxuntamente co profesorado implicado, coordinándose e informándoos en todo momento tanto no referente as súas dificultades como os seus logros.

En xeral, as medidas propostas nas intervencións específicas co alumnado con neae resultaron satisfactorias permitindo un desenvolvemento progresivo en moitos dos contidos propostos. Aínda que se observa unha baixa xeneralización das aprendizaxes adquiridas a outros contextos (aula ordinaria, casa...).

4. Propostas de mellora:

- Maior presenza no centro da especialista de Audición e Linguaxe.
- Mellorar a priorización do alumnado nas sesións de AL para optimizar así os poucos recursos dos que nos dota a consellería.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Maior número e tempo de sesións para o alumnado con maiores dificultades ou de maior relevancia para o seu desenvolvemento académico e persoal.
- Establecer un tempo maior no horario para a coordinación tanto co EAD como cos titores do alumnado con neae.
- Maior coñecemento por parte de toda a comunidade educativa tanto das neae do alumnado como dos recursos e estratexias metodolóxicas necesarias para ofrecerlle a mellor resposta educativa.
- Maior implicación por parte de toda a comunidade educativa na aplicación das medidas acordadas co alumnado con neae para lograr o maior desenvolvemento persoal posible e a xeneralización do aprendido.
- Mellorar o sistema de coordinación e información co profesorado que non acude ao centro educativo de forma regular, por estar compartido con outros centros.
- Maior dotación de material específico na aula de Audición e Linguaxe.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

12. Memoria do departamento de orientación

1. CONSTITUCION DO DEPARTAMENTO

No mes de setembro foi constituído o Departamento de Orientación cos seguintes integrantes:

- Xefa do Departamento:
 1. Lorena López Ramudo. Substituída por Yolanda Varela Pose
- Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica:
 1. Macarena Espiñeira Filgueiras
- Mestra especialista en Audición e Linguaxe:
 1. Emma Pérez Bregua (substituta de Gloria Gómez Edreira) (compartida)

No mes de outubro incorpórase ao departamento a mestra da Iniciativa ARCO.

1. Beatriz Lage

Representantes de etapa e niveis:

- Educación Infantil: Josefina Herreros Calvo
- 1º/2º EP: Andrea Fernández López
- 3º/4º EP: Ana María Barro Casas
- 5º/6º EP: María Cristina Acevedo Varela
- Mestra responsable do CEIP de Sillobre: Cristina López Rodríguez

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

2. GRADO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E VALORACIÓN DOS MESMOS.

Neste curso 2021/22 realizouse a última reunión de D.O. no mes de maio na cal se poñen en común e avalían os logros e obxectivos indicados nos distintos plans do DO acadados. Así, a súa avaliación realizouse segundo o seguinte baremo:

- Acadado:
 - Na súa totalidade: 100%
 - En gran parte: 75%
 - A medias: 50%
 - De xeito escaso: 25%
 - Non acadado: 0%
- Os resultados da avaliación por parte dos membros do departamento foi:

Obxectivos	Grado de cumprimento				
	0%	25%	50%	75%	100%
Seguimento de alumnado obxecto de RE/ACS. Colaboración con mestres e familias (de acordo co plan de atención á diversidade)				X	
Seguimento e avaliación alumnado				X	

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Valoración de alumnado que presente NEAE, novo neste curso.					
Entrevistas cos titores/as e especialistas			X		
Entrevistas coas familias.				X	
Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, asociacións, etcétera				X	
Manter unha liña clara de colaboración co D.O do CPI A Xunqueira, do que dependemos directamente.			X		
Establecer liñas de actuación coherentes cos demais Departamentos de Orientación da comarca de Ferrolterra.					X
Compra de material.			X		
Actualización da documentación do departamento: rexistros de seguimento, avaliación, etcétera...					X

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Aplicación do PXAD (Plan Xeral de Atención á Diversidade).			X		
Revisión dos Informes Psicopedagóxicos que teñan mais de dous anos.			X		
Realización de Sociogramas nos cursos de 6º de EP					X
Implementación do Programa de Competencias Emocionais.		X			
Programa de rexistro fonolóxico inducido a 6º de EI					X
Informes PT e AL.					X
Seguimento e avaliación do POA.			X		
<p>Conclusións e comentarios pertinentes: debido a que a orientación é compartida con outros 3 centros, só se acode tres días ao centro, polo que resultou difícil cumprir co programado ao inicio do curso.</p>					

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

3. FILOSOFÍA ADOPTADA.

De acordo con:

- A lexislación vixente que regula a nosa actuación:
 - o Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).
 - o Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación (LOE).
 - o Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - o Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - o Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- o Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (derogada).
 - o Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (derogada).
 - o Orde de 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual (derogada).
 - o Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensinanza non universitaria con necesidades educativas especiais (derogada).
 - o Orde do 20 de febreiro do 2004 polas que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (derogada).
- Así coma as circulares informativas e os protocolos emitidos pola Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria.
 - O concepto de educación e orientación que temos, plasmado no P.O.A (Plan de Orientación Académico) e no P.X.A.D (Plan Xeral de Atención á Diversidade)
 - O Contexto que nos guía: Concello de Fene.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Procurouse desenvolver a nosa actuación de acordo cas máximas de: Educación compensatoria, comprensiva, en igualdade/equidade, partindo da individualización/personalización da ensinanza, atención á diversidade, inclusión e normalización educativa, en cooperación con tódolos membros da comunidade educativa e dende a responsabilidade compartida que unha Comunidade Educativa debe de representar na atención ao alumnado.

4. ACTIVIDADES REALIZADAS.

Destacar as seguintes actividades levadas a cabo dende o D.O.:

- Seguimento e aplicación do Plan de Orientación Académico, Plan Xeral de Atención a Diversidade, do Plan de Convivencia e do Plan de Acción Titorial, como elementos que guían a acción orientadora no centro.
- Organización dos apoios por parte do PT e do AL (tendo que ser modificados en diferentes ocasións, por mor das novas necesidades que foron xurdindo).
- Constitución do DO.
- Asesoramento as familias: sobre NEAE ou outras dificultades, desenvolvemento xeral dos fillos/as, tramitación de becas....
- Asesoramento ás titoras na realización, seguimento e avaliación de ACS e RE, de xeito que se puideran aproveitar ao máximo.
- Información a toda a comunidade educativa sobre temas como: Atención á Diversidade, Convivencia, NEAE,...
- Seguimento, aplicación e modificación, se procedía, dos plans de Intervención obxecto do alumnado con NEAE, e principalmente os atendidos polas mestras de ARCO, PT e AL.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Coordinación co orientador do CPI A Xunqueira e a orientadora do IES Barallobre.
- Conmemoración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- Reunións semanais do Equipo de Atención á Diversidade e mensuais do Departamento de Orientación.
- Coordinación coa mestra responsable do CEIP de Sillobre.
- Coordinación coa orientadora do CEE Terra de Ferrol realizar o traslado definitivo a tempo completo do alumno de 6º de Educación Primaria.
- Leváronse a cabo os distintos programas/actuacións dende o Departamento de Orientación:
 - o Realización do Rexistro Fonolóxico Inducido, ao alumnado de 6º de Educación Infantil e derivación e implementación de Audición e Linguaxe, no caso que se determinase na exploración profunda.
 - o Programa de Estimulación das Competencias Emocionais para alumnado de 6º de Educación Primaria.
 - o Realización de avaliacións psicopedagóxicas e dos informes tal como establece a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- o Realización dun Ditame de escolarización para a solicitude dunha escolarización completa no CEE Terra de Ferrol coa correspondente visita do Equipo de Orientación Específico.
- o Visita do Equipo de Orientación Específico co alumno de 6º de Educación Infantil en maio.
- o Informar ás persoas titoras e as familias dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas.
- o Realización de informes a petición tanto da inspección educativa como dos servizos sanitarios.
- o Ditame de Escolarización dunha alumna para o curso 22/23 con necesidades educativas especiais.
- o Realización do DRDOrienta e DRDadi.
- Solicitouse asesoramento a distintos organismos da Consellaría:
 - o E.O.E.:
 - Especialista en Orientación Vocacional e Profesional.
 - Especialista de Trastorno do Espectro do Autismo.
 - o AASS: a través de varios contactos precisos, con Asuntos Sociais do Concello de Fene nos cales se fixo seguimento de catro alumnos/as, para a mellora, en coordinación co centro das súas circunstancias sociofamiliares e culturais.
 - o Distintos Gabinetes, Asociacións e profesionais: que atenden a nenos/as, para conseguir unha estreita colaboración con eles, coordinando as liñas pedagóxica e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

didáctica, non só co centro senón implicando de primeira man ás familias.

o Comunicacions coa Inspección Educativa a nivel de Asesoramento legislativo.

- Procurouse establecer unha liña estreita e de coherencia con parámetros similares na detección, estimulación e atención ao alumnado con NEAE, dentro da nosa escola e con outros organismos.

5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Co centro

- Identificar e asesorar sobre os/as alumnos/as con NEAE
- Elaborar e introducir, programas partindo das necesidades do centro.
- Facilitar e promover a relación do centro coas familias.
- Levar a cabo instrumentos de detección e atención precoz de NEAE.
- Intercambio de información cos centros que reciben e nos envían alumnado buscando a acomodación mais axeitada a nova etapa do alumnado que cambia de centro.

Cos mestres/as

- Identificar conxuntamente as dificultades dos/as alumnos/as.
- Propoñer programas de apoio e reforzo.
- Facilitar técnicas e estratexias didácticas.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Desenvolver e implementar programas de CCEE (Competencias Emocionais) co alumnado.
- Colaboración na prevención e detección temperá de NEAE
- Asesoramento na interacción coas familias.
- Asesoramento na implementación das medidas de atención á diversidade ordinarias e extraordinarias.

Cos alumnos/as

- Facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Mellorar as relacións interpersoais.
- Formar na xestión e administración do conflito.
- Desenvolver e consolidar o uso de estratexias emocionais e Competencias Emocionais na súa vida e desenvolvemento.
- Asesorar e facilitar os cambios de etapa educativa.
- Realización de intervencións psicopedagóxicas individuais.
- Facer seguimento de alumnado egresado do centro a outras etapas superiores para facer un control de calidade da nosa ensinanza.

Coas Familias.

- Formar e informar sobre a estimulación temperá e prevención de NEAE
- Asesoramento en técnicas de modificación de conduta en casos específicos: mal comportamento, trastornos concretos (medos,...).
- Buscar unha colaboración e comunicación activa coas familias, intercambiando información, expoñendo obxectivos ...



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Implicar as familias na vida do centro e estimular na colaboración, coherencia e corresponsabilidade cos titores e demais mestres.

6. DIFICULTADES ATOPADAS.

Neste curso 2021/22 as dificultades que xorden no eido da orientación foron as medidas que se tiveron que tomar por mor do COVID-19, xa que impediron poder xuntar alumnado de diferentes aulas e que todos tiveran atención por parte das especialistas.

Así mesmo, a pesar de ser unha orientación compartida con outros 3 centros educativos, tratouse de chegar a todas as necesidades que presenta o centro dando resposta as avaliacións que foron xurdindo o longo do curso. Quedan pendentes avaliacións psicopedagóxicas que se propuxeron na 3º avaliación.

7. PROPOSTAS DE MELLORA.

Do reflectido nesta memoria que inclúe o programado a inicios de curso, o desenvolvemento final deste proxecto e a súa aplicación práctica, conclúense unhas propostas de mellora para o vindeiro ano que serían:

- Favorecer a coordinación e coherencia interniveis, dentro das competencias que temos coma D.O.
- Adecuación do horario do persoal do D.O. (evitando no posible a provisionalidade) para garantir a calidade do ensino (priorizando ao persoal definitivo na atención a aqueles casos con necesidades permanentes).
- Seguir facendo fincapé na formación e información das familias sobre a educación e atención á diversidade, a través de conferencias, talleres, aulas, etc.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Precisamos contar con máis recursos humanos (mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica e mestre/a especialista en Audición e Linguaxe a tempo completo) para dar unha atención axeitada a todo o alumnado con necesidades co que contamos. Así mesmo, un/unha orientador/a a tempo completo xa que o centro conta con moito alumnado con necesidades educativas.
- Necesidade dun coidador/a ou unha docencia compartida para o alumno con Síndrome de Down, por mor das necesidades que presenta.
- Establecer unha reunión ao inicio de curso (finais de outubro) para que cada persoa titora, tras a avaliación inicial, comente as dificultades detectadas no alumnado e que sexa obxecto de seguimento por parte do Departamento de Orientación.
- Acadar a implicación de todos no proceso de orientación e traballo, programas/proxectos, aspecto sinónimo a calidade e excelencia.
- Implementar Programas de Habilidades Sociais e Intelixencia Emocional de forma transversal.
- Levar a cabo programas de Mediación Escolar e TEI para favorecer a integración de novo alumnado, a resolución pacífica de conflitos e a inclusión escolar.
- Levar a cabo un programa de Patios Dinámicos que favoreza ao alumnado con NEAE nos tempos de lecer.
- Levar a cabo accións formativa co profesorado do centro para mellorar a Acción Titorial en canto ao ACNEAE e a súa atención na aula.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Propoñer propostas de actividades dinamizadoras para os tempos de recreo ca finalidade de favorecer a participación de alumnado con n.e.e. e/ou con dificultades nas relacións sociais.

8. CONCLUSIÓN.

No plan de actuación do Departamento de Orientación quíxose dar un enfoque comprensivo do feito educativo cara os alumnos e alumnas da comunidade educativa. De acordo cos principios que establece a LOMLOE (2020) de comprensividade, equidade e atención á diversidade.

Está nas mans de toda a comunidade educativa traballar no mesmo camiño para chegar a unha atención educativa axeitada, de calidade e inclusiva real que parta dos principios básicos de inclusión e equidade onde todo o alumnado e todas as familias participen no proceso de ensinanza-aprendizaxe como parte importante que son.

O D.O. debe de mellorar e ter no seu horizonte o obxectivo que a orientación do século XXI debe ter: traballar conxuntamente con todos os mestres e mestras do centro coma un todo e que en cada proxecto estea implicado cada alumno, mestre e familia do centro, deste xeito sen dúbida a calidade tornará un nivel de excelencia incomparable.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

13. Memoria anual do equipo de actividades complementarias e extraescolares

- **Composición do equipo**

- Bibiana Grandal Mourente
- Beatriz Gamallo Permuy
- Teresa María Anca Ardao

- **Obxectivos:**

- Programar todas aquelas actividades pertinentes que faciliten o tratamento das transversas dende un punto de vista cooperativo e enriquecedor, na medida do posible.
- Levar a cabo reunións cos demais equipos que favorezan a posta en marcha das diferentes actividades que se realizarán ao longo do curso.
- Coordinación e cooperación dos membros que constituen a comisión de actividades extraescolares e complementarias.
- Fomentar, coordinar e programar as distintas propostas para a conmemoración de festividades... en colaboración cos diferentes equipos.
- Fomentar o respecto polo medio.
- Levar a cabo un seguimento das propostas cara as futuras melloras.
- Programar todas as actividades relativas as celebracións de Halloween/ Samaín, entroido, os maios, 8 de Marzo (día da muller).

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Este curso, debido á situación do COVID, as celebracións realizáronse por cursos, para respectar as medidas de distanciamento e sen contar coa presenza das familias.

● **Celebracións**

- Halloween/samaín
- Día contra a violencia de Xénero
- Entroido
- Os maíos
- Día da muller

● **Reunións**

As reunións celebráronse os martes pola tarde seguindo o calendario establecido polo centro. Tanto no primeiro coma no segundo trimestre estas reunións foron telemáticas a través de Cisco Webex. No terceiro trimestre foron de maneira presencial no centro.

● **Actividades realizadas nas celebracións**

Halloween/samaín

O día 29 de Outubro celebramos halloween/Samaín no centro. O alumnado veu vestido dunha maneira terrorífica, trouxeron merendas con temática de Halloween e visualizaron películas de terror.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Día Internacional contra a Violencia de Xénero(25 de Novembro)

O 25 de Novembro, día internacional da eliminación da violencia contra a muller, recibimos dúas violetas a tamaño real, escribivimos unha palabra ou ffixemos un debuxo nos positt que nos fará chegar a FANPA e os pegamos nas violetas.

Despois levouse a cabo un flashmob para visibilizar ás vítimas invisibles. Escollerimos unha canción xeral para todas as aulas.



Entroido

o 25 de febreiro celebrouse no centro o entroido. Seguindo a temática do PDI “Pingas de ciencia” 4º, 5º e 6º de Infantil foron disfrazados do aparato respiratorio.

1º, 2º, 3º, 4º, 5ºA, 5ºB e 6º foron disfrazados coa temática “científica”.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Todos xuntos comezando a fila por 4º EI e terminando esta por 6º EP puxemos camiño do concello para ir polas rúas ensinando os nosos disfraces.

Dende o luns 21 de febreiro ata o xoves 24, colocamos mandados a bruxa Encarnación que estaba agardando na entrada do centro todos os días a primeira hora da mañá e última da tarde para explicarnos o mandado que tínhamos para o próximo día.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



Día da muller (8 de Marzo)

O día da muller no centro fixemos unha coreografía que bailamos todos no patio. Ademáis todos os nenos e nenas trouxeron a foto dunha das mulleres máis importantes para eles/as y as puxemos nun mural.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



Os maios

No noso centro os maios celebráronse o día 13 de maio.

Vimos vestidos cun pantalón vaqueiro, unha camisa branca e un sombreiro de flores. Recorremos ata o Concello levando dous maios que levamos a cabo o día anterior no centro coa colaboración de todo o alumnado. Os nenos e nenas de Infantil bailaron a Muiñeira Felisa vai en coche e a continuación, o alumnado de Primaria bailou a Muiñeira de Lugo.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- **Avaliación/conclusión**

A avaliación das actividades realizadas foi positiva pois ademais de acadar os obxectivos propostos todas elas foron moi ben acollidas pola comunidade educativa. Sempre que foi posible se intentaron realizar actividades lúdicas cara o alumnado e a súa implicación.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

14. Memoria anual do equipo TICS

As persoas que integraron o equipo Tic dentro do actual curso académico 2021/22 foron as seguintes:

- **Iria González Grande (mestra de Inglés e Directora)**
- **Sandra Martínez Blanco (mestra de E.F e coordinadora, substituta de Abel González Varela)**
- **Alberto Pernas (mestre titor de 2º de E.P)**
- **Isabel Torrente Seco (mestra titora de 6º de E.P)**

Neste presente curso escolar prodúcese un novo cambio no que aos integrantes d o equipo se refire. A figura do coordinador segue a cargo da mesma persoa e entran dúas persoas novas con plaza definitiva no centro.

A maiores é importante sinalar que neste curso o colexio continuou coa súa adhesión ao proxecto EVA Edixgal, incorporándose os dous cursos de 5º de educación primaria e seguindo co proxecto en 6º de educación primaria.

A coordinación dos membros do equipo foi fluída e totalmente construtiva, reuníndonos ao longo do curso de xeito telemático ou presencialmente os martes pola tarde cando así o recollía o calendario de reunións. Ditas reunións, como o resto dos equipos e órganos de coordinación docente, foron desenvolvidas de xeito telemático por medio da plataforma WEBEX. O coordinador dispoñía a maiores, dentro do seu horario lectivo, de 1 sesión por semana para dar apoio e cobertura a todo o que conlevan as TIC'S (mércores de 12:30h a 13:15h). Igualmente, cando así se precisaba, facía uso dalgunha hora das que tiña de garda sempre e cando a organización do centro no día a día non llo impedía.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

A continuación, a modo de síntese, refléxanse as accións levadas a cabo no actual curso académico pero en dous apartados diferenciados aínda que algo relacionados: Tics mais Edixgal.

TICS

- Ao inicio do curso, levouse a cabo unha revisión dos equipos informáticos maila impresora, así como a correcta conexión á rede.
- Ao longo do curso levouse a cabo o mantemento e arranxos varios dos recursos Tic por parte da empresa externa contratada polo centro.

FORMACIÓN DE DIGICRAFT

- Relaciona co ámbito Tics atopamos o programa Digicraft, que é un programa educativo que ten como obxectivo formar ao alumnado de entre 6 e 12 anos nas competencias dixitais que lles permitan desenvolver ao máximo o seu potencial, é unha proposta didáctica innovadora que se desenvolve a través do xogo e a experimentación, e no cal o noso centro participou levando a cabo unha formación repartida en dous momentos temporais diferenciados, unha 1ª parte de formación no primeiro trimestre (outubro) con tres sesións, correspondentes ao primeiro itinerario “ Inteligencia artificial y videojuegos” e unha segunda formación no segundo trimestre (febreiro) con outras tres sesións de formación, correspondentes ao segundo itinerario “ Tecnologías audiovisuales con ordenador”. A estas sesións de formación acudiron tres persoas do centro: Sandra Martínez Blanco, Iria González Grande e Silvia Filgueira.

FORMACIÓN PLAN DIXITAL

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Coa entrada en vigor da Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se dictan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia , curso 2021-2022, o equipo Tic do centro recibiu a formación correspondente para o desenvolvemento do mesmo. Foron dúas as sesións de formación recibidas, estas realizáronse de xeito telemático pero con obrigación de permanencia no centro por parte das persoas do equipo Tic.

A maiores a persoa coordinadora do equipo recibiu outra sesión de formación sobre implantación dun espazo do Plan Dixital dentro da aula virtual do centro (espazo común de traballo para o equipo de dinamización do Plan) e sobre como implementar a ferramenta Board para o DAFO en dito espazo. A coordinadora tamén mantivo comunicación constante, a través da Aula Virtual Adix Ferrol 2, co coordinador Adix asignado ao noso centro.

O desenvolvemento do Plan seguiu as seguintes fases:

- Fase I: Análise e Diagnose de situación dos centros (presentación e contacto co centro, comezo do SELFIE, informe de resultados do SELFIE, informe individual e grupal do Test de CDD e informe DAFO)
- Fase II: Deseño e elaboración do Plan Dixital (Obxetivos do Plan de Acción e Plan Dixital)

O próximo curso desenvolverase a Fase III: Implementación, seguimento e avaliación do Plan Dixital.

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS NO CENTRO



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- **Restablecéronse** os contrasinais **na AV de Moodle** a todo o alumnado e profesorado que o precisou, e tamén se deron de alta a aqueles que se incorporaron neste curso.
- Envióuselle telemáticamente a todo o profesorado o **manual de conexión á rede “edu.xunta.gal”** e imprimiuse unha copia física deixándoa na sala de mestres/as.
- Creouse o **Instagram** de centro para dar unha maior visualización as diversas actividades e propostas realizadas no centro.

- Realizáronse diversas **modificacións/actualizacións** de diversos aspectos da **web educativa** para a súa millora.
- Incentivouse o uso do **blogue de E.F “O Furancho da E.F”**, a través de diversas publicacións de presentacións dixitais de “Genially” que buscaban a implicación e participación do alumnado nos diferentes retos propostos.
- **Dinamizouse o uso da web educativa** e animouse ao profesorado a facer publicacións e compartir contido das diversas actividades realizadas. O equipo Tic implicouse na creación, elaboración e publicación de contido, sendo os principais encargados de xerar contido relacionado coas actividades de centro realizadas.
- **Mantemento de 7 equipos portátiles** dotados pola Consellaría “EARED”: **Equipos alumnado de risco de exclusión dixital**. Equipos con conexión a internet cun router inalámbrico operativos para o alumnado que se atopase nesa situación de risco. O centro puido facer uso destes equipos para diferentes proxectos desenvolvidos ao longo do curso.
- Diferentes **actividades desenvolvidas ou promovidas desde o equipo Tics**:

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Creación dunha carpeta de Fotos e vídeos no Drive para centralizar o traballo e subir arquivos para poder despois facer as publicacións correspondentes na páxina web (25N, Magosto, Samaín, Vídeos de Nadal, montaxe de Nadal, Día da Paz, Día de Rosalía, Día da Nena e a Ciencia, Entroido, Letras Galegas, Maios, obradoiros,...)
- Comunicacions varias coa UAC (Unidade de Atención a Centros) para solventar diversos problemas que ían xurdindo.
- Subida de fotos á Galería de centro (súbense fotos das actividades que se realizan a nivel de todo o centro)
- Grabación e montaxe de diversos vídeos no Chroma (Nadal e Pingas de Ciencia de Infantil)
- Solicitouse permiso de imaxe ao profesorado e arquiváronse os documentos no arquivo Tics.
- Creouse un rexistro no Drive para o uso dos Ipads, que se actualiza por semana.
- Realizouse o inventario no XADE de todo o material de tipo informático do que dispoñemos no centro (ordenadores portátiles, ordenadores sobremesa, monitores, teclados, pizarras dixitais, proxectores,...)
- Descarga de música para escoitar nos recreos nos altavoces pertencentes a 5ºA e 5ºB.

EDIXGAL

- Solicitouse e realizouse cambio de ubicación do carro Edixgal ubicado no corredor do 2º andar. A nova ubicación é ao final do corredor ao lado da aula de informática.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Chequeo e catalogación dos portátiles recibidos para o alumnado, así como as bolsas/carteiras dos mesmos.
- Chequeo a catalogación dos portátiles recibidos para o profesorado, así como as bolsas/carterías dos mesmos (9).
- Clonación da derradeira versión da maqueta Abalar de todos os portátiles do profesorado por non estar actualizada.
- Preparación da reunión para a presentación do programa cara as familias.
- Reunión telemática coas familias ao comezo do curso, para darlles a coñecer o uso e manexo da plataforma EVA Edixgal na educación dos seus fillos/as. Xuntanza desenvolvida por medio da ferramenta WEBEX.
- Subida dos acordos de cesión dos equipos do profesorado e alumnado á plataforma de coordinación Edixgal.
- Subida da devolución correcta dos equipos de profesorado e alumnado á plataforma de coordinación Edixgal.
- Resolución de diversas incidencias acaecidas no día a día por medio do Servizo Premium Edixgal.

Ademais de todo o anterior, tratáronse de solucionar diferentes problemas que ían xurdindo no día a día. Cando non se podían solventar, por descoñecemento, solicitábase a asistencia dunha empresa informática do concello de Fene que o colexio ten contratada (no caso de ser urxente e de custo baixo), ou do contrario, abríase incidencia na Unidade de Atención a Centros (UAC). Se o problema ía dirixido aos equipos do programa Eva Edixgal recurríamos obrigatoriamente ao Servizo Premiun Edixgal.

Ao longo do curso abríronse un total de cinco incidencias á UAC, das cales están todas solventadas (lentitude de internet no centro, caída de internet, caída da telefonía do centro, cambio de ubicación do carro de carga

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

de 5º). Respecto ao Servizo Premium Edixgal, executáronse un total de dezaseis incidencias, todas elas resoltas, ben de xeito telefónico ou presencial (carro de carga 5º, equipos de alumnado e equipos do profesorado)

Cabe destacar o uso que se fixo ao longo do curso da AV cando as necesidades da pandemia ou de outra índole así o requerían. Tamén se fixo uso da mesma cando calqueira mestre/a o consideraba oportuno independentemente de cal fose a situación da aula respecto ao Covid.

Para o vindeiro curso sinálanse os seguintes obxectivos desde o equipo TIC:

- Implantación, seguimento e coordinación da plataforma EVA EDIXGAL (incorporación de 5º e continuidade dos dous 6º).
 - Presentación do proxecto ás familias do alumnado que son de nova incorporación.
 - Elaboración, implantación e entrega dos protocolos nas aulas (mestres/as e alumnado) así como ás familias.
 - Chequear e etiquetar todos os portátiles novos (alumnado e profesorado)
- Catalogar no inventario de XADE os novos equipos informáticos que se incorporen ao centro.
- Etiquetar as IPS de todos os equipos informáticos e recollelo nun cadro.
- Seguir fomentando o uso e manexo das novas tecnoloxías desde o profesorado.
- Continuar en proceso continuo de formación.
- Conseguir dotar ao centro de novos equipos informáticos e kits dixitais que vaian substituíndo aqueles máis obsoletos.
- Crear unha aula de STEAM.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Solicitar á UAC unha forma de conexión automática de calqueira tableta, independentemente da aula na que se está a traballar. Actualmente supón un escollo estar constantemente introducindo a nosa clave de usuario do dominio “edu.xunta.gal”, xa que isto provoca moita perda de tempo.

CONCLUSIÓNS

Demandamos un ano máis a necesidade urxente de novos equipos informáticos para ir renovando os equipos antigos e obsoletos dos que dispoñemos. Os actuais non cubren as necesidades que nos demanda o actual sistema educativo e isto está a xerar constantes problemas que dificultan o bo desenvolvemento das clases. Tamén se demanda a instalación de kit dixitais para determinadas aulas por non dispor das mesmas, especialmente as aulas de educación infantil.

PROPOSTAS DE MILLORA

- Renovación de equipos informáticos en todas as dependencias.
- Instalación de novos equipos dixitais e informáticos en aulas valeiras.
- Lograr cada vez máis unha maior implicación do profesorado nas Tic´s.
- Seguir formándonos no uso das TIC e na creación de recursos dixitais.
- Continuar cos obxectivos propostos para a mellora das Tic no noso centro educativo.
- Cumplir cos obxectivos propostos no Plan Dixital, xa que iso axudará á mellora da competencia dixital docente.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

15. Memoria anual do equipo de dinamización da lingua galega

1. Introducción

No curso 2021-22 realizáronse as actividades previstas no Proxecto de Dinamización Lingüística aprobado para o CEIP Plurilingüe de Centieiras, grazas basicamente aos fondos e recursos aportados polo profesorado e o centro. Asemade, cabe sinalar que tendo en conta a avaliación realizada do proxecto do ano anterior, neste curso prestamos máis atención ás actividades destinadas a promover, entre o alumnado, o uso da lingua galega dentro e fóra do centro educativo, tanto de forma oral como na súa manifestación escrita. Indicar por último, que como centro de ensino empregamos con carácter xeral a lingua galega, tanto oral coma escrita, en:

- Rotulación interna e externa do centro.
- Documentos oficiais do centro.
- Carteis, avisos, notas... de exposición pública e interna.
- Interaccións familia-profesorado.

2. Avaliación de obxectivos

Obxectivo	En proceso	Acadado
Sensibilizar á sociedade sobre a nosa problemática socio-lingüística.	x	
Prestixiar o galego como lingua propia de Galicia e como lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.	x	
Levar a cabo pequenas iniciativas individuais e colectivas que favorezan un cambio de actitude respecto ao idioma.		x

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Incentivar o uso do galego nas aulas, exercendo de mediadores activos.		X
Fomentar o uso progresivo do galego dende Educación Infantil.		X
Promover medidas favorables para conseguir equiparar o nivel de competencia do alumnado en lingua galega e castelá.		X
Empregar, ao remate dos ciclos educativos, a lingua galega, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.	X	
Empregar con carácter xeral a lingua galega, fomentando o seu uso oral e escrito.		X
Participar en actividades lingüísticas promovidas por entidades públicas ou privadas, tendentes a potenciar a lingua galega.		X
Favorecer o desenvolvemento da nosa cultura potenciando as súas manifestacións populares máis características.		X
Desenvolver hábitos de lectura e escritura na nosa lingua.	X	
Difundir as manifestacións literarias e musicais máis novidosas da cultura galega.		X
Visibilizar a nosa cultura atendéndolle ás súas diferentes manifestacións.		X

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Concienciar ao alumnado das vantaxes culturais que se desprenden do coñecemento das linguas.	X	
Favorecer a autonomía de grupos na potenciación de programas escolares activos.	X	
Transcender os límites do centro educativo, levando a práctica da aprendizaxe a toda a comunidade, e aos seus integrantes.		X
Crear hábitos de aprendizaxe dignificadores da lingua.		X
Acadar o aprecio pola cultura propia, como punto de partida, para o respecto á pluralidade cultural da nosa sociedade.		X

3. Equipo de dinamización lingüística

O equipo de dinamización estivo formado por:

- Yolanda Varela Pose (substituta de Lorena López Ramudo e representante o 3º ciclo).
- Alba Fernández Varela (representante do 2º ciclo e substituta de M^a del Carmen Leira Moreno).
- Silvia Filgueira Pena (representante de infantil).
- María Teresa Carpente Eiroa (coordinadora).

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

4. Actividades realizadas para dinamizar a lingua galega

4.1. O NOSO MEDIO

- Percorrido explicativo por todas as dependencias do colexio (para alumnos/as e pais/nais novos) do alumnado de Educación Infantil de nova escolarización.
- Paseo pola contorna e recollida de elementos naturais. Fixemos distintas saídas para explorar o patio e zonas verdes do noso centro, observando tanto a súa flora como os cambios da paisaxe e recollendo follas, flores, froitos,... para traballar posteriormente con eles na aula.
- Saídas educativas dentro da nosa comarca para participar en actividades culturais e académicas; a fin de acadar a observación directa das características singulares do noso medio.
- Participación das familias do alumnado do colexio en diversas actividades dirixidas a favorecer o coñecemento dos gostos, dotes ou aptitudes do alumnado do centro a través de actividades como “Cóntoche do meu avó e da miña avoa.

4.2. AS NOSAS TRADICIÓNS

SAMAÍN, 29 DE OUTUBRO

Concurso de “Debuxos e contos de medo”.

O alumnado de Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria participaron con debuxos, o resto dos cursos fixeron relatos de medo. Tanto cos debuxos coma cos contos fíxose unha presentación para subir á páxina web do centro. Entre os/as participantes escolléronse dous gañadores por curso.

Decoración de cabazas.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

As nenas e nenos decoraron nas casas, coa axuda das familias, as súas cabazas para participar na exposición de “Cabazas de Samaín” que se fixo no corredor da entrada co colexio entre os días 27 e 29 de outubro.

Vestimenta terrorífica.

Este día, todo o alumnado que así o desexou, veu á escola disfrazado da casa con distintas roupas, complementos e maquillaxes característicos desta celebración: pantasma, bruxas, monstros,...

Lectura de contos de medo con lanterna.

Cada grupo na súa aula fixo distintas lecturas de contos de medo e intriga ambientando o espazo para a ocasión con escuridade e lanternas.

Visionado de películas de Samaín.

Nos ciclos visionáronse películas e curtometraxes relacionadas con esta temática que foron escollidas polos titores/as en función da idade e preferencia do alumnado.

Merenda terrorífica.

As nenas e nenos trouxeron da casa para tomar de parva este día, unha merenda terrorífica.

MAGOSTO E DÍA DO PEÓN, 5 DE NOVENBRO

A celebración destas dúas festividades propias da nosa tradición cultural, este curso, realizámolos conxuntamente. Para o seu festexo fixéronse as distintas actividades:

Degustación de castañas proporcionadas pola ANPA do colexio.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Co fin de manter as medidas de seguridade dada a situación sanitaria do momento, estas castañas eran doces e viñan xa embasadas en paquetiños individuais, un por neno/a.

Obradoiros de outono.

Nas titorías realizáronse distintos talleres de outono: taller de estampación de follas, de creación de mandalas con produtos da época, de elaboración de móbiles con paus e follas, bonecas com mazorcas de millo,...

Baile de peóns.

Establecéronse distintas quendas ao longo da mañá para que cada aula baixase ao patio cuberto ou á pista polideportiva bailar o peón. As nenas e nenos de 6º de Educación Primaria ensinaron e axudaron ás compañeiras e compañeiros dos outros cursos nesta actividade; pois eles/as era unha actividade que dominaban porque traballaron en Educación Física.

NADAL

Concurso de postais.

A mediados o mes de decembro organizouse un concurso de participación totalmente voluntaria, no que as nenas e nenos tiñan que deseñar e crear unha postal navideña. A postal gañadora colgouse na páxina web do colexio para felicitar as festas a toda a comunidade educativa e foi impresa para repartir entre todo o alumnado.

Festival virtual.

Entre todas as nenas e nenos do colexio fixemos un festival virtual de Nadal. Para iso, cada curso gravou nun vídeo a súa actuación (canción, baile, recitado,...) Posteriormente, con todos eles, fíxose unha montaxe para compartir na web do centro con toda a comunidade educativa.

ENTROIDO

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Mandados da bruxa Encarnación.

A bruxa Encarnación, a cal estivo colocada no corredor principal do centro, de luns a xoves deixoules aos nenos e nenas da escola distintos mandados que cumprir.

Luns: algo a modo cinturón moi orixinal

Martes: un mandil

Mércores: un zapato de cada xeito

Xoves: un peza de roupa de cada cor.

Degustación de produtos de entroido.

Na hora da parva, degustamos produtos típicos destas datas de xeito individual para que non poideran ser compartidas e garantir así as medidas de protección fronte a COVID. Para isto cada quen trouxo da casa a súa parva de entroido.

Disfraces relacionados coa ciencia

Partindo da temática do PDI deste curso, o tema escollido para os disfraces foi a ciencia en xeral. Algúns ciclos foron desfrazados dunha temática concreta de ciencia (Educación Infantil: sistema respiratorio por exemplo) e outros totalmente libre.

O 25 de febreiro, todo o alumnado, acompañado polas familias que así o desexaron, fixo un desfile polas rúas de Fene acompañados de música.

MAIOS. 12 E 13 DE MAIO

Para conmemorar esta data, o xoves 12 de maio o alumnado 8 (coa axuda do profesorado) elaboraron dous maios con flores que eles e elas mesmas trouxeron das casas; un con forma de barco e outro de hórreo.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

O venres 13, ataviados para a ocasión con pantalón vaqueiro, camiseta branca e sombreiro de palla, fixemos un desfile polas rúas de Fene cos nosos maíos e fomos ata a praza do Concello bailar unhas muiñeiras.

4.3. CELEBRACIÓN DATAS SINLADAS

8 M, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Decoración de paraugas.

Cada curso escolleu unha muller científica galega para traballar durante estes días. Logo de coñecer quen foi e todo o que fixo tiveron que adornar un paraugas reflectindo nel os datos máis significativos da científica elixida. Con todos os paraugas fíxose unha exposición no corredor da entrada do centro.

Baile con coreografía.

Todo o alumnado do centro preparou unha coreografía para a canción “Morra o conto” e o 8 M, todos xuntos baixaron ao pavillón do centro bailala.

DÍA DE ROSALÍA 24 DE FEBREIRO

O alumnado de todo o centro desfilamos desde o colexio ata a praza do concello con paraugas decorados coa imaxe da autora e o seu nome.

Unha vez na praza, cada curso recitou un poema da poetisa.

SEMANA DA PRENSA

Para conmemorar esta data no centro realizamos distintas actividades:

- O alumnado de Educación Infantil e do primeiro ciclo de Educación Primaria elaboraron un mural de ciencia a partir de titulares, novas e imaxes que foron recopilando de distintos xornais.
- No segundo ciclo de Educación Primaria as nenas e nenos redactaron distintas novas partindo da temática do PDI de centro deste curso, a

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ciencia. Con todas eles montouse un xornal “Pingas de ciencia” para ter na biblioteca de cada aula e sobre o cal traballar nas titorías.

- No terceiro ciclo de E.P tiveron obradorios relacionados coa temática da Semana da prensa.

LETRAS GALEGAS 2022

Para conmemorar esta data realizamos unha actividade conxuntamente co equipo de biblioteca creativa: traballamos ao autor homenaxeado este ano a partir da robótica.

Para isto elaboráronse distintos paneis (catro por ciclo) con información relacionada con Florencio Delgado e as Letras Galegas; sobre os que nenas e nenas interactuaron cos robots.

4.4. VARIOS

CÓNTOCHE DO MEU AVÓ E DA MIÑA AVOA?

Cada mes recolléronse os traballos, en formato dixital, que o alumnado gravou coas familias, concretamente cos avós ou avoas, con temas relacionados con cousas que saben facer... Contos, receitas, refráns ou simplemente algo que as nenas e nenos saben facer co seu avó ou avoa e quixeron compartir cos demais. Con todos os vídeos aportados no mes polo alumnado fixemos unha montaxe para proxectar nas aulas do centro o derradeiro vermes de cada mes. A montaxe tamén se colgou na páxina web do centro para poder compartila co resto da comunidade.

RADIO

Este curso seguimos co programa de radio AS CRÓNICAS DE CENTIEIRAS, en Radiofusión (107,7 FM), Radio Fene.

Cada mes dous cursos do centro foron os encargados de preparar o programa e desprazarse ata o estudo para a súa gravación.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Estes programas de radio escoitáronse nas aulas durante a hora de ler e tamén se colgaron na páxina web do centro.

A PALABRA FAVORITA

A derradeira semana de cada mes, entregouse aos nenos e nenas do centro unha plantilla en forma de sobre, para levar para a casa e, coa axuda dos seus familiares e achegados/as, escribir nela unha palabra en galego que lles guste pola súa sonoridade, polo seu significado,... etc.

Nas titorías, o último venres de cada mes, o alumndo escolleu, de entre todas as palabras recopiladas no seu curso, unha; a que máis gustou.

Con todas as palabras favoritas do mes realizáronse composicións gráficas que colgaron na páxina web do centro para que a comunidade educativa poidese ver a selección.

VISITA DE AUTORES/AS

Ao longo deste curso no colexio contamos coa visita das seguintes autoras e autores:

- Paula Carballeira
- Eva Mejuto
- María Canosa
- Andrea Maceiras

5. Avaliación/conclusión

A avaliación das actividades realizadas foi positiva pois ademais de acadar os obxectivos propostos todas elas foron moi ben acollidas pola comunidade educativa.

Resaltar que á hora da planificación de ditas experiencias tivemos en conta a avaliación realizada da memoria do ano pasado, incluíndo así neste curso

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

escolar un maior número de actividades destinadas a ter un mellor e máis amplo coñecemento da nosa contorna, das súas características e costumes e a promover entre o alumnado o uso da lingua non só dentro do centro educativo senón tamén no seu día a día.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

16. Memoria anual de plurilingüismo e programa Erasmus+

INTRODUCCIÓN

Este curso 2021-2022 toda a educación primaria do centro pertence ao programa de plurilingüismo, completando así o programa con 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de E.P. na área de Arts & Crafts cunha sesión semanal.

Contamos cunha auxiliar de conversa ao tempo máximo que permite o programa, polo que agradecemos o apoio por parte da Consellería de Educación na dotación de medios ao noso centro. Así, Macy realizou actividades variadas e implicouse moito no desenvolvemento das materias de Arts & Crafts e Lingua inglesa; así como en actividades de centro coma Halloween, Christmas e outras máis específicas da súa cultura como Thanksgiving. Outras festividades como April Fool's Day ou St. Patrick's Day que consideramos importantes para celebrar e difundir co noso alumnado son alleas á súa cultura estadounidense pero aínda así colaborou activamente e axudou na busca de información e actividades.

Como parte da organización e seguindo as instrucións do programa de plurilingüismo, contamos cunha reunión semanal onde nos reuniamos a auxiliar de conversa e dúas das tres mestras involucradas neste proxecto: Cristina Acevedo (Arts & Crafts 3º, 4º e 6º EP), Iria González (Lingua Inglesa, Arts & Crafts 1º, 2º e 5º EP) e Macy Gann, auxiliar de conversa de orixe estadounidense. Nestas reunións establecemos pautas de actuación, programación, etc. Bibiana Grandal como mestra de Lingua Inglesa non puido estar nestas reunións debido á organización do horario do centro e porque a normativa de plurilingüismo non contempla que as mestras de Lingua Estranxeira que non participen no programa teñan dereito a esta hora de coordinación.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ACTIVIDADES REALIZADAS / PROXECTOS REALIZADOS

Dende plurilingüismo participamos no proxecto documental integrado do centro con varias actividades e producións relacionadas coa ciencia: Pingas científicas.

Ademais das actividades e exercicios illados recollidos no currículo como debuxo lineal, xeometría, cor, composición... traballados de maneira interdisciplinar, podemos salientar as seguintes actividades e proxectos realizados ao longo do curso:

- **Meet the teacher /meet your mate**

Como actividade de inicio de curso realizamos murais con información persoal relacionada coa materia, actividade que o alumnado tamén realizou tendo en conta o seu nivel de comunicación en lingua inglesa.



- **Welcome collages**

Como portada dos diferentes libros de Arts que se entregaron ao final de curso con todas as producións do alumno/a, realizáronse collages cos nomes, imaxe, debuxos e texturas que posteriormente plastificáronse e/ou pegáronse como portadas dos blocs de debuxo dos niveis altos.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- **Creación do Art Cart**

Debido ó ritmo irregular de traballo dos diferentes niveis e ó pouco material existente na aula para fast finishers, decidimos crear un carriño con diferentes propostas plásticas que motiven a creación libre e o xogo artístico.



- **Halloween decorations and theme: Back to classics!**

Como apoio ás actividades programadas polo equipo de dinamización da lingua galega, dende plurilingüismo organizamos e creamos a decoración do centro de Halloween con diferentes

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

creacións manuais. Ademais propoñemos a temática da festa: “Back to Classics”, un Halloween analóxico.



- **Fall landscapes**

Coa chegada do outono en todos os niveis de educación primaria utilizamos esta estación para traballar a paisaxe e as cores.



- **Thanksgiving**

A inmersión na cultura é un pilar do programa plurilingüe. Grazas á nosa auxiliar de conversa norteamericana puidemos crear un proxecto de difusión e creación ao redor desta festividade



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

estadounidense en diferentes niveis de adquisición tendo en conta os niveis educativos.



- **Christmas town & Christmas tree**

Como ven sendo habitual, dende a materia de Arts colaboramos coa ANPA para realizar a decoración navideña do centro, creando este ano adornos para colocar na árbore xigante da entrada do centro.



- **Pyssla stars:**

En colaboración co programa Biblioteca Creativa, realizamos estrelas navideñas seguindo diferentes estampados ou de creación libre dependendo do nivel educativo.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



● Women in Painting project

De maneira transversal e coa colaboración do contrato programa Iguala-T do centro realizamos un proxecto sobre mulleres na pintura baseándonos en seis artistas contemporáneas das que investigamos, traballamos as súas obras e realizamos unha versión dunha obra escollida.

women in painting

rt&Crafts
021/2022
lingüa de
eiras

Bridget Riley. 6ºEP

Temporalización e secuenciación.

Sesión 1
- Presentación das pinturas e visionado de dúas obras
- Proposta de investigación
- A partir dun anaco dunha terceira obra, recreación do resto do cadro

Sesión 2
- Debate sobre ilusións ópticas, consulta de materiais na aula

Sesión 3
- Creación dunha ilusión óptica propia

Sesión 4
- Exposición

Menchu Lamas. 1ºEP

Temporalización e secuenciación.

Sesión 1
- Presentación das pinturas e visionado de dúas obras
- Proposta de investigación
- A partir dun anaco dunha terceira obra, recreación do resto do cadro

Sesión 2
- Identificación "peixe rosa" e versión individual con temperas

Sesión 3
- Creación libre o portes do súa pintura favorita do artista

Sesión 4
- Exposición

● Flowers por Peace

Como consecuencia do estalido da guerra en Ucraína, dende o equipo de plurilingüismo modificamos a nosa programación anual

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

para realizar unha actividade de xestión emocional e promoción da paz no centro, con diferentes actividades segundo o nivel de educación primaria.



- **St Patrick's Day**

Con motivo da festa de St. Patrick's Day organizamos o proxecto "How to catch a Leprechaun" xunto coas especialistas de inglés. Desta maneira, lemos o conto e organizamos estacións de aprendizaxe sobre tradicións, cultura e xogos irlandeses centrados nesta festividade. Ademáis como xa ven sendo dende hai tres anos, solicitamos a participación das familias para a creación dunha trampa para leprechauns, utilizando máquinas simples na súa creación.




MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- **April Fool's Day**

Co motivo da celebración de April Fool's Day, organizamos unha inocentada para o alumnado: "Pasta seeds". Nela traballamos a comprensión oral e lectora e promovemos a difusión entre as familias da cultura anglosaxona.



- **Photography project**

Como contido da materia en 5º e 6º de EP creamos dous proxectos de fotografía.

En 5º EP centrouse na lectura fotográfica, a través de coñecer a obra de 13 grandes fotógrafos e fotógrafas, analizando o estilo, a

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

súa vida e a composición e creación das fotografías que máis lles gustou ao alumnado. O produto final foi unha exposición fotográfica no centro con paneis informativos.

En 6ºEP centrouse na creación de fotografías atendendo á composición, a exposición e a temática. Como parte das actividades derivadas da guerra de Ucraína, realizáronse composicións para a creación do título da exposición.

- **Makers gonna make project**

Como consecuencia da mobilidade a Turquía, promovemos un proxecto interdisciplinar dende a materia de Arts&Crafts onde traballamos o deseño en 3D, a visión espacial e a resolución de problemas utilizando ferramentas STEM como a impresora 3D. O proxecto tivo tres fases: formación, análise e produción onde aprendemos a utilizar Tinkercad (formación), analizamos as necesidades da aula e as oportunidades de crear nós mesmos/as obxectos para tales fins (análise) e creamos deseños 3D que despois foron impresos na impresora 3D de centro dentro do recanto maker promovido dende este equipo de plurilingüismo xunto co programa Biblioteca Creativa.





MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- **Centitown**

Como parte dos contidos de 2ºEP xurdiu un proxecto, a creación de Centitown onde o alumnado valorou e discutiu sobre a súa contorna e os elementos necesarios que lles gustaría que tivera o seu “perfect town”.



- **Summer time!**

A última actividade de curso estivo centrada nesta estación do ano con diferentes propostas que englobaban as principais técnicas artísticas traballadas nos diferentes niveis.




MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

● Centifest

Como actividade final do PDI de centro, organizamos o Centifest no que o equipo de plurilingüismo tivo unha parte moi activa. A organización deste evento, que en principio estaba programado como un proxecto por parte do alumnado de 6º EP finalmente pola falta de tempo e a inclusión de outras actividades de última hora na programación de curso quedou pendente e foi o equipo directivo o que asumiu esta función. Aínda así o alumnado de 5º e 6º EP participou activamente no posto de información e na colocación e retirada de mobiliario da pista cuberta do centro, lugar onde se celebrou o evento. Como traballo de tutoría todos os niveis centráronse na creación de información e a difusión do traballo realizado a través de todo o curso escolar, as familias do centro involucráronse na creación de talleres e exposicións propias e a ANPA do centro participou tanto na decoración e montaxe como na exposición de diferentes propostas derivadas das actividades extraescolares. O resultado foi marabillioso, rompendo todas as expectativas de impacto que tiñamos previstas.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS DA ÁREA

O grao de adquisición das competencias da área acadáronse pola totalidade do alumnado de xeito óptimo.

O nivel e uso de aplicación da lingua mellorou considerablemente dende principio de curso. Se ao principio o uso do idioma nos cursos altos se limitaba ao 50/60% ao final de curso chegouse a un 70% de emprego aproximadamente.

Nos niveis baixos o nivel de uso e aplicación da lingua foi mellorando progresivamente ao longo do curso, adquirindo novo vocabulario relacionado coas actividades ou ben repasando vocabulario xa coñecido polo alumnado. Tamén aumentou o emprego de expresións de uso frecuente na aula chegando a acadar un 30% das producións aproximadamente.

Consideramos acertada a metodoloxía empregada e o alumnado valora de maneira positiva as materias impartidas en lingua inglesa.

FORMACIÓN DE PROFESORADO

A formación e divulgación das mestras integrantes de plurilingüismo relacionada con este eido foron as seguintes:

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Iria González Grande:
 - Mobilidade Erasmus+ Turquía - Curso metodoloxía STEM
 - Formación impresión 3D (PFPP centro)
 - Impartición de experiencias de internacionalización (CAFI)
 - Instalacións artísticas (createctura)
- Cristina Acevedo Varela:
 - Formación impresión 3D (PFPP centro)

DIFUSIÓN DO PROXECTO DE PLURILINGÜISMO DO CEIP PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS

Xornada de difusión de boas prácticas en Santiago de Compostela.

Durante o mes de novembro fomos invitadas a expoñer como exemplo de boas prácticas dentro das xornadas organizadas polo CAFI sobre experiencias de internacionalización en educación infantil e primaria “Internacionaliza a túa escola: Erasmus+, Etwinning e outras propostas” onde presentamos o proxecto interdisciplinar que desenvolvemos durante o curso 2018/2019 a partires da mobilidade a Grecia.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Visita Erasmus+ de profesorado provinte de Irlanda e Gales. Durante o mes de xaneiro e como parte do proxecto Erasmus+ do centro, recibimos a visita de profesorado provinte de Gales e Irlanda para observar como se traballaba o plurilingüismo no noso centro. Durante a xornada, organizamos entradas de observación na aula mentres o alumnado estaba traballando en diversas materias:


- Educación infantil: propostas de verbas dentro dos ambientes de aprendizaxe
- 1º EP: lectoescritura. Lingua galega
- 6ºEP: Arts&Crafts



Xornada de difusión da mobilidade Erasmus+ de Turquía (Estambul e Mersin). Durante o mes de febreiro Iria González viaxou a Turquía dentro do programa Erasmus+ do centro onde visitou centros STEM e recibiu formación neste eido que despois foi traducida na compra e posta a punto da impresora 3D do centro, do recanto maker da biblioteca e no proxecto Makers gonna Make con 4º, 5º e 6º EP con diferentes propostas e produtos finais. Ademais, con toda a educación primaria organizou estacións de aprendizaxe onde deu

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

a coñecer a cultura, a lingua, a xeografía e as tradicións turcas dende unha metodoloxía activa e centrada nos intereses do alumnado.



Xornada de difusión da mobilidade Erasmus+ de Irlanda (Limmerick).

Durante o mes de marzo Maca Espiñeira e Bea Gamallo participaron nunha mobilidade sobre inclusión en Irlanda onde recibiron formación neste eido e visitaron centros escolares. Á volta realizaron unha xornada de difusión co alumnado de educación infantil sobre a cultura e unha charla de difusión mais centrada no proxecto e na formación con todo o profesorado.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



PROPOSTAS DE MELLORA

Como proposta de mellora, propónse que dende as titorías dos diferentes niveis se teña en conta que se dispón dunha sesión semanal á hora de planificar actividades complementarias (saídas, contacontos, exposicións...), porque o feito de perder unha sesión limita a programación.

Ademáis, é necesario que a terceira mestra que necesita coordinación coa auxiliar de conversa estea presente nas reunións, xa que senón non é aproveitábel a presenza da auxiliar na aula ante a dificultade de coordinación con outro medio alternativo.

Por último, debido ao volume de traballo implícito no equipo de plurilingüismo, sen ter especialistas exclusivas adicadas ás materias e que non repercute na carga de traballo do resto do claustro, solicitamos que este equipo se integre como igual nos equipos docentes do centro ou como mínimo se produza unha merma das responsabilidades das integrantes de plurilingüismo en outros equipos docentes nos que estamos obrigadas a pertencer xa que a carga de traballo é moi desigual respecto doutras especialistas.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

17. Memoria anual do equipo de biblioteca

A continuación presentamos as actividades desenvolvidas ao longo do presente curso escolar 2021-2022 organizadas nos seguintes eixes: organización e xestión técnica, promoción dos recursos da biblioteca, adquisición da competencia informacional, desenvolvemento do proxecto lector de centro, e avance cara unha biblioteca inclusiva. Premendo nos nomes das actividades podedes acceder ao blogue ou web do centro para ampliar información.

1. EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN TÉCNICA

O espazo

Un dos nosos obxectivos establecidos no plan de mellora de bibliotecas escolares foi organizar e redistribuír espazos para a investigación, a creación e a aprendizaxe manipulativa. Renovar o mobiliario e facer obras menores. Establecer a biblioteca coma un lugar acolledor e agradable para o disfrute de todos e todas a través da apertura ao exterior.

Con fin de acadalo, este curso apostamos por abrir a biblioteca cara o exterior a través de ventanais e unha porta acristalada con acceso desde o exterior e pola ampliación de mobiliario para dar a cabida aos novos recursos. O noso obxectivo é camiñar cara un espazo inclusivo, onde todos e todas atopen recursos bibliográficos, manipulativos e tecnolóxicos adecuados aos seus intereses e capacidades. Para isto decidimos crear o recanto STEAM, ampliar o recanto manipulativo e a sección informativa.

- STEAM: neste recanto podemos atopar a impresora 3D, a cortadora e plancha, 6 Ipads e 4 robots Lego Wedo 2.0. Unha mesa con dous robot DOCs, diversos xogos matemáticos e electrónicos e un carriño con material funxible con rotuladores de lettering e de tea, Hama beds,

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

pegatinas...

- Construción: Ademais da parede de Lego, contamos con xogos de conectores, de construción de Lupo, de Kappla e imáns.
- Musical: Recanto con 2 equipos de música e 4 auriculares para escoitar e bailar, contando cunha ampla oferta de música.
- Costura: recanto con agullas, teas, fíos, metros, bastidores...

Para cada un destes recantos, adquirimos fondos en diferentes soportes.

Fondos

Outro obxectivo que establecimos foi chegar a información en calquera formato, integrando a cultura impresa e dixital.

Avanzamos na catalogación dos fondos que adquirimos e reorganizamos os andeis dos libros informativos, tendo en conta a CDU. Os libros dos primeiros lectores mantivémolos por editoriais e os andeis de lectores avanzados, por orde alfabética.

Aumentamos notablemente a adquisición de materiais informativos e en banda deseñada e continuamos coa subscrición ao xornal “O Papagaio” e a “Reporteiro Doc.”

Este ano continuamos dando de baixa moitos libros froito da expurga feita o ano pasado e recolocamos os fondos, conseguindo así espazo suficiente para as novas adquisicións.

Tamén conseguimos centralizar todos os recursos existentes no centro para unha organización máis eficaz.

Equipo de biblioteca e profesorado

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

En relación co equipo de biblioteca, fixamos reunións do equipo, avaliamos en cada reunión as últimas actividades e deseñamos as seguintes. Aproveitamos as capacidades e as fortalezas de todas para compartir e repartir traballo. Do mesmo xeito, algúns membros participaron nas formacións de bibliotecas escolares e creativa, o que nos permitiu incorporar as aprendizaxes ás propostas de actividades que se fixeron desde a biblioteca.

No que respecta ao profesorado, cabe destacar que un número elevado de integrantes participou na formación do PFPP de Biblioteca Creativa e nas actividades propostas pola biblioteca, o que favoreceu a implicación e o interese cara as novidades introducidas este ano no que respecta a impresora 3D.

E cómpre sinalar que mantivemos un contacto estreito con outras coordinadoras de bibliotecas escolares da zona co fin de compartir experiencias e ideas.

Apertura á comunidade educativa

Un dos obxectivos prioritarios para nós era abrir a biblioteca á Comunidade Educativa. E este ano puidemos cumprilo. A biblioteca permaneceu aberta todas as mañás de 9:00 a 14:00 e todas as tardes (de 16 a 18 agás os martes). Abriuse todas as mañás, incluído o recreo, pero para ser desfrutada por un grupo-clase. Deste xeito, cada aula podía usar a biblioteca un día cada dúas semanas. Día no que se facían os empréstitos e devolucións e se desfrutaba de todos os recursos dispoñibles.

Debido a este afán por colaborar coa contorna e coa comunidade educativa e co fin de acadar o obxectivo de artellar actividades en común coa biblioteca

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

municipal, programáronse actividades para visitala.

VISITA Á BIBLIOTECA MUNICIPAL DE FENE



SEGUNDA VISITA Á BIBLIOTECA MUNICIPAL DE FENE

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



E este ano podemos contar de novo coas actividades que xa se levaban a cabo en anos anteriores nas que se contaba coa participación das familias. Levouse a cabo o programa de “Contos de Boca” en infantil e primaria, actividade a través da cal as familias veñen contar contos, historias, vivencias... de forma quincenal, e tamén moita implicación co proxecto de PDI de “Pingas científicas”.

CONTOS DE BOCA



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

CONTOS DE BOCA EN PRIMARIA



CIRCUITOS ELÉCTRICOS E ROBOTS

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- [Programa de “Lectura e Familias”](#): Este ano comezamos a nosa andaina no programa de “Lectura e familias” e as formacións versaron sobre diversos temas de interés, abarcando desde a iniciación á lectura, as fake news, escritura creativa ou a narración oral. Deixámosvos unha mostra:

PROGRAMA DE FORMACIÓNS



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ESCRITURA CREATIVA



PONENTE: ANTONIO FRAGA
DATA: 5 DE ABRIL
DE 16:00 A 17:30
LUGAR: BIBLIOTECA DO CENTRO

DESCRIPCIÓN DO TALLER:

O OBRADOIRO CENTRÁRASE NA CREACIÓN COLECTIVA DE HISTORIAS A TRÁVÉS DO XOGO. PARA ISO ARTELLAREMOS DINÁMICAS GRUPOS DE CREACIÓN LITERARIA COAS QUE ACHEGAR OS CONTOS CLÁSICOS NOS DISTINTOS TEMAS E ENFOQUES PRESENTES NA ACTUALIDADE. COMEZARÁ CUNHA BREVE INTRODUCCIÓN Á ESTRUCTURA DUNHA HISTORIA E PASAREMOS AXÍNA AS PROPOSTAS CREATIVAS.

NARRACIÓN ORAL



PONENTE: PAULA CARBALLREIRA
DATA: 24 DE MAIO
DE 16:00 A 17:00
LUGAR: EXTERIORES DO CEIP
PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS

DESCRIPCIÓN DO TALLER:

NO SÉCULO XXI A NARRATIVA PARECE Quedar relegada á conexión de imaxes audiovisuais. Esbozaremos a evocación da narración oral, o tempo preciso para establecer relacións de proximidade e para aforar nos grandes temas que nos permitan ter ferramentas para enfrontarnos aos problemas que, sen dúbida, atoparemos no noso camiño.
ESTE CURSO PRETENDE CHAMAR A ATENCIÓN SOBRE OS ASPECTOS MÁIS RELEVANTES Á HORA DE CONTAR UNHA HISTORIA E OFRECER INDICACIÓNS E CONSELLOS PARA DESFRUTAR O MOMENTO DE COMPARTIR UN CONTO ENTRE DIFERENTES XERAKONS.

COMO INSCRIBIRSE?

ENVIARÁNSE A TRÁVÉS DAS DIFERENTES TITORÍAS UN FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN QUE SE DEBERÁ DEVOLVER AO CENTRO DEBIDAMENTE CUBERTO

ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR!



LECTURA E FAMILIAS

EN QUE CONSISTE?

TRÁTASE DUN PROGRAMA QUE TEN POR OXECTO ESTIMULAR O DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS QUE FAVOREZAN A PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS EN ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

DESTINADAS AO CONXUNTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA OU ESPECIFICAMENTE PENSADAS PARA A FORMACIÓN E A PARTICIPACIÓN DESTAS FAMILIAS EN EXPERIENCIAS DE LECTURA E, TAMÉN, DE TRABALLO COA INFORMACIÓN E MEDIOS DE COMUNICACIÓN. COA FINALIDADE DE QUE Poidan, Á SÚA VEZ, INTERVIR CON MELLORES RECURSOS E EFICACIA NA FORMACIÓN DOS SEUS FILLOS E FILLAS COMO PERSOAS LECTORAS E CIDADÁS USUARIAS DE INFORMACIÓN.

FORMACIÓNS

LECTOESCRITURA

DESCRIPCIÓN DO TALLER:

NESTE OBRADOIRO VIVIREMOS, REFLEXIONAREMOS E LEVAREMOS Á PRÁCTICA IDEAS, RECURSOS, ESTRATEXIAS E XOGOS PARA PODER DESFRUTAR DA LECTURA EN FAMILIA. COMPARTIREMOS DÚBIDAS E INQUEBANTANZAS. COMPRENDEREMOS COMO AS NOSTRAS FILLOS E FILLOS APRENDEN A LER E A ESCRIBIR DUNHA MIRADA RESPECTUOSA E ALENTADORA. CONVERTIREMOS EN NENOS E NENAS POR UN RATO PARA VER O MUNDO DUNDE OS SEUS OLLOS. ESA SERÁ A MELLOR FORMA DE ACOMPÁNALOS NA MARAVILLOSA AVENTURA DE APRENDER!



PONENTE: LAURA ADELA FERNÁNDEZ BLANCO (EQUIPO LAURA)

DATA: 25 DE FEBREIRO
DE 16:00 A 18:00
LUGAR: BIBLIOTECA DO CENTRO

FAKE NEWS

DESCRIPCIÓN DO TALLER:

A FINALIDADE DO TALLER É APORTAR FERRAMENTAS NECESARIAS PARA A IDENTIFICACIÓN DAS "FAKE NEWS". FOMENTAR A REFLEXIÓN SOBRE COMO AS CARACTERÍSTICAS DESTAS MENSAXES FALSAS INVITAN Á SÚA VIRALIZACIÓN ADÉMÁS DE ANALIZAR OS INTERESES QUE SE AGOCHAN DETRÁS DELAS E, SOBRE TODO, OFRECER UNHAS PAUTAS DE ACTUACIÓN CANDO SON RECIBIDAS.



PONENTE: PINGOTA COMUNICACIÓN
DATA: 8 DE MARZO
DE 16:00 A 17:30
LUGAR: ONLINE



APRENDEMOS A LER A ESCRIBIR DESDE O RESPECTO



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022




FORMACIÓN EN FAKES NEWS



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ESCRITURA CREATIVA



2. EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

Para a difusión dos recursos no propio centro leváronse a cabo as seguintes accións:

- Cada titoría tivo asignada un día quincenal para os empréstitos e devolucións e para o goce da biblioteca escolar.
- Para favorecer a organización da biblioteca, xestionamos os carnés do alumnado de nova incorporación.
- Difundimos os exemplares a través do blog da biblioteca e de exposicións na entrada: de novidades, de ciencia e de conmemoracións: do 25 de novembro, Día da Muller e da Nena na Ciencia, de diversidade, para o Día de Rosalía, o Samaín, O día da Paz, O Día da Terra, o 8 de Marzo...

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

RECOMENDACIÓNS LECTORAS 8 DE MARZO



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- Fixemos préstamos ás titorías e incrementamos en volumes á biblioteca.
- Puxemos “O Papagaio” e a revista “Reportero Doc” a disposición de todo o alumnado viaxando polas aulas e na propia biblioteca.

Para a difusión das actividades e recursos fóra do centro:

- Elaboramos documentos divulgativos: recomendacións lectoras de Nadal e verán en formato dixital:

RECOMENDACIÓNS LECTORAS DE NADAL.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



RECOMENDACIÓNS LECTORAS DE VERÁN



- Démoslle maior visibilidade ao blog de biblioteca , incluído na páxina web do centro e fixemos visible algunha actividade de dinamización da biblioteca no instagram.

BLOG



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

BIBLIOTECA DO CEIP PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS

Ardiça, 27 de agosto 2022

RECOMENDACIÓN LECTORAS DE VERÁN

Substituímos as coleccións de verán, e que nos farían lembrar de gran parte das coleccións que lerdes ao longo do curso?

¿Por? Ardeñamos as nosas páxinas.



Ardiça, 27 de agosto 2022 No hay comentarios

Ardiça, 22 de agosto 2022

VISITA À BIBLIOTECA MUNICIPAL E AO MUSEO DO HUMOR

A pasada semana, o alumnado do 1º, 2º, 3º e 4º anos, a visita O Museo do Humor, cando un aluga a nosa Biblioteca Municipal.

Por unha asemblea multitudinaria e con diversas actividades.

Por unha banda Carabela, a Biblioteca de Perlo, centímonos como entidades organizadas en libros, que ofrecen que facen os que facen os nosos e nosos da biblioteca... e un momento de asemblea, máis?



Tamén lña organizada para nós unha biblioteca de libros? Podemos desenvolver algunhas actividades para nós? Un libro de libros para cada aula?



Máis estas ganas Carabela pola implicación e a participación?

Por outra parte, tamén al nos organizamos biblioteca, e que nos facen unha visita guiada e exposición que está acudindo ao Museo do Humor. Unha e outra Xaquín Martín que poder ler. Encantámonos con os diferentes proxectos?



Ardiça, 22 de agosto 2022 No hay comentarios

CONTOS DE BOCA EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Profesores de unhas dúas actividades que tanto nos gustan e que, por fin, podemos compartir con outros centros de libros.

En Educación Primaria foi en varios, e deo obrigado para que as familias voluntarias ofrécen os seus e acompañar con nós un conto de libros e de galego.



Amos, Mariana, María... e todos e todas os que visitamos algunhas veces, así esperamos sempre que poden ler e ler... ¿Gustan pola implicación?

Ardiça, 22 de agosto 2022 No hay comentarios


IMPRESORA 3D

Desde esta e nosa segunda aula de biblioteca escolar, recibimos coa intención para ensinar unha impresión 3D.



Para coñecer o seu funcionamento, os profes recibimos unha formación dentro dunha aula de formación de profesorado que fin o curso, especialmente a relacionada con biblioteca escolar. Nosos libros, libros, libros de biblioteca, de biblioteca, de biblioteca, de biblioteca, de biblioteca... Aprendemos un pouco?

Logo disto, foi a parte de e que fomos todos os que podemos alumnado de 3º e 4º de primaria, des de nosa segunda aula de biblioteca. Deseñamos e creamos obxectos, prototipos... Unha excelente experiencia que os anos de coñecer.



Para o próximo curso, máis e máis!

Ardiça, 22 de agosto 2022 No hay comentarios

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

PÁXINA WEB



Inicio

Biblioteca

Biblioteca

Biblioteca

BIBLIOTECA DO CEIP PLURILINGÜE DE CENTIEIRAS

FAI CLICK NA IMAXE PARA ACCEDER AO BLOGUE DE BIBLIOTECA

PINGAS DE CIENCIA FAMILIAS EN INFANTIL

Inicio | Biblioteca

Ao longo do primeiro trimestre centreamos en educación infantil coa colaboración das familias para facer as actividades ao redor das Pingas de Ciencia, aquí tedes unha pequena mostra destas actividades. Grazas como sempre a todas as familias voluntarias.

INSTAGRAM

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



3. EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E AQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

3. 1. FORMACIÓN DE USUARIOS

Relacionado co noso obxectivo de: formar ao alumnado e profesorado en canto a usuarios de biblioteca, cabe destacar que este ano fixemos unha primeira formación do voluntariado de biblioteca cunha explicación do funcionamento da biblioteca e das súas funcións. Entre elas destacan: a apertura da biblioteca polas mañás: abrir as ventás, baixar as cadeiras, seleccionar semanalmente 5 libros de lectura para educación infantil, realización de contacontos semanais nas aulas de infantil, 1º, 2º e 3º de educación primaria, sesións trimestrais de contacontos nos recreos de biblioteca, poñer en orde os libros e o material empregado despois do recreo...

Do mesmo xeito, foi necesario formar ao profesorado para que puidera facer uso da mesma, a través da difusión do protocolo modificado e dunha guía de formación.

PROTOCOLO

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

PROTOCOLO DE USO DA BIBLIOTECA



- 

1 USO DE XEL
Hixenizar as mans antes e despois da estancia da biblioteca.
Hixenizar postos despois de ocupalos.
- 

2 USO DE MASCARILLA DE PROTECCIÓN
- 

3 XANELAS ABERTAS SEMPRE QUE SEXA POSIBLE
- 

4 SÓ USARÁN OS EQUIPOS DE TRABALLO AS MESTRAS RESPONSABLES DE BIBLIOTECA
- 

5 LIMITACIÓN DE AFORO: MÁXIMO 22 POSTOS
- 

6 POSTOS SINALIZADOS
- 

7 RECANTO FEDELLEIRO E SEMICORCHEA PECHADOS
- 

8 ACCESO RESTRINXIDOS NOS RECREOS: CADA DÍA UN NIVEL

PROTOCOLO DE USO DA BIBLIOTECA

- 

9 UNHA VEZ LIDOS, DEIXAR OS LIBROS EN CUARENTENA
- 

10 DEBERASE TRAER A BIBLIOTECA CALQUER MATERIAL QUE SE PRECISE.
- 

11 BIBLIOTECAS DISTRIBUIDAS NAS AULAS
- 

12 MOCHILAS VIAXEIRAS SEGURAS
- 

13 CONTACTOS VIRTUAIS
- 

14 BIBLIOTECA PECHADA POLAS TARDES ATA QUE SE ESTABLEZA A NORMALIDADE
- 

15 IPADS A DISPOSICIÓN DAS TITORÍAS PARA O USO NAS DIFERENTES AULAS



FORMACIÓN ENTRE IGUAIS

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



3.2. ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

Un dos nosos obxectivos foi: dinamizar proxectos a nivel de Centro a través de metodoloxías activas e colaborativas co fin de mellorar o tratamento transversal dos contidos desenvolver as competencias clave. E abrir canles de comunicación e traballo cos diferentes equipos de centro. O que indubidablemente vai da man dun traballo das competencias ALFIN/AMI e do PDI.

3.2.1. TRABALLAMOS O PDI

Falar de competencias ALFIN/AMI dende unha perspectiva de biblioteca escolar, implica falar de PDI. O primeiro día de curso dimos comezo ao PDI. “Pingas científicas” a través dunha xincana científica.

INICIAMOS O PDI



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

lunes, 4 de octubre de 2021

INICIAMOS O NOSO PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO!

Este inicio de curso foi moi emocionante pois os dous primeiros días levamos a cabo unha xincana científica que nos serviu de motivación para o noso proxecto anual: a ciencia!

Nela fixemos dende chapas científicas ata volcáns de realidade aumentada, pasando por retos de robótica -sobre diversas disciplinas científicas- e xogos matemáticos, sen esquecer, por suposto os experimentos!

Isto é solo a antesala de todo o que nos espera este curso.

Premede se queredes ver un pouquiño da nosa entretida mañá.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

CONCURSO LOGOS



Posteriormente cada nivel elixiu un foco de interese dentro do PDI no que afondar, e os produtos de ditas investigacións fóronse expoñendo no centro e dándolle difusión a través do blog da biblioteca.

EXCURSIÓN Á UNIVERSIDADE. CONCIENCIAS CREATIVAS





MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

TRABALLAMOS ANATOMÍA



PINGAS CIENTÍFICAS EN INFANTIL



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

INVESTIGAMOS SOBRE OS ANIMAIS



OBRADOIROS CIENTÍFICOS

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



DESCUBRINDO A LUZ



Cómpre destacar que ao longo de todo o curso e coa finalidade de informarnos sobre aspectos relevantes do mesmo, tivemos a sorte de contar con varios expertos e expertas que nos axudaron a indagar sobre o tema.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

EXPERIMENTO CON CO₂



AVANCES TECNOLÓXICOS



Desde a biblioteca apoiamos, divulgamos e fixemos un seguimento do PDI, e o vinculamos coas actividades do centro e as diversas conmemoracións. Así mesmo, para o peche do PDI, o día 23 de xuño, levaremos a cabo unha feira científica, á que cada curso contribuirá amosando e sendo experto e expertas daquelas cousas que foron aprendendo ao longo do curso.

3.2.2. ACTIVIDADES REALIZADAS.

Cómpre facer fincapé en que non só nos introducimos no mundo ALFIN/AMI

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

dende o PDI, senón que algo está a cambiar nas diferentes aulas:

- [Día das bibliotecas](#): Nesta data tan sinalada comezaron a viaxar as mochilas viaxeiras e fixemos un mercadiño de troco de libros expurgados por alimentos, que foron xestionados por unha asociación de Fene para as familias máis desfavorecidas.

CONMEMORAMOS O DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES



- [Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas Escolares](#): Neste mes fixemos moitas actividades relacionadas coa ciencias, desde actividades de robótica

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

para afianzar contidos aprendidos como a realización de obradoiros científicos do máis motivadores. Tamén empregamos diferentes apps para traballar a través da realidade aumentada os contidos curriculares.

MES DA CIENCIA EN GALEGO



MES DA CIENCIA E ROBÓTICA



DESPEDIMOS O MES DA CIENCIA

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- Celebramos o Nadal: Este ano elaboramos un vídeo coas aportacións das diferentes clases, no que estivo moi presente o emprego do cromá. Por outra banda, organizamos un obradoiro de creación de adornos de Nadal empregando Hama Beads.

FESTIVAL DE NADAL

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



NADAL CREATIVO



- Traballamos con realidade aumentada coa app "Quiver".

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Día da escritura a man: Este ano centrámonos no lettering, aprendimos o que era e un pouco da súa historia, os trazos básicos e a facer uns deseños un pouco máis complexos.

APRENDEMOS LETTERING



- Programa de Radio: Colaboramos co EDLG na realización do programa de radio que se emiten en Radio Fene -Crónicas de Centieiras- Os nenos e nenas dos diferentes cursos, de forma mensual, elaboran unha escaleta que

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

contén a información máis relevante daquelas actividades ou sucesos do centro e a gravan para difundila en Radio Fene.

CRÓNICAS DE CENTIEIRAS. NOVEMBRO

CRÓNICAS DE CENTIEIRAS. DECEMBRO



radiofusión

- "Día Mundial da Radio": conmemoramos este día escoitando ao longo da semana diversas emisoras con moitas novas e música para activarnos, e fixemos unha exposición de carteis elaborados polo alumnado de 5º de educación primaria.

CARTEIS DÍA MUNDIAL DA RADIO



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- A semana da prensa: Puxemos a disposición dos diferentes niveis diversos xornais: entre eles o xornal Nós, a Voz de Galicia, o País, varios xornais internacionais e o papagaio -ao que estamos subscritos- para ler na aula, e aprender e traballar con eles para fomentar unha lectura crítica. O alumnado de educación infantil, 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria fixo obradoiros para elaborar e redactar novas científicas para o xornal "Pingas de ciencia" e un mural tamén con moitas novas científicas. Para o alumnado de 5º e 6º organizamos uns obradoiros de "fake news" para que teñan recursos para poder recoñecer as noticias falsas.

SEMANA DA PRENSA

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- Día da muller: Para esta data investigamos sobre diferentes mulleres científicas e fixemos unha exposición de paraugas onde se plasmaba todo o investigado. Limos o manifesto e interpretamos unha coreografía co tema “Que morra o conto” da Banda da Loba.

COREOGRAFÍA


MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



6 - [Día da Muller e da Nena na Ciencia](#): Este día démoslle moito protagonismo as nenas do noso cole, que foron elas as encargadas de aprenderlle ao resto do alumnado a fabricar Slime caseiro.

CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E DA NENA NA CIENCIA

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- Semana do libro: Nesta semana fixemos varias actividades. Por unha banda, organizamos obradoiros de escritura creativa partindo das ideas de "El cuadernito de escritura creativa" de El Hematocrítico e do "Laboratorio Portátil de Escritura" de Díaz Reguera, as cales adaptamos aos diferentes niveis. Isto, fixémoslo cunha dobre finalidade, traballar a imaxinación e a escritura, por suposto, mais tamén darlles modelos ao alumnado para poder crear o noso cuaderniño de escritura creativa elaborado con aportacións dos diferentes niveis e que pasaría a formar parte dos nosos fondos de elaboración propia.

Por outra, cada neno e cada nena escolleu o seu conto preferido, reflexionou sobre os motivos polos que lle gusta tanto e plasmouno nunha plantilla

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

proporcionada polas mestras. Con todos estes títulos fixemos unha pequena exposición..

SEMANA DO LIBRO



- Continuouse co programa de Cinensino: Traballando diversos valores
As películas vistas foron: “Dora y la ciudad perdida”y “El mejor verano de mi vida”.

- O Entroido e o PDI: Vinculamos o PDI co Entroido a través dun pasarrúas do máis festeiro e colorido, a través de disfraces científicos de temáticas moi variadas e dunha música da mesma temática.

ENTROIDO CIENTÍFICO EN CENTIEIRAS



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



ENTROIDO CREATIVO CON REALIDADE AUMENTADA



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- [Concurso Coreografíate](#): Este ano o alumnado de 5º de educación primaria presentouse ao concurso “Coreografíate” e gañou o 2º premio por inventar e realizar un baile coa canción “Figa” das Tanxugueiras.

CONCURSO COREOGRAFÍATE



-[Semana das matemáticas escolares](#): Este ano dende o equipo de biblioteca e coa finalidade de promocionar os recursos que temos na biblioteca entre as titorías organizamos obradoiros de xogos de mesa matemáticos para conmemorar esta data.

SEMANA DAS MATEMÁTICAS ESCOLARES

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



-Impresión 3D: Este ano fomos dotados dunha impresora 3D. A este respecto, fixemos formación de profesorado na mesma así que varias propostas didácticas de deseño e de impresión 3D.

IMPRESIÓN 3D

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022




-Día das Letras Galegas: En colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, elaboráronse uns paneis de robótica sobre a biografía de Florencio Delgado Gurriarán que nos axudaron a afondar neste escritor.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



4. EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

A comezos de curso o Equipo de Biblioteca desenvolvimos a programación anual para a dinamización da biblioteca e fomento da lectura tendo presente que un dos nosos obxectivos prioritarios é fomentar a lectura e a escritura e contribuír ao desenvolvemento do Plan Lector do Centro.

Para desenvolvelo programáronse as actividades que seguen:

- Mochilas viaxeiras: Fixemos unha selección de libros adecuados para os diferentes niveis e elaboramos un libriño que acompañaba a cada mochila para coñecer a opinión dos nenos e nenas e familias sobre o seu contido. E como novidade introducimos en cada unha delas un xogo didáctico.
- Maletas viaxeiras: Solicitamos diversas “Maletas viaxeiras”: a de poesía, a de ciencia, a de banda deseñada e a de lectura e diversidade . Este ano tamén solicitamos a maleta de “ciencia” da asociación Ceida, de Oleiros na que podemos ollar moitísimas guías científicas.

5

- Hora de ler: Continuamos co tempo específico adicado a ler de 30 minutos

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

despois do recreo en cada un dos niveis.

- Visitas de autores e autoras: Organizamos presentacións de libros por parte de distintos autores/as, contamos con Andrea Maceiras, Eva Mejuto e María Canosa.

VISITA DE EVA MEJUTO



- Contacontos: o voluntariado de 5º e de 6º de educación primaria e o alumnado de 4º de primaria levaron a cabo a actividade de contacontos dos mércores na hora de ler.

CONTACONTOS DOS MÉRCORES

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- [Contacontos no recreo](#): o voluntariado de 5º e de 6º fixo contacontos trimestrais na biblioteca para o alumnado de 1º, 2º e 3º de educación primaria.

CONTACONTOS NO RECREO

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022




Coordinámonos cos outros equipos de traballo na posta en marcha de diferentes actividades:

- [25 de novembro](#): Para conmemorar esta data traballamos o conto “Artur e Clementina”, a partir do cal o alumnado realizou unha chapa. Fixemos un Flashmob coa canción “Fala por min” e elaboramos tarxetas e posterior exposición contra a violencia de xénero.

CONMEMORACIÓN 25 DE NOVIEMBRE

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- Lecturas de Samaín: Realizáronse lecturas de medo con lanternas nas diferentes aulas, concurso de debuxos e contos de medo. En colaboración co EDLG e Actividades Complementarias e Extraescolares.

RECOMENDACIÓN LECTORAS DO SAMAIÍN E LECTURAS A ESCURAS

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- [Día das escritoras](#): Neste día tratamos de visibilizar a escritoras galegas e para iso levamos a cabo diferentes propostas adaptadas aos distintos niveis. En Educación Infantil xogaron a identificar portadas de contos. En 1º, 2º e 3º traballamos a partir da biografía de María Canosa, Leticia Costas e Érica Esmorís. E por último, nos niveis superiores de Educación Primaria realizouse unha procura de información tamén de diversas escritoras galegas. A maiores, neste día o alumnado de 6º organizou unha venta de marcapáxinas e chapas con portadas de libros.

DÍA DAS ESCRITORAS



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- [Día de Rosalía](#). Traballamos a súa biografía, obras, limos os seus poemas e convidamos ás familias a que escoitaran os poemas que recitamos nas distintas prazas do Concello.

CONMEMORACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



- [Día da poesía](#). Para este día tan especial, os nenos e as nenas de cada clase inventaron poemas científicos e os enmarcaron e decoraron para facer unha exposición polos distintos comercios de Fene. Pero a actividade non rematou aí, tiveron que atopar os 11 poemas por todo o concello e sacar fotos con eles.

CONMEMORACIÓN DO DÍA DA POESÍA

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

21 de marzo-Día Mundial da Poesía

POETIZATE!



Para conmemorar o Día da Poesía decidimos compartir unha serie de poemas creados polos nenos e nenas do centro. Onde podedes atopalos? En diferentes escaparates dos comercios da vila.

Seredes quen de facelo? Hai 11 en total!

Se é así, completa esta folla de rexistro e devólvea cuberta ao centro.

Se te animas, envíanos tamén unha foto a bibliocenti@gmail.com na que aparezas nos escaparates xunto aos poemas.



ESTABLECEMENTO	TÍTULO DO POEMA
----------------	-----------------

Cabe sinalar que desenvolvimos practicamente todas as actividades do PAL, pero debido ao elevado volume de traballo foi imposible comezar coa selección de libros para crear un itinerario lector, organizar obradoiros de costura e facer os retos científicos. E cómpre dicir que esta programación levouse a cabo coordinada desde a biblioteca escolar, en colaboración co resto de equipos do centro e participando na totalidade do alumnado, cunha alta participación das familias.

5. EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.

Un obxectivo que perseguimos como centro en xeral e na biblioteca en particular, é facer dela un espazo o máis inclusivo posible, para isto levamos a cabo diferentes accións:

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Ampliamos os fondos que tratan a diversidade.: incluimos libros de narrativa con pictogramas, xogos inclusivos e máis libros informativos.
- Puxemos cartelería inclusiva nas portas cos nomes das aulas en Braille e en linguaxe dactilolóxico.
- Unha das maletas que solicitamos foi a de lectura e diversidade, para poder achegar ao alumnado un amplo abano de lecturas diversas, e desde a biblioteca coñecer algúns dos materiais que hai publicados.

MALETA CREATIVA E INCLUSIVA



- Facilitamos o acceso á información facendo os empréstitos individuais na biblioteca, a través das mochilas viaxeiras e os préstamos ás bibliotecas de

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

aula. Así mesmo, a través da exposición de seleccións de libros na entrada do cole.

- Este ano ampliouse o horario da biblioteca para facilitar a inclusión das familias polas tardes. E o espazo adicado ás familias na entrada do cole foi medrando con moitos máis fondos.

- Démoslle un forte impulso ao traballo cos ipads para integrar a cultura impresa e a dixital, contribuíndo á adquisición da competencia informacional e mediática, así como para compensar as desigualdades sociais e mellorar a calidade do ensino.

- E a organización dos espazos e os novos recursos adquiridos, permitiunos ir avanzando cara unha biblioteca inclusiva.

En canto a actividades propiamente ditas, queremos salientar dúas moi vencelladas para potenciar a inclusión no centro, estas son as que seguen:

[Conmemoramos o día dos dereitos dos nenos e das nenas.](#) Este ano fixémoslo a partir dun mural conxunto no que se plasmaron os dereitos traballados en cada unha das aulas.

DÍA DOS DEREITOS DOS NENOS E DAS NENAS



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- [Celebramos o día da Paz](#) . O día 29 de xaneiro celebramos o Día da paz elaborando unha instalación artística baseada na obra de Rivane Newenschwander na que participu todo a alumnado e moitas das familias.

DÍA DA PAZ



MEU DESEJO, TEU DESEJO

Que tes ante ti?

Tes ante ti unha instalación artística baseada na obra orixinal de Rivane Newenschwander.

Esta autora rememora unha tradición que se se practica en San Salvador, Bahía e que se remonta ao século XVIII. Os visitantes toman unha cante e a atan ao pulso, supostamente, unha vez isto se desprende, o desexo se cumpre.
No bunto baleiro, é posible incluír un papelino, donde habería que escribir un novo desexo.



Convidámoste a formar parte da nosa instalación.

Queremos que participes na nosa instalación, queremos que collas unha cante, e escribas na mesma unha mensaxe positiva, un desexo.
Pode estar relacionado con aquilo que quexas resaltar: amor, solidariedade, saúde, amizade...

CRAZAS POR COLABORAR CON NÓS.

- [Día Internacional das persoas con discapacidade](#): Este ano fixemos do noso centro un lugar máis inclusivo a través da confección de cartelería con linguaxe de signos e braille, visionamos curtametraxes de sensibilización e traballamos “El libro negro de los colores”

DÍA DA DISCAPACIDADE



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

18. Memoria Contratos Programa 2021-2022

a) Contratos-Programa Incluíe

i) 02. Iguála-T

Introducción

No noso centro temos unha extensa traxectoria na promoción da igualdade, a pesar disto, e sabendo que a nosa sociedade todavía ten moitas carencias neste aspecto, plantexamos durante este curso o traballo da igualdade a través de actividades significativas e claras para o alumnado, e a formación en diversos ámbitos que cremos que melloran o noso camiño cara a igualdade.

Plan de actuación

- **Actividades**


Alumnado:

1º trimestre: Durante o mes de novembro leváronse a cabo diferentes actividades que remataron coa celebración do 25N, na planificación das mesmas colaboraron o equipo de biblioteca, o de biblioteca creativa e o equipo TICS e participaron todo o profesorado e alumnado do centro.

Así estas actuación consistiron na colaboración coa FANPA para realizar actividades adicadas a visibilizar ás vítimas ocultas da violencia de xénero, as nenas e nenos: entre estas actividades destacan a realización dun Flash Mob para o que as mestras de educación física e música fixeron un baile, e a decoración de dúas bonecas (Violetas) con frases escritas polo alumnado. Estas Violetas foron expostas en varios concellos da nosa contorna e finalmente volveron ao noso centro.

No seguinte enlace podedes ver un resumo das actividades, [25 de novembro](#)

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



Dende biblioteca creativa fixeron a proposta de traballar o conto Arturo e Clementina e facer unhas chapas coa portada do libro.



Tamén contamos coa colaboración das familias que forman parte da ANPA para a decoración do centro

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



As actividades remataron con un acto na pista cuberta na que alumnado e profesorado fixo o baile do Flash Mob.



2º trimestre: Celebración do 8 de marzo organizado xunto co EDLG e o equipo de actividades extraescolares, o día da nena na ciencia e o día das escritoras organizado xunto co equipo de biblioteca e proxecto Women in art, organizado xunto co equipo de plurilingüismo.



8 de marzo:

Para a celebración do día 8 de marzo realizamos varias actividades, unha delas a realización dun mural no que colaboraron as familias aportando fotografías das mulleres importantes para o noso alumnado.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



Outra actividade que plantexamos foi por cursos escoller unha unha muller científica galega para coñecer algún dos seus logros, a continuación cada clase adornou un paraugas reflectindo nel os datos máis significativos da científica elexida. Con todos os paraugas fíxose unha exposición na entrada do centro.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Por último todo o alumnado do centro preparou unha coreografía para a canción “Morra o conto” de A banda da loba. Esta coreografía ensináronlla en primeiro lugar as mestras de música e educación física a algunha das alumnas e alumnos de 5º que grabaron un vídeo para que o resto do alumnado ensaiara e aprendera o baile durante os días previos ao 8 de marzo.

[Baile do alumnado de 5º](#)

O mesmo 8 de marzo realizamos un acto no que se leu un manifesto e todo o centro bailou a coreografía aprendida.

[Acto 8 marzo, Día da Muller](#)


Día da nena na ciencia:

Neste día as protagonistas no centro foron as nenas, principalmente as nenas de 5º que foron as encargadas de realizar un tutorial de como facer un slime. Ese mesmo día o alumnado de 6º realizou o seu propio slime seguindo estas instrucións e o resto do alumnado recibiu axuda por parte das nenas de 5º para realizar o slime na aula.

Día das escritoras:

Neste día tratamos de visibilizar a escritoras galegas e para iso levamos a cabo diferentes propostas adaptadas aos distintos niveis. En Educación Infantil xogaron a identificar portadas de contos. En 1º, 2º e 3º traballamos a partir da biografía de María Canosa, Leticia Costas e Érica Esmorís. E por último, nos niveis superiores de Educación Primaria realizouse unha procura de información tamén de diversas escritoras galegas. A maiores, neste día o alumnado de 6º organizou unha venta de marcapáxinas e chapas con portadas de libros.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022



Proxecto Women in art:

Na materia de arts & crafts realizouse un proxecto sobre mulleres na pintura baseándonos en seis artistas contemporáneas das que investigaron, traballaron as súas obras e realizaron unha versión dunha obra escollida.

3º trimestre: Formación de alumnado.

Ao final do segundo trimestre e no terceiro o alumnado de educación primaria realizou varias sesións de formación. O alumnado de primeiro a

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

cuarto tivo unha charlas-obrairos denominadas Xogando en igualdade impartidas por Rexenerando e o alumnado de 5º e 6º tivo unha charlas sobre sexualidade denominadas De bo rolo impartidas por Con mucho gusto!



Centro:

A nivel xeral no centro intentouse realizar un reparto de espazos exteriores máis equitativo e igualitario entre nenas e nenos de xeito que se limitou o uso de espazos adicados a xogos como o fútbol que habitualmente ocupaba todos os patios do centro e que é xogado maioritariamente por nenos. Así, neste momento o espazo que se pode adicar a outros xogos nos que participan nenas e nenos dun xeito máis igualitario é agora moito maior. A isto engádese que dende o contrato-programa Edusaúde creáronse unhas caixas con diferentes materiais que permiten a realización dunha maior variedade de actividades nas que as nenas participan de xeito máis activo.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Promoveuse tamén a compra de libros para a biblioteca relacionados coa igualdade e a visibilización das mulleres en todos os ámbitos da sociedade.

Profesorado:

No segundo trimestre do curso parte do profesorado realizou unha sesión de formación, na que se realizou un debate sobre a necesidade de profundizar máis na educación en igualdade e lembráronse puntos importantes a ter en conta durante o noso traballo para non olvidar a importancia da igualdade de xénero.

Na última sesión da CCP fíxose unha valoración do plan de igualdade de centro, sendo estes os resultados

Obxectivos	Conseguido	En proceso
Realizar unha revisión de todos os documentos de centro para comprobar que se está empregando unha linguaxe non sexista.	X	
Realizar cambios necesarios nos espazos do centro que favorezan a igualdade, sobre todo nos recreos.	X	
Seleccionar materiais escolares non sexistas (libros de texto, recursos pedagóxicos...)	X	
Adquirir para a biblioteca textos nos que o papel da muller sexa destacado.	X	

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Estimular que o profesorado evite tratar de forma diferenciada a nenas e nenos por cuestión de xénero e que incentiven a participación por igual nas diferentes tarefas.	x	
Colaborar coas familias dándolles pautas e criterios para poner en práctica a eliminación de estereotipos sexistas		x
Realizar formación para o profesorado en coeducación: prevención da violencia de xénero y educación en igualdade.		x
Prestar atención por parte do profesorado a actitudes e comportamentos sexistas durante actividades deportivas e tempos de lecer.	x	
Establecer dentro dos plans do centro pautas a seguir para detectar e erradicar a violencia de xénero.		x
Realizar unha reflexión por parte do profesorado sobre o traballo da autonomía, iniciativa persoal e a autoestima como piares da formación de persoas críticas, autónomas e libres.	x	

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Garantir o respecto ás manifestacións de identidade de xénero que se realicen no ámbito educativo e o libre desenvolvemento da personalidade do alumnado conforme á súa identidade.	x	
Asegurar o respecto e a intimidade daquel alumnado que estea a realizar tránsitos de identidade.		
Prever actitudes ou comportamentos que impliquen prexuízos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.	x	
Guiar unha rápida detección e actuación ante situación discriminatorias e que atentan contra a diversidade.	x	
Favorecer a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á diversidade sexual e de xénero.	x	

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Potenciar a igualdade real de oportunidades e a eliminación de calquera tipo de discriminación.	x	
---	---	--

Familias: a participación presencial das familias estivo moi condicionada pola COVID, a pesar disto as familias participaron nas diferentes actividades como quedou descrito anteriormente.

- **Temporalización**

A temporalización das actividades realizadas quedou descrita anteriormente.

- **Metodoloxía**

Empregamos unha metodoloxía activa baseada nos intereses e necesidades do alumnado.

- **Recursos empregados**

Empregáronse recursos tecnolóxicos como cámara de vídeo, ipads, ordenadores, máquina de chapas,...., recursos humanos que agrupan a toda a comunidade educativa e recursos plásticos para a realización das diferentes actividades.

- **Avaliación e valoración**

Coa implementación do programa Iguála-T obtivéronse resultados moi positivos, na liña dos obxectivos presentados para o mesmo, así queda reflectido na avaliación recollida nesta memoria no apartado de actividades do profesorado.

- **Propostas de mellora**

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Establecer dentro dos plans do centro pautas a seguir para detectar e erradicar a violencia de xénero
- Colaborar coas familias dándolles pautas e criterios para poner en práctica a eliminación de estereotipos sexistas
- Realizar formación para o profesorado en coeducación: prevención da violencia de xénero y educación en igualdade

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ii) 03. Convive-T

Introducción

As actuacións levadas a cabo dentro do Programa Contratos-Programa Inclúe dende o apartado de Convive-T estiveron encamiñadas á mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

Plan de actuación

- Actividades. Centro, alumnado e familias.

No primeiro trimestre traballamos na identificación das incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa. Na promoción dun axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais entre todos os membros da comunidade educativa e mellorar a competencia social e cívica do noso alumnado. O establecemento de encargados e encargadas de aula determinados polas necesidades diarias e traballar e consensuar as normas para a convivencia dentro das aulas é importante para crear un clima agradable que favorece o bo entendemento e evitar conflitos.

De maneira transversal, todo o profesorado que impartimos na aula temos en conta a aprendizaxe en valores tanto a nivel curricular nas diferentes áreas como a nivel globalizado en canto a aprendizaxe e xestión de aspectos que nos atopamos na vida cotiá do noso centro.

Aspectos como a formación de grupos que favorezan un traballo cooperativo, onde tratamos de facer grupos heteroxéneos en canto sexo e niveis de aprendizaxe, tratando de aproveitar os puntos fortes de cada persoa e aprender a axudarse uns a outros, ademais de aprender a traballar en grupo con diferentes persoas e non sempre o mesmo grupo pechado.

Neste curso e segundo as medidas Covid nos ían deixando introducimos caixóns con materiais e xogos para cada espazo de recreo favorecendo así un abano de posibilidades de xogos para o tempo de lecer.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Creamos recantos acolledores, tipo faladoiros, nos corredores das diferentes plantas do centro para poder mediar e traballar a resolución pacífica de conflitos. Ademais de empregalos para resolver conflitos surxidos entre compañeiros e compañeiras da aula dunha maneira un pouco privada ou en pequenos grupos estes recantos tamén se empregaron nas horas de ler por diferentes grupos de alumnado para desfrutar da lectura nun espazo diferente á aula. Foron ben acollidos e valorados positivamente por todo o alumnado e mestres do centro.

Consideramos un pequeno tempo de reflexión, non máis de quince minutos, despois do recreo , para falar de como nos sentimos, como o pasamos..., puidemos avaliar así a cotío o ambiente na aula e ptopoñer melloras. Para facer esta reflexión preparamos unha infografía que repartimos en todas as aulas para ter un guión ou suxerencia de como se podería levar a cabo. Nas aulas de infantil non dou bo resultado, pois o alumnado é moi pequeno para poder reflexionar sobre o acontecido unha vez pasado un tempo e non nos pareceu favorable volver a recordar sucesos que os nenos e nenas xa teñen resoltos pois nestas idades a resolución de conflitos teñen que levarse a cabo no momento que suceden.

Nas aulas de infantil cambiamos a proposta da reflexión por outra máis axeitada, o Calendario das cousas bonitas onde a cada día da semana lle asignamos acción favorecedoras para a convivencia (dar un bico, apertas, saúdos...).

Participamos neste curso nos obradoiros ofrecidos polo concello sobre prevención de riscos e saúde mental e física. Nestes obradoiros tratouse a saúde tratando temas de alimentación, exercicio e a utilización das novas tecnoloxías cun enfoque integrador e boas practicas a favor da convivencia.

Obradoiros Prevención e saúde Tics :

24/11/21 Saúde mental e física.

01/12/21 Prevención no uso das TICS I

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

09/12/21 Prevención no uso das TICS II

Como en anos anteriores participamos no programa de Cinensino- Cinesaúde co visionado de películas onde traballamos mediante unha unidade didáctica proposta aspectos transversais relacionados coa convivencia (amizade, relacións sociais e familiares, respecto aos animais, tolerancia, empatía...) das persoas en diferentes situación e ámbitos . As películas deste curso foron:

1º Trimestre: Dora y la ciudad perdida

2º Trimestre: El mejor verano de mi vida.

3º Trimestre: Mi amigo Pony.

Solicitamos o Plan Director da Garda Civil e tivemos tres sesión nas que se trataron temas tan importantes como os riscos nas redes sociais e entornos virtuais, a violencia de xénero e o acoso escolar.

02/01/22 Entorno Virtual

01/04/22 Violencia de Xénero

01/06/22 Acoso Escolar

Levamos a cabo a proposta de adicar un tempo semanal nas aulas para os xogos de mesa como unha ferramenta que ademais de aportar coñecementos favorece a participación, as relacións de compañerismo, empatía, cunhas actividades lúdicas nun clima distendido onde cabe a aprendizaxe de habilidades sociais e cívicas.

Ademais participamos noutros obradoiros propostos dende outros programas como Iguálate, Edusaúde ou o Plambe nas seguintes datas.

Obradoiro Fake news Pingota 11/03/22

Atletismo divertido 5º e 6º 27/04/22

Obradoiros Ambientales: Refuxio Morcegos 11/05/22

Obradoiro de Igualdade: Con mucho gusto! 20/05/22

- **Temporalización**

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

As actividades e actuacións foron levadas a cabo durante todo o curso escolar e dalgunhas, tipo obradoiros e charlas, dimos conta das datas concretas da súa celebración no apartado de actividades levadas a cabo.

- **Metodoloxía**

A metodoloxía empregada incidiu no traballo de grupo, onde a reflexión e as asembleas para falar e tratar situacións que se dan no día a día na convivencia. a escoita activa nos diferentes obradoiros e a participación activa foi moi importante así como o traballo cooperativo e colaborativo en diferentes grupos.

- **Recursos empregados**

Os recursos empregados foron moi variados:

Mobiliario para diseñar e crear os faladoiros en cada planta do edificio.

Elaboración de infografías guía para a reflexión do recreo e material funxible para o calendario das cousas bonitas para educación infantil.

Xogos de mesa para diferentes xornadas escolares.

Películas empregadas nas sesións de Cine e Saúde.

Obradoiros prevención.

Plan director da garda civil.

- **Avaliación e valoración**

A avaliación do Contrato- Programa Convíve-T foi moi positiva para o centro, o alumnado e os mestres mostraron un bo nivel de implicación e participación en todas as propostas.

- **Propostas de mellora**


Para o próximo curso a proposta sería continuar coas accións levadas a cabo este curso que tiveron boa acollida como os faladoiros e as diversas charlas e obradoiros e tratar de implementar un tempo semanal para xogos grupais que axuden a crear un bo clima de aula e relaxar tensións nos casos de conflitos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe de
Centieiras

R/Centieiras, s/n - Perlió
15500 Fene - A Coruña
Tel. 881 950 154
ceip.ascentieiras@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcentieiras>



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

b) Contratos-Programa Innova

i) 01. EDUinnova. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente

Introducción

O CEIP Plurilingüe de Centieiras é un centro activo e en constante búsqueda da innovación, no que toda a comunidade educativa se implica para mellorar a calidade da educación que se imparte no mesmo.

Como resposta aos novos retos que se plantexan na sociedade debemos ir cambiando o noso centro e o noso xeito de presentar a aprendizaxe ao alumnado co fin de achegarlle ferramentas necesarias para afrontar os desafíos do mundo actual; non no sentido de saberes estancos, senón como competencias que posibilitan o desenvolvemento de novas capacidades, coñecementos, estratexias, capacidades e actitudes que lles permitan acadar o pleno persoal e social e continuar aprendendo ao longo de toda a vida.

Co fin de acadar este cambio no noso centro, este curso 2021-2022 participamos no Contrato Programa Innova dentro da modalidade EDUinnova.

Plan de actuación:

- Actividades. Centro, alumnado e familias.

Durante o mes de setembro habilitáronse 3 aulas para tal fin, as cales, no tempo que non era de ambientes foron empregadas polos niveis correspondentes para desenvolver as actividades propias da titoría ou as especialidades.

Coa creación e establecemento destes novos espazos educativos perseguimos promover e fortalecer a aprendizaxe competencial, é dicir, de

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

todas aquelas competencias que o neno e nena emprega tanto a nivel cognitivo como social co fin de favorecer o seu desenvolvemento integral.

Os ambientes creados foron:

- O AMBIENTE DE NATUREZA (ubicado na aula de 5º de EI). Ambientada con espazos e zonas de traballo dirixidas a traballar os contidos máis relacionados coa segunda área de coñecemento do currículo da etapa, a área de Coñecemento do contorno. En todos os espazos que conforman este ambiente de Natureza os nenos e nenas atopan materiais e propostas de actividade acordes coa temática do ambiente así como unha zona de xogo simbólico (a tenda) , unha de descanso e outra adicada ao traballo de aspectos da vida práctica con tarefas que dun xeito ou outro non deixan de estar relacionadas coa temática do ambiente (trasvases de líquidos, sólidos, pesa de cantidades,....)
- O AMBIENTE DE VERBAS (situado na aula de 4º de EI). Nela os espazos e zonas de traballo están conformados por materiais e recursos máis dirixidos a traballar contidos máis propios da terceira área de coñecemento (coa área de linguaxes, máis concretamente cos relacionadas coa lectoescritura e expresión oral). Neste ambiente tamén temos un espazo adicado ao xogo simbólico (a casiña) , outro á vida práctica (coidado, aseo e vestido de bebés) e unha zona de descanso (a biblioteca e cama Montessori); zonas todas elas que nos permiten traballar dun xeito globalizado contidos propios tanto da terceira área como da primeira.
- O AMBIENTE DE ARTE (atpámolo na clase correspondente coa titoría de 6º de EI). Este ambiente integrou espazos e materiais dirixidos, principalmente a fomentar a creatividade e imaxinación do alumnado, a súa aproximación ao mundo cultural e artístico, a exploración e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

descubrimiento de distintas obras plásticas, materiais, técnicas plásticas,..... contidos relacionados tamén co mundo musical e co mundo arquitectónico. Dentro deste ambiente, como nos outros dous, tamén se contou cunha zona de descanso, un espazo adicado ao xogo simbólico (os disfraces con carácter anual, a perrucaría, no primeiro trimestre, o hospital no segundo e o dormitorio no terceiro), á vida práctica (lavado de roupa, dobrado, tendido, facer a cama,) e unha zona de descanso (con libros de arte, equipo de música,.....).

No momento da súa creación e deseño buscamos que pasasen a ser espazos non só de aprendizaxe, senón tamén de relación e comunicación onde a partir de diferentes propostas as nenas e nenos poidesen actuar, observar, experimentar, construír, inventar, imaxinar, compartir, relacionarse, emocionarse e interactuar cos demais. Zonas que ademais deran resposta aos intereses e necesidades do alumnado e respectasen os distintos ritmos de aprendizaxe.

Dentro de cada ambiente o alumnado movíase de xeito libre e totalmente autónomo entre as distintas propostas de actividade e materiais presentados. Cada quen escollía o que facer en cada momento dentro do espazo segundo as súas necesidades e intereses, así como o tempo que destinaba a cada tarefa,

O docente tan só era un guía do proceso. Presentaba algunhas das propostas e era principalmente observador. En todo momento, tratou de respectarse os ritmos, estilos de aprendizaxe e necesidades individuais do alumnado, buscou que os materiais e espazos fosen o suficientemente flexibles e estiven o suficientemente coidados para que poidesen chegar a todos e dar unha resposta o máis rica posible á diversidade e deixou que nenas e nenos eles tivesen un papel activo, experimentasen, buscasen respostas, investigasen,

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

poidesen facer, comunicasen,... en definitiva fosen libres e desenvolvesen unha aprendizaxe o máis vivencial e significativa posible.

Todo o equipo de Educación Infantil implicouse activamente na implantación desta nova metodoloxía. Xunto co deseño, creación, busca e adquisición de novos materiais e recursos, organización, decoración e ambientación dos novos espazos que conformaron os ambientes, asistiron a varias formacións para ampliar os coñecementos sobre o tema, visitaron outros coles nos que xa estaba instaurada de anos atrás esta metodoloxía, intercambiaron experiencias e información con outros docentes...

As familias do alumnado de Educación Infantil tamén tiveron un importante papel neste cambio, en canto participaron activamente nos talleres organizados desde o centro para a preparación, restauración e creación de materiais e espazos, doaron materiais que xa non empregaban ou estaban deteriorados para darlles un novo uso, aportaron ideas, colaboraron sempre que foi preciso.

- **Temporalización**

As actividades e actuacións foron levadas a cabo durante todo o curso escolar. O traballo máis duro de deseño, preparación, ambientación e dotación de mobiliario e materiais das aulas destinadas aos ambientes de aprendizaxe realizaouse ao longo do mes de setembro. Ao longo do curso seguíronse habilitando e dotando os espazos dos recursos precisos.

Foi no mes de outubro cando se arrincou con esta nova metodoloxía de traballo.

Os días destinados ao traballo por ambientes foron os martes, os mércores e os xoves. De 9:50 a 11:00 horas aproximadamente, os nenos e nenas de cada nivel foron ao ambiente que lle tocaba ese día. O resto da xornada era

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

para traballo da titoría ou especialidades. Os luns e venres non fixemos traballo por ambientes porque estaban adicados aos talleres interactivos coas familias, e ao traballo en proxectos.

Co fin de garantir as medidas sanitarias e de cumprir o portocolo covid as nenas e nenos movíanse polos ambientes por cursos e non de forma libre.

- **Metodoloxía**

A metodoloxía empregada no traballo por ambientes foi unha metodoloxía globalizadora e activa, que buscou crear un clima e un contexto de aprendizaxe que propiciase a actividade libre, a investigación, a aprendizaxe e o desenvolvemento de capacidades e competencias no alumnado.

Co fin de garantir un bo clima de aprendizaxe os ambientes foron creados coidando moito a súa estética, o sentido da orde dos materiais e espazos así como a súa beleza e estética. Así mesmo, buscamos que dispuxesen de mobiliario e recursos flexibles para favorecer o pensamento diverxente e creativo, que promovesen a autonomía do alumnado e ofertasen diversidade de materiais sen caer na trampa da masificación; materiais que xeneran múltiples formas de acción e pensamento.

En todo momento, tratou de respectarse os ritmos, estilos de aprendizaxe e necesidades individuais do alumnado. De que todas as propostas, materiais e espazos fosen o suficientemente flexibles e estiven o suficientemente coidados para que poidesen chegar a todos e dar unha resposta o máis rica posible á diversidade.

Dentro de cada un dos ambientes buscou que os nenos e nenas fosen os verdadeiros protagonistas da súa aprendizaxe. Que eles tivesen un papel activo, experimentasen, buscasen respostas, investigasen, poidesen facer,

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

comunicasen,... en definitiva fosen libres e desenvolvesen unha aprendizaxe o máis vivencial e significativa posible.

Ademais, esta metodoloxía de traballo propiciou o traballo e desenvolvemento cotiá de moitos valores que foron aparecendo e xurdindo como resultado da súa convivencia, interacción e traballo en equipo. Valores como o respecto (tanto de espazos e materiais como dos iguais), a escoita, a empatía, a tolerancia, a axuda mútua, a convivencia, a aceptación da diversidade, a orde,

- **Recursos empregados**

Recursos humanos: como recursos humanos contamos coa implicación de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias).

Recursos espaciais: tres aulas de infantil (a aula de 4º de EI onde se creou o ambiente de Verbas, a aula de 5º EI na que se localizou o ambiente de Natureza e a aula de 6º de EI que foi o ambiente de Arte) .

Recursos materiais: contamos co presuposto do contrato programa para poder mercar algún mobiliario e materiais empregados nos ambientes:

- Mobiliario
- Material decorativo
- Materias primas para a creación e elaboración de recursos.
- Recursos didácticos.

Xunto con eles tamén poidemos habilitar, ambientar e dotar os espazos dos medios e materiais necesarios grazas ás doazóns feitas polas familias e a todos os recursos creados nos ambientes polas mestras ao fronte.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Avaliación e valoración

A avaliación da modalidade EDUinnova foi moi positiva para o centro.

Coa implantación desta nova metodoloxía poidemos observar no alumnado que o seu grado de motivación foi alto e mantívose ao longo do curso. Grazas ao traballo por ambientes nenas e nenos son os verdadeiros protagonistas do proceso de ensinanza; un elemento activo que constrúe a súa propia aprendizaxe mediante a observación, a investigación, a imaxinación, a interacción, a creación, a emoción,...

O nivel de interacción entre o alumnado tamén mellorou de forma moi positiva. Pois agora observamos que entre eles xorden, de xeito espontáneo, ocasións de traballo entre iguais, resolución de tarefas e propostas por agrupamento de pequeno grupo, traballo por parella educativa e mesmo tutoría entre iguais.

O nivel de relación entre o docente e o alumnado tamén se veu afectado moi positivamente con esta nova forma de traballo. Agora as maestras teñen un novo rol dentro do proceso educativo; o de guías e acompañantes que favorecen a aprendizaxe experimental dos nenos e nenas así como a súa capacidade de decisión. Teñen unha actitude de escoita activa cara eles, están dispoñibles para as súas necesidades, confían neles e respetan os seus momentos e procesos. Eles organizan a súa actividade de forma libre e autónoma usando os materiais e recursos que consideran precisos en cada momento. Tratan de experimentar e resolver problemas por eles mesmos. En definitiva, son nenas e nenos moito máis autónomos.

O nivel de participación e coordinación entre o equipo de Educación Infantil foi moi bo. Todos estiveron implicados neste cambio, axudáronse, apoiáronse e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

realizaron un traballo conxunto moi bo co que se están acadando resultados moi satisfactorios.

A avaliación do grao de consecución dos obxectivos plantexados a comezo de curso así como a mellora do clima da aula e dos niveis de cooperación, integración, participación, motivación e aprendizaxes adquiridas do alumnado foi moi boa. Mais observouse que dentro dos ambientes o profesorado centrouse máis na avaliación dos obxectivos fixados para o nivel que na avaliación das competencias propiamente ditas. Nos seguimentos de control do alumnado realizados, a pesares de haber moita observación por parte dos docentes e intercambio de información, non acabaron de estar ben reflexadas.

- Propostas de mellora

Para o próximo curso as propostas de mellora do programa van encamiñadas a:


- Dispor de maior dotación económica co fin de adquirir o mobiliario e materiais que faltan na equipación das aulas.
- Formación para o profesorado que responda ás necesidades que este ten.
- Formación para as familias sobre esta nova metodoloxía de traballo que acabamos de implantar.
- Implantar, de cara o vindeiro curso, a circulación nos ambientes por agrupamentos verticais.
- Ampliar o tempo destinado ao traballo por ambientes co fin de que pase a desenvolverse durante as tres primeiras sesións da xornada (de 9:00 a 11:30).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe de
Centieiras

R/Centieiras, s/n - Perlió
15500 Fene - A Coruña
Tel. 881 950 154
ceip.ascentieiras@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcentieiras>



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

ii) EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables

Introducción

Co CP EDUsaúde preténdese converter ao noso centro nun centro dinamizador de hábitos de vida saudables co fin de mellorar a calidade de vida do noso alumnado. A dinamización das actividades enfocouse en torno a dous ámbitos diferentes:

- **Ámbito alimenticio:** fomentando a alimentación saudable do alumnado.
- **Ámbito motriz:** aumentando o cómputo de horas que o alumnado adica á práctica de actividade física.

Plan de actuación

- Actividades

As actividades no **ámbito alimenticio** foron as seguintes:

- **Parvas saudables:** establecéronse parvas saudables para os 5 días, con diferentes propostas para cada día (Dous días lácteos, dous días froita e un día bocadillo)
- **Retos relacionados coa alimentación saudable** como: prato Harvard, pirámide alimenticia e deseño de menús saudables. O alumnado tiña que visualizar unha presentación cunha introdución sobre o tema, logo buscar información para poder finalmente resolver o reto.

As actividades no **ámbito motriz** foron as que seguen:

- **Activación:**
 - Desenvolveuse en E.I o Método Doman (desplazamentos, equilibrio e braquiación) durante os 10-15 primeiros minutos de cada xornada lectiva. As actividades de desplazamentos e equilibrio foron variando e aumentando de nivel a medida que avanzou o curso.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- En E.P desenvolveuse un Programa de Activación diario, os primeiros 10 minutos de cada adicábanse a este. Consistiu en actividades motrices de condición física, de coordinación, de habilidades motrices básicas e de ritmo. Todas as actividades tiñan un plantexamento lúdico e atractivo para o alumnado. Recurrimos ao uso das Tic para a implementación deste Programa. As actividades compartíronse por medio dun Symbaloo na páxina web do colexio, concretamente no blogue de E.F "O Furancho da E.F" Estas actividades estaban clasificadas en bloques correspondentes aos diferentes ciclos de E.P.
- Leváronse a cabo actividades de **relaxación** ao chegar do recreo, tanto en E.I como en E.P : ioga, mindfulness, control da respiración, As propostas plantexadas compartíronse tamén no Symbaloo e estaban clasificadas en nos seguintes bloques: relaxación para infantil, relaxación para os primeiros cursos de E.P e relaxación para os cursos altos de E.P.
- Desenvolveuse a **Milla Diaria** (1 vez a semana cada curso) Previamente acordouse o percorrido a realizar polo patio e zona verde do colexio, tamén se estableceron as quedas de cada curso. A distancia do percorrido adaptouse ás características e nivel de cada curso. Comparteuse no blogue de E.F unha foto aérea do percorrido e o horario das quedas.
- Realizáronse algunhas **actividades na natureza** como: orientación con brúxula, xogos populares e tradicionais na zona verde do centro, camiñatas ata praza do Concello e ata museo do Humor, orientación con plano na zona verde,...
- Participamos no **concurso "Coreografíate"** coa montaxe dunha coreografía cunha canción en galego (Figa, de Tanxugueiras) Na Coreografía fusionamos diferentes estilos de baile: folclore galego, contemporáneo, acrobacias e flamenco.



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Realizamos numerosas coreografías para diferentes eventos ao longo do curso: Coreografía de flashmobe para o 25N, coreografía para o 8M e coreografía de muiñeira para o Día das Letras Galegas.
- Participamos na **Milla Deportiva** do concello de Fene (actividade proposta polo concello) e tamén en **Atletismo Divertido** (actividade enmarcada dentro de Xogade)
- Levamos a cabo o Programa de **Tenis na escola**, no cal a **Federación Galega de Tenis** cedenos material (raquetas e pelotas) Aproveitamos a cesión deste material para desenvolver unhas sesións de iniciación ao tenis contando coa axuda do adestrador do **clube de tenis "Justo al revés"**.
- **Día do Deporte e Día da E.F**: fixéronse xogos cooperativos e con paracaídas no exterior e tamén deportes alternativos e coeducativos, detacando a súa importancia dentro da E.F actual.
- Para o traballo do equilibrio instalouse unha cinta de equilibrio na zona verde do patio ("**Slakeline**")
- **Instalación dun rocódromo** nunha das paredes exteriores do centro. Coa súa instalación buscamos fomentar hábitos positivos hacia o movemento nas horas do recreo, hábitos de superación e esforzo ante problemas ou retos motores,... convertendo ese espazo "morto" nun espazo útil e lúdico para a práctica de actividade física.
- **Dinamizáronse os espazos de recreo**. Primeiramente establecéronse diferentes zonas de recreo, donde iban rotando os diferentes cursos. Dotouse a cada espazo de diversos materiais, axeitados as características de cada un. Estes materiais almacenáronse en caixas. Establecéronse encargados de sacar e recoller cada caixa dos diferentes espazos. Cos materias propostos pretendeuse ofrecer un amplo abanico de alternativas de xogo ao alumnado. A mediados de curso renováronse algúns dos materias das caixas, prestando atención ás demandas feitas polos alumnos.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Centro

O centro foi un verdadeiro dinamizador de hábitos saudables. Tras a reunión de comezos de curso para explicación e posta en marcha das actividades, a implicación da comunidade educativa foi moi fructífera.

A implicación e cooperación de todo o profesorado foi un dos principais valores de desenvolvemento, cumprimento e éxito do Programa.

As actividades propostas foron expostas no blogue de E.F "O Furancho da E.F"

Traballouse interdisciplinarmente con outras áreas, especialmente con CCNN no que se refire a alimentación saudable (parvas, pirámide alimenticia, prato Harvard, menú saudable e tipos de alimentos,...) e coñecemento do corpo (músculos e ósos implicados no movemento) , tamén coa área de CCSS a través do traballo de tradicións e costumes (xogos populares) e tamén con matemáticas (planos, medición de distancias, orientación, medida do tempo, toma de pulsacións,...)

Coas actividades e propostas sacouse partido tanto dos recursos do propio centro como dos recursos da contorna (espazos verdes, praza do concello, pista polideportiva, parques,...)

- Alumnado

- Un amplo porcentaxe de alumnado mellorou a súa competencia motriz: mellorou condición física, coordinación e ritmo, xa que as actividades iban encamiñadas á mellora motriz global do alumnado.

- O grado de motivación do alumnado foi alto na maioría das propostas e mantívose ao longo do curso. A actividade na que o alumnado foi perdendo motivación foi a milla, xa que resultaba máis monótona.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Todo o alumnado do centro participou nas propostas e disfrutou en gran medida delas. Obtiveron gran éxito as propostas de activación tanto en E.I (Método Doman) coma en E.P (actividades recollidas no Symbaloo) Houbo un gran éxito co plantexamento das parvas, xa que a gran maioría do alumnado respetounas diariamente ao longo de todo o curso.
- Coas propostas de alimentación saudable e coas propostas motrices consideramos que o alumnado mellorou os seus hábitos de vida saudable e tomou conciencia sobre a súa importancia.
- O alumnado incrementou o cómputo de horas adicadas a actividade física, xa que se implementaron 10 minutos á entrada, o tempo dos recreos, 10 minutos á volta do recreo para a relaxación e un día á semana para a milla.
- **Atención á diversidade:** as actividades estaban adaptadas a diferentes niveis motrices, o cal nos permitiu atender ás diversas necesidades do alumnado.

- Familias

- As familias participaron e implicáronse nas actividades que así o requeriron e o seu grado de satisfacción foi bo.
- O cumprimento das parvas saudables foi moi exitoso e niso ten moito que ver o papel desenvolvido polas familias.

- Temporalización

A planificación do Programa comezou no mes do outubro. Unha vez que as propostas de actividades estaban clarificadas e deseñadas, a posta en marcha do Programa comezou no mes de decembro e continuou ata o mes de xuño.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Houbo actividades fixas que se mantiveron ao longo do curso escolar e outras que se desenvolveron en momentos puntuais.

- Actividades fixas ao longo de todo curso escolar: parvas saudables, activación, relaxación e milla diaria e dinamización de espazos de recreo.
- Actividades puntuais: retos saudables, coreografías, xogos na natureza, participación en actividades exteriores ao centro, tenis na escola, escalada horizontal en rocódromo ...
- **Metodoloxía**

A metodoloxía empregada foi unha metodoloxía principalmente lúdica, xa que buscamos a maior implicación do alumnado; a condición para aprender é querer, polo tanto, nada como o xogo para unha aprendizaxe significativa. **O xogo** foi por tanto o eixo central da metodoloxía, pero tamén empregamos **metodoloxías activas** e que implican ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, como a **resolución de problemas** (resolver retos saudables propostos, resolver actividades de orientación,... seguindo o esquema de: disonancia cognitiva-investigación- descubrimento). Tamén se empregaron: **asignación de tarefas** (circuitos de activación) **gamificación** (proposta lúdica con superación de niveis e obtención de recompensas) **aprendizaxe cooperativo** (montaxe de coreografías para o concurso “Coreografíate” e para outras datas como 25N, 8M e Letras Galegas) **mando directo modificado** (percorrido da Milla Diaria, donde cada alumno podía adaptar o percorrido ao seu nivel de execución e destreza) e **creatividade** (considerado o nivel menos directivista na progresión metodolóxica, e o cal empregamos en diferentes tarefas e actividades do Programa: deseño de pratos Harvard, deseño de menús saudables, deseño de pasos innovadores para as diferentes coreografías, uso dos materiais dos materiais do recreo para crear novas actividades,...)

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- Recursos empregados

- **Recursos humanos:** como recursos humanos contamos coa implicación de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias)
 - **Recursos espaciais:** os propios do centro e os dos arredores (aulas, corredores, pista polideportiva, ximnasio, espazos verdes do centro, espazos do recreo, espazos da contorna como praza do concello, ...)
 - **Recursos económicos:** contamos co presuposto do contrato programa e a maiores con certo presuposto do centro.
- Colchoneta ximnasio: 60,50 euros
 - Compresor ximnasio: 59,90 euros
 - Material para Método Doman (pasillos con pezas encaixables: un pasillo recto e outro curvo; pedras de río para equilibrio): 139,90 euros
 - Goma elástica para saltos e xogos populares: 7,50 euros
 - Agullas inflador: 2,99 euros
 - Xogo xigante para actividades motrices: 50,98 euros
 - Rocódromo (deseño, material e montaxe/anclaxe): 1.615,59 euros.
- ### - Avaliación e valoración

- As actividades propostas facilitaron a cooperación e bos valores entre o alumnado.

- As familias cooperaron nas actividades que se lles plantexaron (alimentación saudable e retos saudables)

- Tras a reunión de comezos de curso para explicación e posta en marcha das actividades, a implicación da comunidade educativa foi moi fructífera.

- O alumnado disfrutou e implicouse nas actividades amosando un bo grado de satisfacción coas mesmas.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

- As actividades na natureza foron ben recibidas e acollidas polo alumnado.
- Informouse ás familias das diferentes propostas deportivas e actividades deportivas da contorna: tenis, atletismo,...
- Coas actividades e propostas sacouse partido tanto dos recursos do propio centro como dos recursos da contorna (espazos verdes, praza do concello, pista polideportiva, parques,...)
- O alumnado tomou conciencia da importancia dos hábitos saudables e da importancia da súa adquisición para obter unha boa saúde e calidade de vida.
- A valoración ao longo do curso, nas diferentes reunións e sesións de avaliación realizadas, foi positiva por parte de todos os cursos.
- En xeral, a avaliación do Contrato Programa é positiva e cun alto grado de participación, interese e participación por parte de todo o centro educativo.

- Propostas de mellora

As propostas de mellora do Programa enfócanse cara aos cambios na:


- Milla Diaria, xa que ao ser unha actividade máis monótona, resultou ser tamén a que perdeu máis interese e motivación por parte do alumnado. Existen múltiples opcións de traballo da resistencia, que poderíamos propoñer como alternativas de cara ao curso que vén: Entrenamiento Total (Raoul Mollet), Método Natural (George Hébert) ou Interval training Workout (proposta de circuito ao aire libre, utilizando recursos do espazo verde do centro e tamén o rocódromo)
- Participación do alumnado no deseño de propostas: facer cómplice ao alumnado no deseño e elaboración de propostas lúdicas, que sexan do seu agrado e interese (este curso buscouse implicación, pero coido que aínda poderían aportar máis xa dende o comezo de curso)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Plurilingüe de
Centieiras

R/Centieiras, s/n - Perlió
15500 Fene - A Coruña
Tel. 881 950 154
ceip.ascentieiras@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcentieiras>



MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

c) Contratos-Programa Recupéra-T: ARCO

1.- Introducción

Os niveis educativos beneficiarios foron un grupo de 4º de Educación Primaria e dous grupos de 5º de Educación Primaria; un total de 13 alumnos/as: 6 alumnos/as en 4º e 7 alumnos/as entre os dous grupos de 5º (un con ACS).

As materias ou áreas obxecto de reforzo foron as seguintes:

- Lingua e literatura castelá
- Lingua e literatura galega
- Matemáticas.

2.- Grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos.

- Apoiar ao alumnado para a mellora do rendemento académico. Adquirido.
- Mellorar o éxito escolar. En desenvolvemento debido á curta duración do programa.
- Xerar un clima de aprendizaxe que favoreza o traballo cooperativo. Adquirido.
- Diminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar obxectivos de nivel. En desenvolvemento, consideramos que o programa debería durar máis de xeito que o alumnado puidera continuar recibindo o apoio/reforzo desta mestra de cara ao segundo e o terceiro trimestre.
- Xerar contornas que favorezan a interacción, o traballo colaborativo e a aplicación de metodoloxías cooperativas, individualizadas, activas, flexibles e participativas que melloren o desenvolvemento das competencias clave do alumnado. En desenvolvemento, en media xornada o tempo faise moi escaso para poder conseguir que o

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

alumnado que precisa ese reforzo poida acadar o suficiente desenvolvemento das competencias clave.

- Desenvolver modelos curriculares máis interdisciplinarios e participativos. Adquirido.
- Impulsar a aplicación de cambios organizativos e metodolóxicos que permitan o seguimento personalizado das súas competencias. Adquirido.
- Reforzar mediante apoios o uso de metodoloxías activas e participativas, así como a aplicación de medidas organizativas do alumnado que presenta especial dificultade en competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia en aprender a aprender e competencias sociais e cívicas, ou presente áreas non superadas de cursos anteriores, prioritariamente as de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e matemáticas, ou que precise medidas de inclusión e axustes educativos dentro da aula ordinaria. Adquirido.

3.- Porcentaxe de mellora nas competencias do alumnado beneficiario do programa.

3.a) Porcentaxe de mellora na competencia no ámbito científico-matemático e/ou socio-lingüístico do alumnado beneficiario do programa (1-100)

Máis do 90% superaron estas competencias, un alumno non supera a competencia no ámbito socio-lingüístico.

3.b) Porcentaxe de alumnado implicado que aproba as materias obxecto do reforzo na primeira avaliación (1-100)

O 90% do alumnado (12 alumnos/as) supera todas as materias obxecto do reforzo: áreas de lingua e literatura castelá, lingua e literatura galega e

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

matemáticas. O 10% (1 alumno) non aproba as áreas de lingua e literatura castelá e lingua e literatura galega.

4.- Grao de satisfacción co programa desenvolto.

4.a) Grao de satisfacción do centro educativo e docentes implicados.

O centro educativo está moi satisfeito co programa desenvolvido, aínda que considera que o programa debería desenvolverse ao longo de todo o curso e que o/a docente tivera xornada completa para acadar os obxectivos propostos.

4.b) Grao de satisfacción do alumnado e familias.

As familias acolleron de bo grado a participación dos seus fillos/as neste programa, están moi satisfeitas pois viron os logros acadados por eles/elas neste trimestre.

4.c) Grao de implicación e motivación do alumnado.

O alumnado sempre estivo moi motivado, implicouse moito no desenvolvemento das tarefas e das actividades propostas neste programa.

5.-Organización do reforzo e metodoloxía.

O reforzo foi desenvolvido dende a metade do mes de outubro ata o final do trimestre en tres aulas, concretamente nos niveis de 4º, 5ºA e 5ºB de educación primaria.

Foron un total de doce sesións e media a semana distribuídas en tres días (mércores, xoves e venres) e co seguinte reparto en función das necesidades e priorizando as materias instrumentais básicas: catro sesións en 4º, cinco sesións en 5ºA (hai un alumno con ACS) e tres sesións e media en 5ºB.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

Exceptuando tres sesións e media (que se explicarán a continuación), todas as sesións foron levadas a cabo dentro da aula ordinaria realizando as mesmas tarefas que o resto do alumnado pero cun apoio máis individualizado. A metodoloxía aplicada foi a do docente da materia.

- 4º EP: dúas sesións fóra da aula onde se levou a cabo un enriquecemento curricular co alumnado diagnosticado con altas capacidades.
- 5ºA de EP: unha sesión de matemáticas desenvolveuse fóra da aula cun alumno con Adaptación Curricular Significativa para levar a cabo unha aprendizaxe máis personalizada. Nesta sesión incidíuse na comprensión e na resolución de problemas, memorización da táboa de multiplicar, colocación correcta das operacións...
- 5ºB de EP: media sesión fóra da aula na que se traballou cun alumno con dislexia e as conseguíntes dificultades na comprensión lectora. Nesta sesión realizáronse tarefas para traballar a conciencia léxica, a comprensión lectora, a localización de palabras mal escritas nun texto, a creación de composicións escritas de elaboración propia sobre as súas mascotas...

En canto á metodoloxía, baseámonos nunha atención individualizada adaptándonos aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a. Así mesmo, na medida do posible, e sobre todo nas sesións dedicadas ás materias das linguas, intentouse fomentar a participación activa dos nenos e nenas, potenciando a expresión oral e a escrita, o debate e as postas en común nas que expoñían as súas opinións e respectaban as dos demais, facéndoos así partícipes da súa aprendizaxe.

6.- Coordinación docente: desenvolvemento e efectividade.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

A coordinación docente fíxose con éxito e levouse a cabo en diferentes reunións:

- Reunións co departamento de orientación levadas a cabo todos os venres na hora de ler para facer un seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e de ser o caso, propoñer modificacións.
- Reunións dos equipos de coordinación docente: formaba parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e do equipo do segundo ciclo de primaria.
- Reunións de claustro.
- Reunións informativas e de organización de todo o profesorado.

Todas estas reunións desenvolvéronse os martes pola tarde por videoconferencia a través da plataforma Webex.

A coordinación dentro da aula tamén foi satisfactoria, a maioría das docentes anticipábanme os contidos ou as actividades a realizar dentro da aula así como tamén contaban coa miña opinión. Por outra banda, o estar dous ou dúas mestres/as dentro da aula fixo que a aprendizaxe fora máis individualizada, personalizada e efectiva, e así poder atender a un maior número de alumnos/as á vez ou mesmo á hora de planificar pequenos grupos de investigación para realizar proxectos.

7.- Avaliación: indicadores de avaliación do programa, ferramentas empregadas e resultados obtidos.

O principal método de avaliación levado a cabo foi a observación directa e sistemática, utilizando como ferramenta principal e esencial o diario de campo. Mediante esta técnica foi posible obter información sobre a evolución

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

e progreso do alumnado, ao ir anotando nel o proceso de desenvolvemento de cada unha das sesións efectuadas.

Neste pouco tempo, xa que o programa comezou a mediados de outubro e rematou coas vacacións de Nadal en decembro, observouse un avance cualitativo e cuantitativo por parte do alumnado, xa que, ao ter un apoio constante na aula para resolver dúbidas, centrar a atención, axudar na comprensión... os resultados acadados foron satisfactorios.

A avaliación do alumnado levada a cabo polos docentes da área céntrase en probas obxectivas, na observación directa e nas producións orais e escritas dos discentes. Cos resultados obtidos nestas avaliacións concluímos que o programa foi positivo dado que máis do 90% do alumnado logrou superar as materias obxecto de reforzo deste programa (matemáticas, lingua e literatura castelá e lingua e literatura galega).

8.- Modificacións con respecto ao programa.

Cabe destacar que un dos alumnos que en principio formaba parte do programa non dispuxo de autorización por parte da familia polo que finalmente non foi incluído no mesmo.

Consideramos tamén que para poder acadar a totalidade de mellora no alumnado participante neste programa, a docente que o leva a cabo debería ter xornada completa no centro, e non media xornada como tivo; de ser xornada completa quedarían cubertas todas as necesidades do alumnado nas áreas obxecto de aplicación do programa.

9.- Propostas de mellora.

Son varias as propostas a engadir de cara á mellora do programa. Deste modo, e tal como recolle o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

establece o currículo da Educación Primaria, consideramos que sería positivo que o funcionamento deste programa fora ampliado ao resto de cursos da etapa educativa, de cara á prevención de dificultades e á identificación temperá das mesmas. Salientamos tamén que a iniciativa debería ser levada a cabo durante todo o curso escolar e non só parte del, defendo a necesidade e a positividade da súa continuidade no próximo curso académico, aproveitando ao máximo os recursos dos que se poida dispoñer, garantindo así unha maior calidade educativa e éxito escolar.

MEMORIA FINAL CURSO 2021/2022

19. Aprobación en claustro e consello escolar

Esta memoria anual foi presentada ao claustro de profesorado e aprobada polo consello escolar en sesións ordinarias celebradas o día 28 de xuño de 2022.

Fene, 28 de xuño de 2022

Vº e Pr,

A directora

A secretaria

Iria González Grande

Romero

Sabela Paz